Public. DIÁRIA 30

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 259 ● 6 DE DECEMBRO DO 1984 ● 75 PTA.

BIBLIOTECA DE GALICIA

Fotos: Eugenio Rodríguez

A Folga Xeral non só viu motivada pola reconversión naval. O paro crecente en todos os sectores, os problemas que lle esperan ao agro coa entrada na CEE, etc.. levaron á folga a milleiros de galegos, nas catro províncias.

A policia non pudo impedir que a folga se estendese por toda Galiza

Xornada do Humor

De parola cos donos de "Can sen Dono" e criación do primeiro museu do humor

Editor e director de "Can sen Dono" cóntannos a história e as perversas intencións da única revista galega de humor. Tamén nos din como é, se é, o humor no noso país, explicándonos además porque fan chistes e non outras cousas.

Por outra banda infórmase da inauguración en Fene do primeiro museu do humor, asi como das xuntanzas de humoristas que nesa localidade se celebrou.

Páxina 19

A morte de Santi Brouard

O dia que chorou Euskádi

(Páx. 15)

Despois de Argala e Telesforo Monzón, Santi Brouard foi o abertzale que maiores simpatias alcanzou entre a povoación basca. O seu asesinato foi un dos últimos golpes sofridos por HB. Segundo diversos meios, as movilizacións que seguiron á sua morte demostrarian, porén, que o movimento abertzale está a atravesar o momento máis forte desde o 1979.

Uruguai despois das eleicións

Uruguai sai recén do duro tránsito da dictadura. 13 anos de tortura, desaparicións, un inmenso exílio político e económico,... Os militares aínda coa represión non apagarona capacidade do povo oriental. Neste número dous militantes do Frente Amplio, que están no exílio, analizan o Uruguai de onte e a nova realidade política saida das eleicións.

Nas mesmas páxinas Mario Benedetti, escritor e intelectual uruguaio, dá a sua opinión sobre os recén celebrados comícios.

Páxinas centrais

BIBLIOTECA DE GALICIA

Ramón Faraldo, crítico de pintura, guionista de cine, xornalista,... aventureiro

(Páxina 7)

editorial

Edificar sobre os conflitos

As duas semanas finais do mes de santos foron pródigas en conflitos. As páxinas deste periódico son un bon testemuño desa realidade: enfrentamentos proletariado-Estado pola reconversión naval, resisténcia dos campesiños ameazados de desafiuzo nas Enchousas, oposición de intereses obreiros-patróns en várias factorias, multinacionais contra pequenas empresas na Coruña, amarre de barcos por falta de caladeiros, aviso á pequena empresa familiar agrária ante as concesións do MEC cos seus produtos (o leite en primeiro lugar). Galiza, enfin, máis "periferisada", se cabe, no reparto de bens disposto polos poderes dos centros económicos.

Isto sucede ao modificarse as técnicas produtivas que se suman á constante redistribución de espácios própria dun período de certa fluidez que afonda ou ergue a función das áreas económicas: Galiza sofre un acoso grave que intenta situala como zona de aprovisionamento de matérias primas e de man de obra e que obstaculiza o seu camiño cara espacios máis desenvolvidos.

A folga do dia 29 constitue unha proba da resisténcia do povo galego a ser domesticado. A folga nacional galega tivo desigual seguimento: alto total, nas bisbarras de Vigo e Ferrol, médio en amplas rexións marítimas e do interior urbano, menor no Sul-este. Os sectores máis firmes no apoio foron os universitários e os asalariados. Os sindicatos que organizaron as manifestacións foron basicamente dous: CC. Obreiras e a INTG (Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos); os partidos que se destacaron na preparación foron igualmente dous: BNG e PCG.

O comportamento na folga do 29 dá moitas pistas na análise da conciéncia do país ante esta conxuntura. Merece todo un estudo pormenorizado a facer por colectivos axeitados. De entrada, permítasenos dicer algo. Hai nos grupos devanditos unha conciéncia de clase: é a patronal, as multinacionais e os poderes políticos ao seu servício os que queren decidir unha determinada **sorte** para Galiza. Queren impola sen contar con nengun procedimento democrático. A participación paritária do BNG e da INTG na loita implica a conciéncia de que é un problema que afecta á **nación** galega, nación que é discriminada, impedida no seu desenvolvimento. E que son os sectores produtivos os que poden sacar adiante este país. Ao seren eles os que padecen máis, son tamén os que están chamados a decidir outra alternativa que impida o destino imposto a Galiza polos centros do poder.

A menor participación doutros sectores nesta folga significa várias cousas: dun lado o retraso na incidéncia recesiva da conxuntura económica. Asi os campesiños en xeral empezaron máis tarde a seren vítimas neste cámbio de tecnoloxias: afeitos a emigrar, inda non caiu sobre eles toda a recesión; a treboada avanza. Saberán loitar como sempre, pero ao seu tempo. Doutro lado, tanto mariñeiros como obreiros están no fondo da depresión. E esta a sua hora. O mesmo os universitários. Saberán uns e outros programar para Galiza, para todos e con todos, os obxectivos que den volta á política do Goberno central e ao parasitarismo do autonómico?

A INTG emitiu un proxecto de emprego que paga a pena comprometerse na sua idea adiante. A ponéncia sobre a reconversión que se apresenta á Asamblea Nacional do BNG, é un lúcido tratamento das posibilidades alternativas que se oferecen a Galiza. Seguramente que hai máis propostas. Traballar para que acaden notoriedade e se convertan en propostas asumidas pola povoación, eis unha tarefa de máximo alcance.

Quén obstaculiza estas posibilidades? Quén tratou de impedir que esta folga alumase as conciéncias do país? Creo que os opositores van sendo anotados polo povo. Isto é importante. Que o país coñeza con máis evidéncia que a da luz e taquígrafos, cómo certas autoridades de partidos estatais, como o PSOE, non só se opuxeron á folga, utilizaron as forzas de orde municipais e policiais para reprimir a liberdade de información. Na Coruña foi esta forma violenta tan visíbel que sobarda toda moderación. A utilización da represión polo poder explica por si mesma a desigual distribución da folga: as províncias de menos nucleos grandes de povoación soportaron máis acedamente este peso do poder represor.

En síntese, cremos que a folga do 29 acredita o avance da conciéncia nacional de Galiza e que aluma quen é quen neste país.

RECTIFICACION

No n. 257 do 8 de Novembro de 1984, na páxina 9 de A NOSA TERRA co título: "Faino unha empresa galega-Aparato único no mercado". A empresa **Dimaco Sociedade Cooperativa Limitada** dedicada como reza na sua licéncia fiscal á Enxeñaria Electrónica; e con razón social desde Xuño de 1983 na Coruña: rua San Pedro, 30 baixo, para o ben e rigor da información, vese na obriga de facer as seguintes precisións ao devandito artigo.

1.—Dimaco S. Coop. Ltda., ten homologado por Unesa (Unión das Eléctricas do Estado) e tamén polo Ministério de Indústria e Enerxía, un equipo chamado TTB-100 para a discriminación horária triple tarifa B. Da sua existéncia dan fé os documentos que lle acompañamos; e da sua instalación en clientes e correcto funcionamento, o noso Departamento de Vendas está disposto a dar calquer tipo de explicacións.

2.—Dimaco S. Coop. Ltda., en honor á obxectividade ten de precisar: que coñece e recoñece como competéncia a outras Empresas, tanto no ámbito estatal como galego.

3.—Dimaco S. Coop. Ltda. manifesta descoñecer que, no ámbito galego estexa rexistada outra cooperativa que faga: "Un dispositivo discriminador de horário de triple tarifa", como afirma o referido artigo.

4.—Dimaco S. Coop. Ltda., na esixéncia de atopar explicacións o calificativo: "Aparato único no mercado", por se estevese referido ao précio de venda de dito equipo, constata con agrado que parece confirmarse que é o noso equipo: TTB-100, ao précio de 170.000 pesetas o máis barato no mercado.

5.—Dimaco S. Coop. Ltda., agradece a A NOSA TERRA a laboura de dar a coñecer a Indústria Galega e os seus produtos, ainda máis nun campo, a electrónica, no que o noso País é tan dependente.

6.—Por enriba dos prexuícios, tanto económicos como de imaxe que con este tipo de informacións ven sofrer a nosa Empresa.

Dimaco S. Coop. Ltda., coa seriedade e o rigor que lle caracteriza está sempre disposta, desde a sua actividade, á colaboración —A NOSA TERRA pode contar con ela— para espallar os avances e as dificuldades nas que se atopa a Indústria Galega no seu desenvolvimento unido ao esforzo e a vontade de xente, que coma nós, intenta sacala adiante.

Cos lóxicos desexos de que se publiquen estas rectificacións para repor, en parte, os perxuícios causados, no artigo que facemos referéncia.

O presidente
Pastor Pintos Pereira

CON VITOR VAQUEIRO

A AELG, Asociación de Escritores en Língua Galega, quer manifestar a sua total solidaridade co poeta Vítor Vaqueiro, ao rexeitar este a grabación, en Televisión Española, dun programa (entrevista e recital), do poeta en español.

Tendo en conta que a língua de Galiza é o galego, calquer escritor galego ten o direito a se expresar no seu idioma, non sendo este direito lingüístico un motivo de veto, xa que, "esixir" a alguén a que se exprese nunha língua que non sexa a sua contra a sua vontade, é un atentado á liberdade de expresión, e entra nas categorias de represión.

A AELG, entende que motivacións políticas e de discriminación (xa que con escritores de outras áreas lingüísticas —como no caso da escritora catalana Mercé Rodoreda— TVE usou o subtitulado), obrigaron a José Infante, responsábel do programa da série televisiva que se ia grabar, a tomar a decisión de voto.

A Asociación de Escritores rexeita esta atitude, e oponse a que os meios de comunicación usen o seu poder, para calar direitos de expresión inalienábeis que corresponden a todo país en liberdade e democrácia.

ALFONSO PEXEGUEIRO
Secretario

U.S.A. PLANEA INVADÍR NICARAGUA

O povo nicaragüense atópase en estado de alerta xeral frente aos plans de invasión militar da sua pátria artellados pola administración Reagan.

Nos últimos meses, uns 12.000 mercenários ou "contras" son lanzados en oleadas de tres ou catro mil a espallar a morte indiscriminada e a sabotaxe en zonas fronteirizas, particularmente nos lindeiros con Honduras.

Esta sombra de terror cadra con outras agresións como o minado das costas frente aos portos máis importantes e máis o despregue masivo de tropas de guerra lánqui no mar do Caribe.

Ademais, Honduras estase a converter nunha xigantesca base militar nordeamericana con aeroportos e estradas de recente construción. De xeito, as intensivas manobras militares nese país están servindo para "aclimatar" aos soldados USA ás condicións orográficas de Centroamérica. Mesmamente, o persoal hospitalário do exército está a familiarizarse coas enfermedades tropicais.

Mentres, nun alarde de "democrácia, os congresistas nordeamericanos debateron con toda naturalidade a comenéncia de asignar millóns de dólares os "contras", legalizando, deste xeito, a intervención militar.

O povo nicaragüense, que desde 1.855 sofreu once invasións militares lánquis, ten motivos abondo para se preparar contra outra.

Nós, a Asociación de Amistade Galego Cubana, compartimos plenamente esa determinación. Por iso mesmo queremos pór en alerta o sentimento e as atitudes de solidaridade entre os povos.

Dirixímonos a todo o povo en xeral, ás suas organizacións políticas, sociais e culturais, e moi particularmente a aquelas persoas para as que América foi terra de exílio ou de promisión. Para os que deixaron parte do seu sangue, do seu suor ou dos seus sentimentos nese continente preñado de futuro: América, Nicarágua necesítanos!

Que non quede bañada en sangue a dignidade humana!

Asociación Galego-Cubana
Francisco Villamil

NOTA DA REDACION

Na información sobre a "Moda en Galiza" do pasado número cometimos o erro de afirmar que Adolfo Domínguez militara na UPG, sen ser isto certo, xa que o modisto non chegou a formar parte de nengun partido de esquerda, ainda que estivo próximo a alguns.

Por outra banda, o portavoz deste diseñador desmentia tamén que Adolfo Domínguez tivese nada que ver co PSOE, afirmando que o autobus citado na información "tiña que vir o venres, e como non pudo, veu o día da conferéncia, o xoves".

A NOSA TERRA — HAI 50 ANOS

TODO OCUPADO, por Castelao

—¿E non haberá prazas na Escola de xordomudos de Santiago?
—Non. Están alí todol-os diputados por Galicia.

ANO XIX
Galiza 9-2-1935 N. 352

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora
Promocións Culturais Galegas S.A.

Director
Alfonso Eyré López

Redacción
Xoán M. Carballa, Manuel Veiga.

Correspondentes e colaboradores
Nacional:
Xan Corbeira, Xesus Torres, Luís Muriel, A. Loureiro, Paco Arrizado, X.A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, X. González Alvarez, Xesus González Gómez, Xoán M. Carreira, Xesus López Témez,

Estado:
L. Méndez, Carmen G. Ares, Anxela Rodício, Antón Fernández, Mugarra, Xosé Lodeiro.

Ilustración
Xosé Lois, Cali, Calros Silvar, Pepe Carreiro, Xesus Campos, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso.

Mundo:
Domingo Prieto (Países Baixos), Carlos Durán (Gran Bretaña), Xesus Cambre Mariño (Centroamérica), Begoña Moa.

Fotografia
Xurxo S. Lobato, Nelson Gómez, Moncho, Rama, Ché, X.M. Fontán, Tino Viz, E. Reimóndez, M. Iglesias, X.M. Albán.

Axéncias
ADN, Jana, Novosti, Prensa Latina.

Deseño e Montaxe
Xoselo Taboada, Guillermo Gómez

Publicidade
Xosé Fernández Puga

Redacción e Administración
Doutor Cadaval, 21, 2º, of. 11
Apartado 1371 - VIGO
Teléfono (986) 2 2 24 05

Imprenta
Editorial Iparraguirre S.A.
Ibarsusi 3. Bilbao
Depósito Legal: BI-1121-82

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas, respetando a independéncia dos seus autores.
Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.
Está permitida a reprodución, sempre que se cite a procedéncia.

libraria couceiro

SOMOS CONECIDOS NA GALIZA ENTEIRA, POLA NOSA ESPECIALIDADE EN LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES.

Rap de El Salvador, 9 - Telf 595812 - Santiago

A policia non pudo impedir que a folga se estendese por toda Galiza

A terceira folga xeral celebrada en Galiza no que vai de ano tivo como protagonista a represión das FOP que actuaron en moitos casos, segundo as centrais sindicais convocantes como auténticos contrapiquetes. Unha folga xeral que deu un cámbio cualitativo importante ao imbricar nela de maneira máis relevante que nas anteriores ao sector labrego, que se encarregou de paralizar unha boa parte das províncias de Ourense e Lugo. Outro aspecto importante, que se tratou de furtar, tanto antes como despois do dia 29, foi o contido nacional desta protesta.

Xan Carballa

Unha folga eminentemente política

A folga xeral do dia 29 foi unha movilización eminentemente política, pois que é a primeira vez que se vincula globalmente a loita de clases e a de liberación nacional. Só desde estas coordenadas se entende a belixerância dos poderes, tanto do Goberno como da patronal, ou o descolgue a última hora de AP e a Xunta.

Explica isto tamén a insisténcia en afirmar o fracaso da folga en vilas que non fosen Ferrol e Vigo, querendo deste xeito deixala nunha mera protesta do sector naval. Parece que habia instrucións claras de restarlle o carácter nacional galego á folga; doutra maneira non se comprende que sete xornais galegos tivesen sitular semellante, resaltando o escaso eco da folga, agás en Ferrol e Vigo. A contradición chegaba cando un lia as informacións e ollaba a repercusión da folga en case todas as vilas importantes de Galiza. Chámanlle escaso eco a que se paralice As Pontes, Betanzos, Melide, Ordes, Padrón, Noia, Muros, Riveira, Corcubión... na Coruña, ou Monforte, Chantada, Sárria, Vilalba, Viveiro, Ribadeo, Bóveda, Rubián... en Lugo; Verin, Allariz, O Carballiño, Xinzo en Ourense; O Porriño, o Val Miñor, A Estrada, Vilagarcia, Pontevedra, Cambados... en Pontevedra. Isto era o que afirmaban os xornais nas suas informacións, despois de titular "escaso eco".

Esta é ademais unha folga histórica, xa que é a primeira que surde a unidade de acción entre a INTG e CCOO, pero na cal, tamén por primeira vez na história, o nacionalismo ten a iniciativa no movimento obreiro galego; conseguiuse, ademais, que nesta folga tivesen un papel fundamental sectores como o labrego, o mariñeiro e o estudantado. Ainda asi, é preciso ter en conta as distintas motivacións que levaron a INTG e CCOO a esta converxéncia táctica. Se para o sindicalismo nacionalista significa simplesmente seguir inha política coerente co seu pasado e formulamentos programaticos, para CCOO é unha situación conxuntural, produto das circunstáncias.

Hai que resaltar por outra banda que nesta folga os que pasaron á acción foron os contrapiquetes das FOP ou dos empresários, dunha forma belixerante que as distingue das duas anteriores celebradas en Galiza, nas que habia un certo consenso da patronal.

Esta vez Gobernos e empresários tentaron por todos os meios abortar esta folga xeral, deixándoa en meramente sectorial, ainda que tivesen que valerse do que foi calificado de "ocupación militar de Galiza".

O Goberno intentaba, quedou sobradamente demostrado, que fracasase a folga por máis que na sua intención non estivese o mudar de critério. Asi, amostrando que non lle importa nada o sentir popular e no que se pode chamar claro reto aos traballadores afectados e a todo o povo galego, o dia 30, un dia despois da folga, aprobaba a suspensión de emprego para 3.000 obreiros de Astano. Non, ao goberno non lle importan nen as cifras de manifestantes, nen as horas perdidas.

Qué lles queda agora aos obreiros? Moito nos tememos que a sua única saída, a que están discutindo na asamblea permanente de Astano, cando estamos redactando estas liñas, non sexa outra que a violéncia. A violéncia na rua, nas factorias. Algun sindicalista xa apontaba nas suas intervencións o dia 29 que Galiza se vai **euskaldunizar**, referíndose aos métodos de loita que están a levar os obreiros desta factoria basca. Se isto é asi, o Goberno que non lle bote culpas a ninguén, porque é el e só el quen empuxa aos traballadores a escoller este camiño pois que os outros todos tenllos pechados.

A.E.

De "toma de Galiza polas FOP" calificaron as centrais INTG e CC.OO. a folga xeral do dia 29 de Novembro, a terceira no prazo dun ano. Chegaron reforzos de Valladolid e incluso de Córdoba, e puxéronse a policia e a Guarda civil en estado de alerta, acompañando en moitos casos, sobretodo en Lugo, A Coruña e Ourense, aos piquetes até dentro das factorias.

Esta vez a contundéncia correu a cargo das FOP e non dos piquetes. A permisividade ou indiferéncia dalguns empresários nas anteriores folgas voltouse nesta ocasión agresividade total sob a consigna de "non o lograrán", que os levou en Lugo a armar, no Ceao, a contrapiquetes con pistolas.

Fálase de pacto empresarial entre a Confederación de Empresários de Galiza e o ministro Barrionuevo para tratar, por todos os meios, de que esta folga non saíse adiante.

Nesta campaña estiveron perfeitamente auxiliados pola UGT e PSOE, que facendo uso da contrainformación nos meios de comunicación, sobretodo nos estatais, trataban de minimizar a incidéncia desvirtuando as cifras, e ainda despois de rematada a xornada, García Sabell, delegado do Goberno, afirmaba que a folga foi sectorial. Os alcaldes da Coruña e Vigo calificábana tamén de "auténtico fracaso"; en contrate coas valoracións dos convocantes. Alguns xornais titulaban as suas crónicas como de "mínima incidéncia" contradecíndose logo coas informacións interiores, o que dá idea do interés en minimizar e sectorializar esta xornada de folga.

Implicados todos os sectores productivos

Os intentos de circunscrebir esta folga só ao sector naval non foron logrados pola patronal PSOE, AP e UGT.

Asi, no sector mariñeiro paralizáronse unha parte importante das frotas de baixura, dos portos, tanto pesqueiros como de mercancias e non funcionaron as lonxas, o que dá unha idea da incidencia real.

No sector labrego suspendéronse as feiras en várias povoacións de Lugo, e en Ourense os labregos paralizaron máis da metade da província, sendo a sua preséncia a máis numerosa en várias manifestacións.

Da normalidade folguística á represión

As comarcas de Ferrolterra e Vigo tiveron o que poderíamos calificar unha xornada de "normalidade folguística", quedando completamente paralizadas desde as 12 da noite, esta vez nen sequer tiveron que intervir os piquetes.

Esta normalidade contrasta coa represión na Coruña, Santiago, Lugo e Ourense, onde os piquetes estiveron vixiados todo o dia, non permitindo que entrasen a informar ás empresas máis que un traballador, mentres o acompañaban vários membros das FOP, que ao terminar a información, algunhas veces interrumpida, perguntaban aos traballadores se foran coaccionados e querian apresentar denuncia.

Esta actuación foi calificada polas centrais convocantes como de auténticos contrapiquetes que coaccionaban para que voltasen abrir as empresas.

Isto levou a que en Lugo fosen vários os feridos, e os detidos en toda Galiza sobrepasasen a treintena.

Na Coruña as FOP, axudadas "eficazmente" pola policia municipal intentaron por todos os meios que a folga non tivese efeito.

Levou este celo a que a policia municipal encirrase aos seus cans adestrados contra un piquete, mordendo ao dirixente da UPG Xan López Alvarez e arrollando ao líder da INTG Miguel Campuzano.

Os cans e os policias municipais deste contrapiquete ian mandados por dous concellais socialistas do axuntamento coruñés, os señores Del Val e Lareo.

En Lugo a policia carregou catro veces contra os manifestantes resultando un traballador cun brazo roto, outro coa clavícula e tamén ferido de consideración un neno de oito anos.

Paralización total en Vigo

En Vigo a paralización foi total, non tendo que intervir case os piquetes. Somente en Citroën, onde se paralizou a factoria e nunha empresa de granitos propriedade do presidente da Confederación de empresários de Pontevedra, António Ramilo, que se

Por qué os galegos fixemos a terceira folga xeral

XAN CARBALLO

Galiza é a zona máis afectada polos Plans de Reconversión Naval. Preténdese pechar Vulcano e Ascon na Ria de Vigo, no sector de pequenos e medianos estaleiros e pechar Astano nos grandes estaleiros. Isto representa o 63,3 por cento dos "excedentes" do sector a nivel de Estado, o que supón en cifras globais a perda de 7 mil postos de traballo directos e perto de 30 mil inducidos.

Xunto con isto preténdese reducir a plantilla no resto dos estaleiros e iníciase xa un proceso de "reconversión" na empresa Bazán do Ferrol, que pretende reducir 2.000 postos de traballo.

A nosa contestación, vese máis xustificada ainda, se temos en conta que non hai razóns técnicas que xustifiquen que sexa Galiza quen teña que sofrer todo isto, xa que Astano conta coas mellores instalacións sendo a empresa tecnoloxicamente máis competitiva no sector dos grandes estaleiros; o mesmo se pode dicer de Ascon no caso das medianas factorias. As razóns seguidas polo PSOE para pechar instalacións son exclusivamente políticas e reforzan o papel colonial que a nosa nación cumpre dentro do Estado.

Contodo, noné só o problema do sector naval o que aqueixa á nosa terra. Temos un 30 por cento de povoación activa parada en vilas como Vigo, A Coruña, Ferrol... Douscentos mil parados oficiais, un incremento de cifras do paro máis alto que no resto do Estado e o que é máis grave, ainda non estamos tocando fondo. A desfeita do sector naval traerá a caída en cadea de multitude de pequenas e medianas empresas; a instalaciónde "El Corte Ingles" na Coruña obrigará a pechar moitos pequenos comércios; a entrada na CEE destruirá a agricultura e a gandaria galega provocando asimesmo o amarre, xa efectivo, de máis da metade da frota de altura. Ou sexa, que toda Galiza e todos os sectores produtivos están sendo agredidos mui frontalmente por esta política económica do PSOE . Mentres tanto, os cartos xerados por empresas como Endesa (23 mil millóns anuais) van a paradeiro descoñecido para os galegos invirtíndose en Galiza só o 3 por cento destes beneficios. O aforro galego é apropriado pola banca que o canaliza cara o exterior do noso país. Os nosos recursos mineiros son usurpados por empresas de capital extranxeiro, que se lucran da riqueza do noso subsolo. As rias galegas están infrautilizadas e non existe unha política económica que desde unha óptica galega aproveite os seus recursos (se son utilizadas como bases militares para defender intereses alleos aos nosos). A electricidade producida polos nosos rios só serve para o lucro do monopólio Unión-Fenosa.

Xan Carballa

As as cousas non nos deixan máis camiño que a loita até as últimas consecuéncias. O PSOE xa ten perdida a batalla política, carece de credibilidade e a Xunta de AP outro tanto, somente poden imporse pola via da forza e da represión, da que temos xa mostras abondosas como a toma policial do dia 29, as cargas, as malleiras, as detencións, elevadas fianzas. Isto é o que provoca a radicalización dos traballadores na defensa dos seus postos de traballo.

Xan Carballo é
Secretário Xeral da INTG

A policia non pudo...

distinguira o dia anterior por duras declaracións no máis puro estilo fascista, pois que até criticou a actual Constitución. Nesta empresa de granitos foi destrozada a garita de entrada á factoria, paralizandose logo totalmente a actividade.

António Ramilo manifestou que presentará querella contra os proprietários de dous automóveis aos que o guarda colleo a matrícula e contra os Secretários Xerais de INTG e CCOO, por indutores.

Grandes efectivos das FOP concentráronse diante de Correos e da Estación de Ferrocarril, onde o presidente do Comité de Empresa declarou que "estamos de acordo coa folga pero temos que traballar porque nos obrigan".

Tamén quedou paralizado O Porriño, onde só traballaron alguns empregados de Louro e Zeltia. Tamén pararon, en case a totalidade, Tui, A Garda, e os outros axuntamentos do Val Miñor.

Redondela tamén estivo totalmente paralizada todo o dia, só traballando no Axuntamento, acampando no seu interior as FOP.

O Morrazo, colapsado

O Morrazo estivo colapsado durante toda a xornada, sendo o paro total en Moaña e Cangas, asi como en Bueu e Marin, ainda que aqui en menor escala.

A actividade foi tamén escasísima en Pontevedra capital onde os comércios foron pechando as suas portas progresivamente, segundo ia avanzando a mañá. Tampouco houbo actividade no mercado de abastos e o transporte urbano funcionou sob mínimos. Celulosas e Tafisa funcionaron con parte da plantilla e baixo forte protección policial, que detivo a sete persoas.

Gran incidéncia no Salnés

En Vilagarcia, ainda que parte do comércio abriu as suas portas, ao longo do dia foi pechando, producíndose despois do mediodia un peche total. Tamén se suprimiron as clases nos Institutos e non funcionou o porto.

En Cambados tamén se rexistaron paros, que afectaron a outras vilas desta marxe da ria de Arousa.

Na Estrada tamén cerraron os comércios, os cafés e os bares, parando tamén os centros de FP.

En toda a provincia de Pontevedra, salientar o corte das principais vias de comunicación entre as seis e as sete da mañá, que lograria abrir ao tránsito a Guarda civil.

Ferrolterra parou na sua totalidade

A ria do Ferrol tamén parou na sua totalidade, sen que haxa que rexistar incidentes notábeis, por máis que ás sete da mañá se cortase a via de ferrocarril á altura de Neda.

As dez da mañá celebrouse unha asamblea no Ferrol, dirixíndose logo os integrantes á estación do tren, protexida por fortes efectivos policiais. Unha comisión solicitou a paralización do tránsito ferroviário, non acedendo a dirección. Ainda asi, non houbo circulación en case todo o dia, xa que os obreiros procederon a cortar a via en vários pontos. Pola mañá tamén se cortaron as estradas en diversos pontos da comarca.

Xan Carballa

Represálias pola folga

No ambiente da folga estaban as represálias. En Ourense ameazábase a vários comerciantes de que, de pechar, serian clausurados por un mes e lles porian unha multa.

Noutros lados as represálias xa se fixeron efectivas. Tal é o caso da Xunta, onde vários traballadores que secundaron a folga están a sofrer as iras da administración autonómica na "sua coeréncia" de oporse ao desmantelamento de Galiza.

Asi, na Consellaria de Sanidade, o Secretário Xeral Técnico relevou a duas secretárias suas por ir á folga, rebaixándolles ademais a categoria.

Coche dun afiliado da INTG queimado durante a folga.



Na Coruña, o protagonismo foi da policia municipal

Na Coruña, gran parte do protagonismo tívoo a policia municipal, que asumiu un papel claramente represivo mandada polos concellais socialistas, cominando a abrir a comerciantes e detendo a integrantes de piquetes.

Ainda asi quedou totalmente paralizada a estación de autobuses, gran parte do polígono da Grela, a área comercial de Santa Margarida, e a do Centro, ainda que nesta última alguns comércios abrisen logo diante da visita da policia municipal e armada.

Aparte do incidente dos cans, producíronse outras 20 detencións, entrando as FOP cos membros dos piquetes para que informasen. Asi, nunha empresa seria detido o Secretario Xeral de Adega, Carlos Vales, que entrou el só a informar a unha empresa, custodiado por efectivos das FOP. Carlos Vales foi acusade de coacción.

Forte incidéncia na Província coruñesa

Na província coruñesa o paro tamén tivo forte incidéncia, noutras zonas ainda non consignadas aqui. Tal foi o caso das Pontes, de Padrón, Corcubión, Cee, Betanzos e Melide.

O paro tamén foi case total no Barbanza, sobresaíndo Noia e Riveira, Muros, Rianxo, Boiro e A Póvoa.

En Bergantiños tamén tivo forte incidéncia, ainda que en Carballo un contrapiquete de empresários, formado despois dunha asamblea e armado con navallas e paus, escurriscou aos integrantes dun piquete, intentando volcar o autobus que utilizaban diante da pasividade da Guarda Civil.

Santiago sumouse á folga

Santiago tamén se sumou á folga na sua totalidade paralizándose as clases na Universidade onde só impartiu unha lección o decano de Mediciña, parando tamén nos demais niveis do ensino; o Polígono do Tambre tamén quedou case totalmente paralizado, ►

A Patronal xuramentada

A patronal, sobretodo a lucense, tíñase xuramentado para que a folga non saíse adiante. Para isto tomou as suas "disposicións".

Entre estas hai que destacar a contratación da empresa de seguridade "Esabe-Expres", para que funcionase de contrapiquetes.

Asi, no polígono do Ceao podian verse 5 coches desta empresa coas suas dotacións a tope e ben armadas. Estas persoas enfrentaronse cun piquete que chegou ao polígono.

Ao seu mando estaban os próprios empresários, que desde a entrada do recinto, con radioteléfonos, dirixian as operacións.

Mais estas non foron as únicas medidas que tomaron. Segundo manifestaron a A NOSA TERRA vários traballadores, na sede da Confederación de Empresarios de Lugo alguns patróns ensinaban ostensibelmente armas diante do paso de piquetes polas imediacións.

Outros que funcionaron tamén como contrapiquetes foron as FOP vidas de Córdoba, os "quillos" como lle chamaban os obreiros. Ademais de entrar nas empresas detrás de todos os piquetes "informando" de que "vostedes non fagan caso, non teñen por qué cerrar", nalguns casos, como na cafetaria da Estación de autobuses, cando o dono ia cerrar, un grupo de policias impediuno: "aqui non se pecha nada, nós queremos beber, asi que non pode pechar, ten que darnos de beber".

E voltando aos empresários destacar a belixeráncia de António Ramilo, presidente da patronal pontevedresa que o dia anterior á folga xa fixera ataques furibundos contra a Constitución e que afirmaba que "as hordas marxistas están logrando sovietizar Galiza"; pois ben, Ramilo o dia 30, dicíalle en Vigo, antes de emprender unha viaxe, a todo aquel que quixese escoitalo, que ia facer un novo partido, "o da Hostia Limpia".

Os líderes opinaron

"Un millón de galegos movilizáronse contra a política do Goberno", segundo os organizadores, que consideran que a convocatória foi un éxito total.

Para o Delegado do Goberno "non houbo folga xeral, senón que foi sectorial", segundo o Alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, a folga "foi un fracaso total". A UGT tamén califica a xornada de folga de "fracaso estrepitoso".

Son os polos opostos dunhas valoracións, que os que as apoiaron califican como exitosas e aqueles que ian contra sua, tratan de minimizalas.

Xosé Carlos Solla, da UPG, pon de manifesto que "o povo galego está amosando unha grande capacidade de loita, como o demostra que sexa capaz de facer tres folgas xerais en menos de un ano".

Outros políticos inciden en que o Goberno ten que tomar en sério estas movilizacións, como Xosé Manuel Beiras, do BNG, quen afirmou que "este tipo de movilizacións son o único meio que pode contribuir a cambiar a política do Goberno".

Pola sua banda Perez de la Fuente, Secretário xeral do PCG, manifestaba que "penso que o Goberno pode estar facendo ouvidos xordos durante certo tempo, pero na prática xa conseguimos paralizar gran parte da reconversión".

Soto, Alcalde de Vigo é doutro parecer, e afirma que "xa van catro e poden ir as que sexan que non valerán para nada positivo".

Bautista Alvarez pola sua banda, referiuse a que estas medidas non van só contra o sector naval, senón da agricultura e a pesca que van quedar afectadas polo ingreso na CEE".

Indalécio Tizón, de CG criticou ao Goberno central pero tamén a Xunta "pola sua política estéril que está a levar".

Esquerda Galega, pola sua banda afirma que "o PSOE esquece o seu programa e prefire invertir os cartos en gastos militares e en reboiar Rumasas para vendelas á baixa ao capital privado.

Xan Carballo, Secretário Xeral da INTG tamén criticou á Xunta, á que "acusou de Goberno títere, que o que fai é electoralismo".

"O dirixente sindical afirmou que hai que botar a AP da plataforma".

En canto ao futuro, M. Ferrín afirmaba que "Galiza vaise seguir movilizando" e Carlos Núñez, concellal vigués do PCG, manifestaba que "aqui pode suceder algo moi desagradábel, cousas incontrolábeis, oxalá non ocorra nada". Neste sentido Malvido, Secretário da Zona de Vigo da INTG declarou "que ninguén lle bote as culpas ás centrais sindicais do que poda pasar. Que quede claro que a Intersindical vai estar cos traballadores onde eles estexan. Que ninguén se cháme ao engano se ocorren outros feitos a primeiros de mes".

A pesca galega e os plans cara a entrada na CEE

XOSE ENRIQUE FERNANDEZ

Desde o 78 estase a producir unha reestruturación selvaxe da pesca de altura galega sen que se artellen medidas de salvación ou recámbio para esta desfeita.

Mentres hai barcos amarrados, desguazados, vendidos ao estranxeiro ou afogados, e milleiros de mariñeiros están nos portos, nas casas ou nas oficinas do INEM, a Administración española e autonómica seguen sen apresentar un Plan con compromisos concretos a realizar que representen unha saída real.

Ambas administracións dedícanse a santificar como inevitábel a entrada na CEE e a declarase "impotentes" diante das desvantaxes que a Galiza lle vai tocar sofrer e en concreto ao sector pesqueiro; porque, obxectivamente, por todos os meios de análise económica, resulta que a Galiza lle vai repercutir negativamente a entrada na CEE, e por unha subordinación a determinados "intereses de Estado", que representan os de certos sectores industriais, financeiros e agrícolas, alleos, temos que aguantar o peche de empresas e o incremento do paro.

Xa no ano 78 estábamos pagando as consecuéncias de que o Estado español non queira meter na CEE, coa redución paulatina de licéncias e co incremento constante de importacións.

O Mercado Comun Europeu quer destruir a frota galega antes da sua integración, é para eles unha condición clara e taxante; aí temos as consecuéncias até agora e, por se alguén mantiña esperanzas, aí están as condicións do período de preadaptación que pode chegar até o ano 2000, e no que ademais de ter que seguir soportando recortes de cupos e licéncias, e novos incrementos de importacións, atrévense a falar de subvencións para a destrución de postos de traballo.

A cuestión de fondo é que Galiza non ten por qué soportar as consecuéncias negativas da entrada na CEE porque a outros lle interese.

A entrada na Comunidade Económica Europea vai agudizar máis as contradicións entre as zonas industrializadas e as subdesenvolvidas.

Non ten lóxica, a menos que interveñan intereses alleos a Galiza, que teñamos que pasar polas agresións e humillacións que estamos pasando e polas que nos queren facer pasar, porque afinal ficarán en activo en águas da CEE 30 ou 35 barcos, comprendendo todos os portos galegos. Ao mesmo tempo teremos que permitir unha importación incontrolada de todo peixe e marisco comunitário, abríndolles totalmente o noso mercado. Esta mesma cuota de barcos pódese seguir mantendo, sen pasar por unha integración, através de negociacións bilaterais, oferecendo, como contraprestación, cuotas controladas do noso mercado. O que pasa é que as negociacións desde unha perspectiva do Estado español levan consigo que Galiza quede relegada, entregando o noso importante mercado consumidor por contrapartidas alleas a nós.

Arquivo

Os únicos que poderian sair beneficiados son os que contasen coa suficiente capacidade financeira para resistir esta etapa e acometer a constitución de empresas trasnacionais con barcos en distintos portos e con distintas bandeiras.

Isto en canto á pesca de altura. A de baixura case se ten esquecida, por máis que se se produce a entrada na CEE vai ser afectada tamén seriamente.

Non é suficiente dicer que van esixir precaucións de retirada, cando isto se pode estabelecer aquí e desde agora mesmo sen ter que esperar.

Abertura total ás importacións comunitárias trai consigo unha forte competéncia cos nosos produtos e, polo tanto, vai afectar capitalmente aos précios. A frota de litoral e baixura vai ser desta maneira mui perxudicada, resultando beneficiada se tivese un control en exclusiva para o mercado estatal.

Parece que o Goberno español e a Xunta de Galiza estivesen esperando a que actuasen os condicionamentos de integración na CEE, para plantexarse acometer os importantes traballos que o sector demanda.

Necesítanse subvencións xa mesmo e xa se tiñan que ter tomado medidas concretas de tipo político e económico.

A qué ven tanta mornura e falta de decisión?

Xosé Enrique Fernandez é Secretário Nacional do SGTM-INTG.

A policia non pudo...

A Cuota Empresarial e o desmantelamento de Galiza

Nesta xornada de folga xeral os labregos galegos uniron á sua protesta contra o desmantelamento industrial de Galiza, do sector mariñeiro e do agro, a reivindicación que xa parece sempiterna contra a Cuota empresarial.

Dias antes, na comarca de Verin numerosos agricultores receberan notificacións de emgargo por non pagar ese trabuco.

O dia 29 congregáronse na capital de Monterrei nun número superior ao médio milleiro, procedendo a queimar as citacións.

Logo, os labregos, aos que se uniran numerosos estudantes, percorreron as ruas da vila, cortando tamén a estrada principal á altura do Instituto.

As manifestacións

Outravolta esta xornada de folga xeral do 29 de Novembro se celebraron manifestacións nos distintos pontos de Galiza. Unhas manifestacións que máis ben parecían procesións pola teima dos convocantes en ordenalas, o que lles resta imaxe participativa.

Os datos segundo os convocantes son de 200 mil persoas en Vigo, 30 mil no Ferrol, 7 mil na Coruña, 4 mil en Santiago, 2.500 en Lugo, 2.000 en Ourense, 500 en Pontevedra, 300 en Riveira e 200 en Vilagarcia.

Ainda que se pode considerar que nalguns casos as manifestacións non contaron con tanta xente como nas primeiras convocatórias de folga, hai que ter en conta que aqueles chamamentos eran apoiados polos empresários e até por UGT, polo que todos os meios de comunicación se dedicaron a inflar as cifras.

Agora veu o conflito, e esta inflación de manifestantes vóltase contra os próprios organizadores; o que se intenta é medir a incidéncia das folgas ou da conciencia por estes baremos, cousa que nunca se pode facer, porque os meios de comunicación tenden a rebaixar o número de participantes, seguindo as consignas do poder económico e político, claramente interesado en dar a imaxe desta xornada como de fracaso.

Resaltar a preséncia numerosa de labradores e estudantes nestas manifestacións. En Ferrol participaron colonos das Enchousas.

A.E.

os comércios pecharon e o transporte urbano funcionou con "servícios mínimos", tres autobuses escoltados pola policia, sen seguir itinerário fixo. Na Xunta e no Axuntamento traballaron, pechos, bastantes funcionários.

Ourense, os labregos protagonistas

En Ourense, a maior parte do protagonismo levárono os labregos que paralizaron as vilas de Verin, Xinzo e Allariz.

O Carballiño tamén quedou case totalmente paralizado, deixándose notar tamén o paro en Ribadávia e Celanova.

No Valdeorras tamén tivo incidéncia a folga, por máis que os empresários pizarreiros armaron contrapiquetes que non lograron actuar.

En Ourense capital parou o polígono de San Cibrán agás Citroën, fortemente custodiada, e Adolfo Domínguez. O paro do comércio e banca foi irregular, xa que abrian e cerraban segundo fosen as FOP ou os obreiros quen patrullasen nas ruas.

Nesta cidade os obreiros e labregos receberon unha axuda considerábel dos estudantes, que se dedicaron a paralizar o ensino e a percorrer a cidade, traendo tras deles á policia de Córdoba, desprazada exprofeso, pero que morria de frio, segundo declaracións feitas por integrantes deste corpo.

Despois da primeira folga xeral, onde Ourense quedou totalmente paralizado, a toma policial da cidade impúxose en folgas sucesivas.

En Lugo, policia e empresários pasaron á acción

En Lugo, os empresários xuramentáronse a que a folga non iria adiante. Formaron grupos armados que actuaron no polígono do Ceao e pactaron con Barrionuevo (o presidente dos empresários lugueses afirmou que non fora el, que fora a Confederación de Empresários de Galicia) a actuación contundente das FOP.

Estas comezaron a sua actuación xa a noite anterior, cando carregaron contra un piquete. Todo o dia dedicáronse a seguir aos piquetes e de forma calificada por estes como de "visibelmente provocadora", obrigábanos a circular polas aceiras ou en filas.

As dez da mañá carregaban por segunda vez contra un piquete, o que repetirian tres veces máis ao longo da mañá.

Despois desta primeira carga, un grupo de traballadores entrevistouse co Gobernador civil, quen lles manifestou que el non tiña dado esa orde.

Cando ian do Goberno civil cara a Confederación de Empresários, produciuse unha nova carga, cos feridos que xa relatamos anteriormente.

Nesta província, o paro foi total en Monforte, Bóveda, Rubián, e Návia. Nestas duas últimas vilas, os labregos impediron a celebración das feiras e forzaron ao peche total.

Tamén parou en case a sua totalidade Chantada, Sárria, Ribadeo e Viveiro, facéndoo en menor consideración Mondoñedo e Vilalba.

Alúmina, pola sua banda, traballou con forte escolta das FOP e con média plantilla. Aqui, igual que nalguns pontos máis, membros da INTG acusaron aos de Comisións de pasividade e conivéncia.

Tamén pararon outras empresas importantes da província como Frigsa, Oural, Exminesa, Tablicia.

Na capital o comércio abria e cerraba segundo as horas.

Até aquí os dados máis xerais dunha xornada de folga, moi lonxe do paro sectorial de Garcia Sabell, ou do fracaso que proclaman os do PSOE. Os dados son ben elocuentes e demostran a real incidéncia.

Ourense

Ché

Santiago

Tino Viz

Anédotas

A xornada da folga xeral deu lugar a moitas anédotas.

Por exemplo, sobre o número de manifestantes na manifestación de Vigo, a Policia Municipal deu nun primeiro momento 80.000; a alguén lle debeu parecer moito e á seguinte vez rebaixaron a 33.600 (cál seria ese sistema tan exacto de reconto empregado a segunda vez?) Pero houbo outras cifras, 25.000 do goberno civil (unha pasada), 200.000 os convocantes (outra pasada). Será por estas cousas, ou será por méritos próprios, o despiste que se traía TVE de G e TVE de E, no tele-xornal deron duas versións, unha de 50.000 e outra de 80.000; dez minutos despois subiron a 80.000 e 200.000 na segunda edición repetiron e na terceira baixaron outra vez a 50 e 80 mil.

Aos meios de comunicación víuselle o plumeiro varias veces ao longo do dia. Por exemplo, cando desde Rádio Nacional dician que na estación de autobuses da Coruña todo estaba normal, imediatamente a unidade móvil desprazada indicaba que efectivamente todo "normal", todo parado. Pero a grácia máis grande, e tamén a de máis importánci, foi a de que ao dia seguinte todos os xornais incluiron en portada un titular igual: escaso eco en Lugo e Ourense, será casualidade?

Algún da UGT tamén tivo o seu detalle, e declarou pola rádio que valoraba todo moi positivamente, asi en Lalin todo estaba normal, en Covelo normal...

Soto, o alcalde de Vigo, daba para un anedotário el só: por esta vez fixo ensaiar á banda municipal, ainda que ese dia non lle tocaba ensaio.

Outro alcalde, o de Cangas, convocou un pleno extraordinário a noite anterior, ás 11,30. Entre os concellais do Bloque e el empezaron a chamarse cousas. Lois Pena perdeu os papeis de alcalde, agarrou un cinzeiro e cando o ia tirar, deulle un telele, que non se sabe se era un ataque nervoso ou unha taquicárdia.

A policia tivo igualmente as suas peculiaridades, en Lugo por exemplo só deixaba entrar a un membro dos piquetes en cada local; iso si, rodeado de doce policias. Ao sair o traballador, os policias perguntábanlle aos de dentro: amenazárono? quer denunciar?

Na Coruña, cando Amor Deus e Xan Carballo, acompañados doutros sindicalistas, foron falar co gobernador, un sarxento da policia empezou a alborotar; "mas de cinco no, que son cuadrilla". O secretário do gobernador estaba ademais histérico e semellaba preso dun ataque de nervos.

A García Sabell, pola sua banda, xa lle pesa máis ser delegado do goberno que ser "galeguista histórico" e presidente da Real Académia. Durante todo a xornada falou en español.

M.V.

Por qué os labregos nos opomos á entrada na CEE e á política do PSOE

XAN CARLOS CARREIRA

Sexan cais sexan os eufemismos que se escondan, as verdadeiras intencións e sobretodo os resultados da política agrária do PSOE que emanan das directrices da CEE son a destrución ou eliminación das próprias explotacións.

Moitos son os dados aportados en distintos estudos que corroboran esta afirmación, que nos indica que o número de pequenas explotacións disminue a un ritmo da orde do 3-5 por certo anual. Estes dados, incuestionábeis, son apoiados por outros colaterais, como o pouco presuposto destinado polo FEOGA á política de estruturas (apenas o 5 por cento).

Estas explotacións denominadas marxinais, non se destruen por seren "pequenas e insuficientes" ou porque representen un elemento máis custoso nos procesos produtivos, senón porque "convértense por necesidade" en vítimas dunha maquinária inexorábel que trai concentración de riqueza e produción.

Galiza é un país cunha esmagante maioria desas explotacións chamadas marxinais. Independentemente dos dados do censo agrário, que non utilizamos, porque nos consta a sua falta de realismo, o certo é que existe unha grande proporción de pequenas explotacións. Asi pois, Galiza súmase cunha maioria de explotacións marxinais a unha política agrária do Mercado Comun cuxo obxectivo e cuxos resultados son precisamente a destrución das explotacións marxinais.

As repercusións da entrada no Mercado Comun podemos resumilas do seguinte xeito:

Graves problemas e incluso freo para as principais producións das explotacións familiares (leite, carne, etc.).

Aquelas poucas que dalgun xeito poden atopar boas perspectivas (viño, horta, gando ouvino) só teñen posibilidades con cámbios profundos na sua situación actual. Esixen cando menos reorientación e fortes inversións.

As cativas vantaxes que algun cre observar, sempre colaterais, como a garantia de recollida do leite dentro da CEE ou con maior précio, quedan desmentidas a pouco que se se profundice nelas.

Outro dado que compre valorar é que o nivel de tecnificación das nosas explotacións é moito menor que o da CEE.

Nun libre mercado levamos, pois, todas as de perder. Este dado tampouco se lle escapa a ninguén.

Pero o feito é que a dependéncia tecnolóxica é moi posíbel que aumente. A agricultura da CEE ten unha enorme subordinación ás empresas de comercialización.

Ollando ben, podemos ver que por riba de declaracións de intencións, subxace que os chamados desequilíbrios "rexionais" vanse agudizando de ano en ano. Apóntase moitas veces que a política agrária do Mercado Comun non pudo disminuir a disparidade de rendas. O feito dramático é que ainda as aumentou.

Pero é que, ademais, a política do "Fondo Rexional" non soluciona nada, e Galiza, un área débil entre as débeis, veria, pois, cómo lle seguen substraendo recurso e se sumerxe máis no subdesenvolvimento.

E evidente que só nos pode agardar un aumento da dependéncia económica, do noso papel colonial.

Isto é tan evidente que entre as vantaxes e desvantaxes da política agrária da Comunidade Económica Europea, Galiza vese afectada de cheo por todos os aspectos negativos, agás se cadra un ou dous, mentres que os positivos todos son de dubidosa repercusión en Galiza.

Non obstante, adóitase a argumentar que a solución está en "modernizarse", reestruturarse a tempo. Este plantexamento é idealista e utópico, ao tempo que amostra a nosa autovaloración negativa, porque parte da idea de que somos nós, co noso atraso, os culpábeis destes efeitos negativos e que todo está en superar ese retardo.

A transformación agrária en Galiza non se vai dar nunca con carácter positivo potenciada pola CEE, porque non interesa. Nos só imos cumprir o papel de despensa e, en base a isto, actuarán os mecanismos monopolisticos. Isto é un feito real, xa que despois de tantos anos falando da necesidade de "modernizar" a nosa agricultura, nada se ten feito.

Non se vai dar reestruturación que non sexa amoldarse ao que os monopólios europeos precisan, que se vai producir, este cámbio, sobre as ruinas da actual sociedade rual galega.

Historicamente non é a primeira vez que pasa. Na própria Galiza acabouse coa nosa florecente produción cárnica de primeiros de século; en vários paises do Terceiro Mundo tense producido a ruina xeralizada derivada de reorientacións produtivas impostas polas multinacionais.

A previsión parece ser moi maximalistas feitas pllos nacionalistas hai vários anos, estanse a cumprir hoxe. Pensemos na desfeita do sector naval.

Xan Carlos Carreira é membro das Comisións Labregas-Sindicato Labrego Galego.

lonxe de fonseca

Boimorto ou "Bueymuerto"

LOIS DIEGUEZ

Eu supoño que se aos viciños do município de Boimorto, por pór un caso, se lles chamase ás urnas para que decidisen o nome que máis lles gostase, (Boimorto ou Bueymuerto), supoño, digo, que doadamente poderian escoller o de Bueymuerto. Isto non seria raro, pois hai que ter en conta que son moitos, moitísimos anos, ainda séculos, que levan enriba o lavado de cerebre para que aborrezan os seus próprios nomes, o seu idioma nacional. Este tempo non se pode anular da noite para a mañá cando desde a Administración non se fai nada para esnaquizar ese fondísimo auto-ódio, esa ignorância que se potenciou con tanto coidado para que galegos e galegas sigamos alleados de nós e do noso.

Agora aparecen eses salva-Españas que meténdose onde non os chaman, manipulando (isto si que o saben facer), berran desesperados que hai que manter o nome que lles deu o colonizador. O atrevimento fai envermellecer a calquera. Non tendo a qué agarrarse, autodenominándose filólogos da história, "aconsellan" que este nome é etimoloxicamente correcto e estoutro non, cando o único que lles pasa é que non saben cómo agachar ese fondísimo auto-ódio, esa fondísima colonización que levan no mesmo sangue. Pásalles como a eses pais de família que agora, coa democrácia, atopan o terreno abonado para se meter co xeito que cada profesor ten de dar as suas clases e que curiosamente case sempre coincide coaqueles que defenden o ensino estatal frente ao privado.

O caso desa "consulta" popular que polo nome do município se fixo na Póvoa do Caramiñal, é un claro exemplo de cómo unha democrácia como esta que aturamos pode valer perfeitamente para que a ditadura dun pequeno grupo, o seu mesmo barbarismo, se impoña a unha povoación. C-omo nos van ensinar a ser demócratas eses que durante tantos anos foron a salvegarda do fascismo franquista? Vexamos pois, cómo enteden eles a libre expresión e decisión da xente ante a cuestión que comentamos.

A papela que serve como base da consulta está escrita en español, mostra clara da posición xa inicial en contra do noso próprio idioma. Nela só aparecen catro topónimos encabezados polo de "Puebla", ao que non é allea a posición da Xunta que desterra aquel que máis popular parece, "Póvoa", como se comproba coa mesma votación (114 votos apesar de non ser incluído na papela). Hai que firmar e pór o carné de identidade, o que nunhas condicións de tanto medo como neste País seguen a se dar, non deixa de ser perigosamente forzado, por moitas explicacións que se oferezan para diferenciar "consulta" de "referendo". O señor alcalde, xunto coa papela, envia unha carta dando os razoamentos para que a xente opte polo nome español de "Puebla". "No tiene traducción al idioma gallego", di. E di tamén, referíndose á defensa daquel nome: "estamos seguros de no faltar a nuestra condición de gallegos, la cual hemos pregonado siempre y de la que nos sentimos muy orgullosos". Só lles quedou por pór que aquel que non se decidise por "Puebla" non cobraria o subsídio, seria despedido do seu traballo ou, en caso de non o ter, non acadaria o que previamente lle prometeran.

Chegados a tan alto grau de manipulación, tampouco é raro que apareza alguén propondo o nome de "Trufa do Caramiñal". E produto da desmoralización, dese riso tristeiro que asoma nos beizos cando a impoténcia aboura o noso corasón e o noso cerebre.

Aquel terríbel fascista que berraba "Viva la muerte" queda pequeno diante desta ou destes que doadamente podian berrar "Viva o alleo. Morra o noso. Abaixo a história. Riámonos da xente que fala galego pero aborréceo". Ser vítima e verdugo ao mesmo tempo é doado. Só hai que ter man de ferro para os servos e de veludo para os señores. O demais ven por si só.

As consultas, referendos, eleicións, son un fraude cando non hai formación, cultural, conciéncia. Son unha arma máis da alleación para aqueles que saben cómo mover os fios da ignoráncia. E até para os agudos, poden ser un précio co que comerciar. Povoa do Caramiñal, señores dese chamado "grupo popular", é unha amostra da cruz que ainda temos que aturar os galegos e galegas. Mais como seguimos a ter fé no noso povo, estamos seguros de que non vai ser por moito tempo.

ADEGA

a dos bons viños

Avda. de los Caidos, 13 Tel. 296208 A CORUÑA

A Xunta percura un «pacto de consenso»

Hai un sector da Xunta que matina con facer un "pacto de consenso" nalguns dos principais temas que ten que abordar a nosa nación e máis o goberno da comunidade autónoma. Diríamos que é o sector máis democrático e liberal; polo momento, o único que fixo, que nós saibamos, é lanzar a idea para ver como é recollida e valorar as posbilidades. Dentro deses temas estarian, sen dúbida, a reconversión, CEE e alguns outros que levan bastante tempo aparcados pola Xunta e que xa deberia ter asumido.

Ainda non se sabe qué alcançe se lle quereria dar a ese pacto. Fose cal fose o alcance, o acordo está difícil. Case diria que imposíbel, se temos en conta as posicións que se veñen mantendo tanto no Parlamento como na rua.

Ollese como se olle, eses posíbeis acordos de consenso, aqui non pasaria como en Madrid, sempre teria que ficar alguén fóra; dá polo menos esa impresión a marcha política dos acontecimentos.

Razóns non lle faltan a aqueles que propícian eses pactos. Coa situación que está a viver Galiza, pero sobretodo coa que vai chegar, pois que os momentos máis difíceis están ainda por viver, a Xunta como institución, e a mesma autonomia, van sair moi malparadas.

Estanse a ver os ataques que sofre con motivo da reconversión, por máis que formalmente moitas veces manteña posturas de apoio ás forzas sociais. Coa entrada na CEE, o campo galego vai tam-en realizar, xa o está a facer, grandes movilizacións; aí están tamén os temas de ordenación comarcal, pesqueira —outro sector que se verá gravemente afectado— ou a fixación definitiva das sedes institucionais. A Xunta vai ser unha e outra vez zarandeada por estes avatares e perderá imaxe, cada vez máis, unha autonomia que só foi votada polo 20 por cento da povoación, non o esquezamos.

Pero, quererá o PSOE, se as movilizacións non o forzan, apontarse ao consenso? Variará as suas posicións mantidas até o de agora? Moito nos tememos que non. Esta é unha dificuldade do consenso. A outra está nos nacionalistas.

Parece case imposíbel que o BNG entrase neses pactos, ainda que este non fose o caso de PSG-EG, pois que Camilo Nogueira ten falado xa algunhas veces disto, ainda que agora a sua coeréncia como partido política, non a persoal de Nogueira, quedaria en entredito se fose a un pacto coas outras forzas parlamentárias, cando un dos seus líderes hoxe, López Garrido, foi expulsado por eses mesmos deputados do Parlamento.

Esta seria tamén a gran eiva para que o BNG entrase nun comezo xa a negociar. Primeiro, seguramente quererian negociar a entrada no Parlameto. Que se quede fóra, dirán alguns. Certamente, seria unha postura consecuente por parte da maioria das forzas políticas, que o que sempre intentaron foi arricoar aos nacionalistas O que ocorre é que hoxe por hoxe o BNG é o que ten o poder movilizador sen comparacións, dentro de Galiza. Sen o seu consenso, ainda que fose mínimo, é difícil chegar a pactos; seguirán as movilizacións, que afectarán decisivamente á credibilidade da Xunta e da própria autonomia, pois que é unha liña básica da política que está a seguir. Sen as forzas nacional-populares (BNG, INTG, CCLL, ERGA) en Galiza non pode haber hoxe nengun acordo que non sexa, na prática, papel mollado. Asi as cousas, difícil, moi difícil, se ve o "pacto de consenso".

A. EYRE

Vários nacionalistas no xulgado

Arquivo

En dias pasados foron chamados a declarar na Comisaria de Compostela Xesus Vega, membro do Comité Nacional do MCG; Encarna Otero, do Consello Nacional do BNG e Francisco rodriguez dirixente da UPG.

O motivo deste requerimento parece ser que foi a carta e a manifestación celebrada o 21 de Outubro en Compostela en protesta polas extradicións de militantes bascos, e da cal as persoas citadas eran convocantes en representación das respectivas organizacións.

Durante o interrogatório puderon comprobar que foran grabadas as suas alocucións ao remate da manifestación, o cal xa fora indicado por este periódico.

As perguntas xiraron sobre diversos aspectos da convocatoria e das intervencións finais. Foille apresentada tamén unha fotocópia de A NOSA TERRA na cal se informaba da manifestación, interrogando a algun deles sobre se se ratificaba nas declaracións que alí se recollian.

Xulgamento en Vigo

Pilar Costas, Sabela Varela e Enrique Vieitez foron xulgadas o pasado dia 3 en Vigo acusadas de coacción e desacato á forza pública. As acusacións están referidas a un encadeamento e corte de tránsito en protesta pola expulsión dos deputados nacionalistas do Parlamento Galego.

Pero seguen túrbias

As águas voltaron á sua canle

As águas voltaron ás suas canles na última sesión parlamentária despois de saírense un pouco de nai, tan só un pouco, moito menos do que quixeron facer crer, como no caso de "Klaus". Na última sesión máis ben parece que entraron en estiaxe, pois que temas tan conflitivos como "o do Grove", entrevista Albor-contrabandistas, uso privado de veículos oficiais, universidade do Atlántico... foron tratados xa non digamos con cortesia parlamentária, senón con refinamento rococó, que máis parecia que estaban a facer a rosca por algo ou cousa semellante.

No caso Grove, onde se coñecen xa, Guerreiro voltou a atacar a Carreño e pediu a sua substitución, pero fíxoo nun tono moi comedido e gardándose moitas cousas que podia pór sobre a mesa, como mesmamente lle reprocharon alguns compañeiros seus ao rematar o pleno.

Carreño quixo devolver a pelota, e no seu intentento, e en vez de explicar, o que parece lle era imposíbel, quixo descalificar a moción atacand ao goberno municipal do Grove, en tempos nos que o PC ocupaba a alcaldia. E intentando facer isto, terxiversou as cousas e até se poderia dicer que mentiu, ao querer demostrar a má xestión comunista, aludindo a denúncias de traballadores municipais por impagos, cando estas denúncias, ainda que se fixeron na época en que gobernaba o PC, foron interpostas por feitos ocorridos na época de Bea Gondar e instigadas por este, como xa fora informado daquela nestas páxinas.

Anxel Carreño mentiu, ao intentar convencer e afirmar reiteradamente que "no Grove celébranse plenos", amostrando as actas. Isto é o colmo da desfachatez, só superada en parte polo tamén aliancista Pía Martínez, director xeral de Xustícia, que, resumindo, veu dicer: é moito mellor facer obras ainda saltándose a legalidade, que non facelas. Veu, en suma, xustificar o fascismo.

No asunto da entrevista de Fernández Albor cos contrabandistas en Portugal, recoñecida polo próprio presidente e non despexadas todas as dúbidas sobre se Carreño tivo algo que ver ou non, a oposición foi tremendamente compracente, e ao máis que chegou foi a acusar ao presidente de inxénuo e de comportarse na política como na vida persoal. O que, ben mirado, non seria nengun demérito,. Nós non caompartimos tanta inxenuidade como alguns queren facer crer que ten Albor. Pode que creamos na sua bondade persoal, pero non na sua candidez política. Albor é un político de pés a cabeza, orabén, ten outra forma de facer política que até nos atrevemos a calificar de máis consoante co povo galego.

Para qué falar das outras interpelacións antes reseñadas. As irregularidades están probadas. E igual non pasa nada.

Precisamente é isto, este non pasar nada, o que fai que cada vez máis as águas baixen máis revoltas. Aí está a afirmación de Oujo Bello ao chamarlle nunha comisión "mister catro por cento" a Carreño. Cada dia aparecen máis mocións e interpelacións pedindo que se aclaren irregularidades e o nome de Carreño Maribona está sempre presente. Isto é o que fai enturbiar as águas parlamentárias galegas e que alguns pensen que hai que facer uns "pactos" para salvar as institucións.

A.E.



Ramón Faraldo

Crítico de pintura, guionista de cine, xornalista, escritor... aventurero da vida

Sentarse, prender o magnetófono e ir deixando que se deiten nos ouvidos as aventuras de toda unha vida sempre é apaixonante. Sobretodo cando quen nos conta viveu intensamente as aventuras e as calamidades cun espírito devorador. Desde as viaxes ao Amazonas á estadia nos campos de concentración, desde o trato de Neruda, Picasso ou Hemingway, Ramón Faraldo, polifacético, desbrullou alguns graos desa intensidade para nós. Faraldo permanece descoñecido para os non iniciados despois de deixar a sua pegada crítica en numerosas publicacións. Afastado agora, por enfermedade, da notoriedade pública, vive en Vigo, agardando a oportunidade de estar outravolta nunha plataforma pública desde a que escreber.

Nasceu en Galiza, concretamente en Foz, e pasou parte da infáncia e a mocidade en Mondoñedo, na compañia de Cunqueiro "de quen poderia contar moitos episódios divertidos". A sua afeizón naqueles anos era o estudo; aos 18 anos participa na guerra e pasa á Fráncia onde está un tempo no campo de concentración de Les Argeles "naquelas maldisoadas areas nas que morreron máis españois que na própria guerra".

Fuxido de Argeles, apreséntase en París e vive os primeiros anos cantando nos restaurantes, "un dia pédenme **Xa se van los pastores a la Extremadura** e ao rematar chámanme dunha mesa e apreséntanse: eu son Pablo Neruda eu fiquei xelado e o que me acompaña é Andrè Malraux, a quen coñecera na guerra, onde mandou unha escadrilla. Malraux, que falaba moi mal polo efeito dos gases na guerra do 14, proponme traducir a sua obra **A esperanza**, e co gañado aluguei un estudo e púxenme a pintar".

Daquela entrou en contacto con Olga Picasso, "nai de Polito, o único fillo lexítimo de Picasso; facémonos amigos e propónme tirar ao fillo do ambente da máfia parisina en que aquel estaba metido. Sálvoo dunha redada e proponme obter cartos do pai. Imos ao estúdio do pai e négalle máis cartos. Polito rouboulle alguns debuxiños e vendeunos por moi poucos cartos, repetiu a operación várias veces e un dia chegamos ao estúdio e estaban os debuxos enriba da mesa: mercáraos Picasso a mellor précio.

"Picasso era un xénio que entrou a saco na história da arte".

Encarouse co fillo e díxolle: a min dame igual que sexas asasino, difamador,... o que queiras, pero que vendas os meus debuxos ao précio que o fas é desprestixiar a miña obra. Desde mañá haberá dous guardas con rifles e dobermans con orde de disparar. Non voltamos máis". Ainda houbo máis aventuras con este fillo, que renegaba do apelido de seu pai, pero daquela gobernaba en Paris León Blum, "o nefasto socialista que decretou a Lei de Non Intervención coa que nos arruinou, e cheguei a el ofereréndolle facerlle a biografia, que afinal publicou a editorial Ercilla, chilena. Chegan on nazis a Paris e pillo o derradeiro tren que abandonou Saint Nazaire, refuxiándome en Saint Jean de Luz. Camúflome un ano e regreso a España, pasando tres anos nun campo de concentración e saindo inválido parcial".

Vendedor e guionista de cine

Ao sair, xa en Madrid, dedícase a vender "unhas agullas que xamais se soubo para qué servian, cruxois que non soportaban nen a primeira fundición... eu ia naquel tempo a unha tertúlia no Café Lis, onde coñezo a xentes relacionadas co cine e a un redactor do "Ya" que me suxire escreber unha crónica para o seu xornal que se tiduou **"Benjamín Palencia, pintor de Castilla"**. Ali cobrei os meus primeiros 40 pesos, e desde ali comezou uha andaina de 30 anos no periódico e escrebin xa de todo, agás de informática e balonmán".

Faraldo escrebera unha novela, inédita, titulada **"Unha de estas noches"**, e através dun amigo pintor entabua coñecimento coa xente do cine daqueles anos: Vicente Escrivá, Fernán-Gómez, Rabal, Alfredo Mayo,..." linlle un capítulo e debeulle gostar a Escrivá porque me chamou para facer guións de cine. A primeira película que fixemos foi **"La guerra de Dios"**, que protagonizou Paco Rabal e daí parte toda unha xeira que inclue case todo o cine mao que se fixo na época, por exemplo "Sor Intrépida", a



quen en Madrid chamaban "Sor Estúpida". Eu admiro a Escrivá porque despois de facer unha película bastante boa, "Dulcinea", arruinada pola produtora, marcha para México, fai guións para Cantinflas, enriquécese e volta e segue a facer cine".

Picasso, Hemingway, Neruda, Batista...

Discrepando co carácter dos franceses, Faraldo confesa que a sua aprendizaxe en Paris foi decisiva, "ali coñecin a Picasso, tratei a Hemingway, a quen despois volvin topar na Habana, onde escrebeu "O vello e o mar", tratei a Malraux, a Neruda,..." Xa en Madrid, mándano a unhas conferéncias por toda Latinoamérica, en compaña de Julio Prieto Nespereira. "En Valparaíso atopo outravolta a Neruda, e acompáñoo á Illa Negra e despois á Illa de Páscua, e case ao meu carón escrebe ese poema "As pedras do Machu Pichu", e coñezo a César Vallejo".

No Peru embárcase nunha aventura en Iquitos que o leva ao Amazonas "onde pasei o medo máis espantoso que pode pasar home algun; aquilo é o reino do veneno. Eu levaba unha pistola e un rifle e á volta, no meio dun camiño, unha serpente divina, cor coral, branco de neve e carmin, agárdame. Non hai soro antiofídico contra ela, esquecin de todo o que levaba e só pensaba: mátame, mátame, que me dá máis medo verte aí, asquerosa, que morrer. Salveime por un ruido que a deixou escapar e eu pedin o senso".

Despois vai a Cuba, a nai de Faraldo é cubana, ali coñece a Batista "un tirano, un feroz déspota. Eu dinlle a man e asegúrolle que darlle a man a ese indivíduo era tan mao como tropezarse cunha serpente no Amazonas. Ia como xúri da I Bienal do Caribe. Vou a Miami e ali descobro que a aduana iánqui é a pior do mundo: por unhas piñas, e unhas pelicas de crocodilo sometéronme a un rexisto que nen Al Capone".

Faraldo e Picasso

Propóñenlle ir de comisário a unha exposición de pintores españois en Paris, e esixe que lle poñan outro nome distinto ao cargo e aceita finalmente, indo á Galeria Carpentier: "hai cadros de Tàpies, Pi de la Serra, un cadro do, para min, mellor pintor español dos últimos tempos, o galego Tino Grandío, Zabaleta...". Lembrando esta exposición, Faraldo lánzase a falar de Picasso; "era un xénio, como vostede sabe, pero un xénio que entrou a saco na história da arte: desde a pintura rupestre pasando pola escultura nixeriana ou pola pintura negra. Por exemplo "As damas de Avignon", é a adaptación feita por un caníbal dos frisos de Frídias. En Paris asisto ao início do "Gernika", obra suprema de Picasso, que non é un óleo, senón un esmalte: é a superación extrema, divinizada, dun estilista amaneirado pero xenial. Fixera máis de cincuenta cróquis, e agora vexo o cadro final e penso que realmente o que veu a Madrid non é o auténtico cadro pintado para o Goberno da República. E unha suspicácia, pero está fundada".

"Picasso era un raposo. Na sua vida nunca falou de Velázquez, porque era tan raposeiro que lle temia, pero silandeiramente, despois de facer cerámica moi má, a sua obra final son doce réplicas das 'Meninas'. Por qué?"

O seu trato con Dalí

A Dalí coñeceuno ben, "Dalí adoraba a Picasso, que xamais o recebeu, apesar dunha conferéncia, famosa, na que dixera aquela frase "quixo a Providéncia que por unha vez coincidamos no mesmo espácio xeográfico e temporal os dous xénios que imos salvar á pintura contemporánea: Picasso e eu, Salvador Dalí, que por algo me chamo Salvador", e aquel famoso dilema "Picasso é español, eu tamén; Picasso é universal, eu tamén; Picasso é pintor, eu tamén, Picasso é comunista, eu tampouco".

Falando de Miró exponnos algo da sua teoria sobre a crítica da arte "en arte é extremadamente difícil, arriscado e idiota facer imperativos categóricos. Miró penso que debe o seu prestíxio á necesidade dos marchantes de proveer de firmas novas ao mercado".

Faraldo trainos á memória as opinións de Dalí sobre o cubismo de Picasso "nasce de duas cousas: unha, a influéncia dos mosaicos hispano-árabes, que debeu ver na Alhambra e na parte vella de Málaga, e outra do seu amor á pobreza: os americanos propuxéronlle ir para Nova York e construirlle unha ponte de ouro, Picasso respostou construan a ponte, eu dormirei embaixo".

Os pintores galegos

Faraldo foi o primeiro en levar a Laxeiro a Paris, cunha obra chamada "O enano afogado", "en certa ocasión, concedendo o prémio 'Eugenio D'Ors', estiven toda unha noite mantendo un empate dialéctico cun crítico ourensán, Trabazo, para dilucidar o prémio entre Laxeiro e António Quirós, que afinal gañou".

Opina rapidamente sobre alguns pintores galegos que coñece "Lugrís é un grande pintor na medida en que é un grande poeta. Ten un encanto fabuloso, máis que polo que se ve polo que conta . A sua é unha arte narrativa".

"Laxeiro é un gran pintor, máis do que el cre. Castelao era máis dibuxante que pintor. Ben dito, o que el facia era Castelao, era Galiza, saltaba por riba da pintura: é case máis Galiza que Galiza".

«Fidel foi un tipo providencial, digan o que digan, dado o que foi Batista»

"Pero quen é o grande dos grandes é Tino Grandío, de quen poderia contar moitísimas cousas sobre a sua xenialidade..."

Fidel a Cuba

A vida de Ramón Faraldo é un pozo sen final de anedotário, exposto ademais como quen, de súpeto, púxose a escoitar un libro. Traballou en várias revistas e xornais, ademais do reseñado "Ya", "Mundo Hispánico", "World Review", "La Nación" de Buenos Aires, "El Comercio" do Peru.

Nunha viaxe a Cuba coñece a Fidel Castro "que é un indivíduo providencial, digan o que digan e dado o que fora Fulgencio Batista.", a Graham Greene, a Hemingway, "a este último trateino, e parte do libro 'Por quen doblan as campás', o que fala do frente na guerra española dio en base ao que lle eu contei, que si estivera na guerra".

Testigo, nas viaxes a Arxentina, dos efeitos que produciu na emigración a morte de Castelao, Faraldo dinos "cheguei dos dias despois da sua morte. Todas as campás tocaban a morto. Era impresionante nunha cidade que carece totalmente de unidade, que é un produto de emgiración".

Cuba ten outras grandes lembranzas para Ramón Faraldo. Ali foi convidado a unha cerimónia de vudu, e asombouse coa aparición dos mortos saíndo das tumbas, nun fenómeno que só se pode atribuir á hipnose colectiva", arando a terra: "á mañá os feiticeiros sacrificaban un galo e os mortos voltaban á terra eu non tomara nada e non acredito nesas supersticións,... pero o certo é que a terra á mañá estaba labrada".

De Fidel Castro fala con certa admiración "era capaz de falar horas e horas e nunha linguaxe que entendian todos" e en xeral de Cuba, onde nas suas palabras "respeitan e odian aos españois", e recitounos un verso que ouviu moitas veces almorzando e que dicia: "es cosa que nos mancilla, por falta de independencia/ brindar por la libertad con cañas de manzanilla/ Manzanilla de Sevilla/ Sevilla, tierra de España/ España que nos humilla con su infamante opresión/ brindo por la revolución con aguardiente de caña".

E séguenos contando cousas daqui e dacolá, devagariño. Ramón Faraldo, de quen tivemos notícias hai uns meses polo pintor Camilo Caamaño, e de quen o futuro seguro que traerá novidades.

XAN CARBALLA

Denúnciao o SGTAP

Graves irregularidades no funcionariado da Xunta

O Sindicato Galego de Traballadores da Administración Pública afirma que a Xunta deixa sen direito a eleicións sindicais e a negociación do próprio convenio a máis de 1.000 contratados laborais. O SGTAP recorreu contra o censo de contratados, pero ainda vai máis alá, en declaracións feitas a A NOSA TERRA polos seus responsábeis dentro da administración autonómica denúncian graves irregularidades.



O colectivo de traballadores que hoxe forman a Administración autonómica galega é moi variopinto e ten unha conformación ideolóxica moi variábel. Por suposto que o Goberno de AP e os anteriores potenciaron o amiguismo, e asi podemos ver, se facemos un mapa de funcionários, cómo se distribuen nas distintas consellarias segundo a área de influéncia eleitoral dos responsábeis, a coincidéncia ideolóxica e até o servilismo. Foron asi pondo nos postos da adminsitración a xente que non lles ia criar problemas e que aceitase as discriminacións e non sacasen fora os "chafullos" se era que se producian.

Asi, os Funcionários del Movimiento, da Sección Femenina, da OJE e da AISS (o último reduto do franquismo) van copando os principais postos de xestión da Administración galega.

A resolución dos últimos concursos de oferta pública de emprego para cobrir postos na Administración autonómica, trouxo consigo que funcionários xóvenes que se encontraban traballando polo territorio estatal adiante pudesen aceder a Funcionários da Xunta. Foi isto, segundo os responsábeis do SGTAP, "o que trouxo outras condicións para reclamar os direitos que nos son negados e denunciar perante a opinión pública uns botóns de mostra do que é a administración autonómica galega, xa que coidamos que é necesário que o resto dos traballadores coñezan os nosos problemas, que dentro da Administración autonómica hai xente con conciéncia de clase e da opresión nacional, e que a opinión pública teña tamén coñecimento das anomalias, para que, coa sua presión, desaparezan, porque isto vai en benefício de todos".

Denúncias concretas

O SGTAP-INTG, que afirma "tentar de acabar dunha vez coa discriminación, o enchufismo e a anarquia" denúncia a "falta de eleicións sindicais, pois que non temos direito á representatividade sindical e até hoxe é ilegal estar afiliado a algun sindicato".

Consideran tamén contrária á lei a "cláusula de tres anos de permanéncia no posto cuberto no concurso antes de solicitar traslado. Ainda que, por suposto, as comisións de servícios pódense dar se o funcionário ten amigos e o seu comportamento non criou problemas. Tamén é ilegal", segue a afirmar o SGTAP-INTG, "a negativa a participación en concursos de traslados a todos os funcionários que viñeron transferidos, cando nos casos doutras comunidades autónomas se lles considera mérito preferente na comunidade respectiva".

Denúncian tamén a "aplicación arbitrária dos horários, das saídas a tomar café, dos permisos...", asi como as dietas "onde os auxiliares teñen que viaxar en segunda clase e os outros en primeira, tendo que esperar, os auxiliares, claro, para cobrar, máis de seis meses, mentres que os xefes o fan pontualmente".

Por último o SGTAP afirma que a incorporación do idioma galego no traballo diário na Administración autonómica "vese relegado só a dar imaxe cara afora e iso en poucos casos; na maioria o galego non existe nen se fala, e os escritores, libros, etc., teñen que ir en español..."

Tamén o Sindicato Galego de Traballadores da Administración Pública denúncia "como botón de mostra só, xa que hai moitos máis dados, que proximamente entregaremos en forma de **dossier**", casos concretos como o "contrato a dous traballadores da unidade móvil de Lugo, da Consellaria de Sanidade, onde a dous traballadores estalles vetado ir ao traballo, cobrando igual, contratando para os seus postos outras duas persoas".

Segundo o SGTAP, todo empezou cando estes traballadores denunciaron a sua situación diante de Maxistratura, pretendendo pasar a fixos; fallaron en contra deles, para seguidamente aprobar outro recurso onde se especificaba que non podian ser despedidos nesta campaña.

Ainda asi, como xa se dixo, foron despedidos, seguen cobrando igual, e contrátase a outras duas persoas para o seu posto.

Tamén denúncia o sindicato da INTG, "como exemplo, o caso do Director Xeral de Saúde Pública, que leva todos os dias o coche da Consellaria á Coruña, ou o caso do Xefe do Gabinete do Conselleiro de Agricultura, que tivo o coche oficial durante as vacacións, ou o Secretário Xeral Técnico da Consellaria de Agricultura que arranxou un chalé do IRYDA para viver o administrador; por non falar xa do autobus que vai todos os dias á Coruña e que leva e trai aos funcionários até as portas da Consellaria (saíndo á hora que queren no caso de "ciclóns", choivas, etc.), autobus pagado a cargo dos presupostos xerais, cando, ademais, os funcionários teñen que residir no lugar de traballo, por non falar dalgun alto cargo que vai con dietas a Madrid para ver á família, a utilización das tarxetas da autopista, dos cheques-gasolina, ou das facturas que se pagan aos proveedores grandes e aos pequenos se lle tarda até anos...".

O SGTAP pensa que "coas eleicións sindicais, a administración autonómica ten que cambiar para ben de traballadores e administrados".

A Póvoa do Caramiñal

Orixinal consulta popular sobre o nome do município

Vense de celebrar, en surprendentes circunstáncias, unha "consulta popular" organizada polo alcalde da Póvoa do Caramiñal segundo a cal non se levaria a cabo a galeguización do nome do municipio.

Esta consulta fíxose, indica o alcalde señor Durán, para dar resposta á petición da Xunta de Galiza de que o município se decidise por un dos seguintes topónimos galegos: "Pobra, Pobla, ou Proba".

Apesar de que a corporación, con maioria de AP, xa se tiña definido en favor do nome "Puebla", coa oposición de PSOE e BNG, o alcalde decidiuse a convocar unha orixinal consulta, na cal o nome castellano, proposto por el, gañou co noventa por cento dos votos.

Nunha carta enviada aos viciños xunto coas papeletas da consulta, o alcalde argumenta que "o nome de Puebla fóralle concedido ao município, ao igual que outras pueblas de España e Galiza, polo priviléxio das cartas pueblas, que no século XIII foron outorgadas con vistas ao fomento do turismo, comércio, etc."

"Non se trata pois —engade— da recuperación dun nome que foi castellanizado, como se nos di: pola contra o pretendido cámbio, suporia para nós a perda dun importante priviléxio".

"Por outra banda —afirma Durán Casais— e tendo en conta o exposto, o nome de Puebla non ten tradución ao idioma galego".

"La Puebla del Durán"

A "consulta popular" e as argumentacións da alcaldia foron obxecto de duras críticas.



AYUNTAMIENTO DE PUEBLA DEL CARAMIÑAL

CONSULTA SOBRE EL NOMBRE DEL MUNICIPIO

¿QUE NOMBRE DESEA PARA SU PUEBLO?

PUEBLA ☐
POBLA ☐
PROBA ☐
POBRA ☐

Si considera otro escríbalo _____

Firma _____

D. N. I. _____

1) Ponga una X en el recuadro que desee contestar.
2) Imprescindible la firma y el D. N. I.
3) Las papeletas en que aparezca más de un nombre cruzado no serán válidas.

A Asociación Cultural "A Miserela" denúncia os feitos, sinalando que "non existiu unha información pública sobre o tema, limitándose a unha série de argumentos que carecen do máis mínimo rigor científico, como o feito de dicer que este nome era intraducíbel, ou nunhas posíbeis Cartas Pueblas que se concederon no S. XIII para 'fomentar o turismo' " (...)

Para a citada Asociación, ademais dun desprécio ás opinións científicas dos estudosos sobre o tema, é un entorpecimento do gran labor que a Xunta está a levar en pro da normalización da língua.

Segundo o BNG "que o nome fundacional fose Puebla non é en todo caso máis que a proba dunha dominación política, económica e cultural alleas".

Engadindo que "é de falsa democrácia pretender resolver unha eleición de topónimo (que só pode facerse en base a critérios lingüísticos e polo tanto por lingüístas) por meio de consulta popular.

O BNG sinala os coñecidos antecedentes do alcalde quen xa fora criticado por retirar a palabra a concellais ou non atender escritos de viciños polo único feito de iren escritos en galego.

"A consulta —di tamén o BNG— faina por decisión persoal, sen consultar para nada á Corporación municipal, manda aos viciños unha carta persoal, para que se enteren ben de cál é o seu pensamento e a sua opinión sobre o tema. Fai que a Guarda municipal recolla as papeletas nas casas dos viciños, asixe nome, apelidos, firma e carné de identidade aos consultados. Será para abrir un ficheiro cos nomes dos cidadáns que non opinen, ou que non opinen como o señor alcalde? Tamén hai na papeleta unha liña en branco, hai quen pensa que o señor alcalde pretende pasar á posteridade e que haberá xente que poña nese renglón: "La Puebla del Durán".

Por último, o comunicado do BNG critica á Xunta á cal acusa de "incapaz de asumir a nosa realidade social e lingüística, adoptando o término de A Póvoa do Caramiñal, e suxerindo en cámbio outros nomes como Pobla, Proba, ou Pobra nunca utilizados polas xentes desta bisbarra para denominar ao noso concello. Son estes nomes un auténtico elemento distorsionador no proceso, que non pode ter outro obxectivo que o de darlle a razón a Durán Casais".

M.V.

ollada inxénua

Piccolomini e o Vaticano III

FRANCISCO CARBALLO

Unha das obras chamadas a **best-seller** é a reelaboración das Memórias de Eneas Sílvio Piccolomini (Pio II) por A. Castro Zafra. O tumultuoso catrocento italiano faise síntese entre inocente e cínica nos "Comentarii" deste Papa, única até hoxe autobiografia papal editada. Piccolomini incorpora o mellor da empresa **humanista** á modernización da Igrexa feudal. El que atacara sen compasión os soños de Cruzada dos papas Uxio IV e Calixto III, síntese obrigado á mesma operación cando escala a Suprema Hierarquia. A cruzada era para aqueles Pontífices o **alibi** lexitimador dunha absurda mistificación do relixioso. Os turcos eran o pretexto ameazante que permitia retrasar indefinidamente a "reforma in capite et in membris" que desde Constanza acataban todos os Papas, pero que nengun realizaba.

Esta inocente e dramática obra de E.S. Piccolomini "Asin fun Papa" (1458-1464), tal e como a apresenta A. Castro é un retrato explicativo a colocar ao lado das obras de Coticelli, ou de Fra Angelico. E o contraponto dos discursos de Savonarola. E o rosto dunha igrexa de pombas, anverso da inquisitorial a pique de reverdecer por obra e grácia de Fernando e Isabel.

Esta leitura confortante porla mistura dunha aceda crítica a corrupción curial cunha chamada á aventura en favor dunha Europa cristiá, pode servir de introdución hermenéutica aos preparativos de Xoán Paulo II cara á convocatória profética como á que impulsou a Xoán XXIII? Hai intentos de fortalecer o aparato eclesiástico papal como nos 1870, cando Pio IX conseguiu a declaración da infalibilidade?

As perguntas son esixidas a calquera que queira penetrar nos hermetismos do Vaticano. Certo que á Igrexa de Roma bombardéana problemas agudos: a Teoloxia da Liberación só é o iceberg da nova configuración horizontal das comunidades cristiás que crecen en Latinoamérica e empezan en Africa, Asia e, incluso, en Europa. Nascen novas litúrxias de culturas até hoxe non asumidas pola Igrexa Latina; berran por novas estruturas máis de 70.000 ex cregos e un número inda maior de ex freiras. Claman criatividade as parróquias sen clero, os seminário valeiros, os movimentos apostólicos decapitados.

Un sector, como pode ser o de Ratzinger e cantos seguen no tráfego relixioso da alianza co poder, declaran que o Vaticano II está superado e non serve. Outros pensan que nen está realizado, nen cerrado: nesa liña compre avanzar. Pode o papa Wojtyla ser o árbitro que aglutine e consega a unidade plural? Ao menos, vaino intentar. Por iso empeza a manifestar a necesidade dun Vaticano III. Necesidade sentida como acción superadora ou **alibi** que disfarza a incapacidade de aceitar a **contemporaneidade** que berra con grandes **signos** por unha igrexa de Xesucristo, superadora da feudal, da contrarreforma e de toda restauración?

Un interesante "angor" do corpo eclesial, que precisa amputacións de veas mortas e de "infartos" venenosos. Un interrogante aberto de novo na vella Igrexa de Roma.

Oscar Lopes é profesor de lingüística da Universidade do Porto e autor dunha importante História da Literatura Portuguesa. Ten sido profesor en Moçambique e participou na formación de ensinantes en Cabo Verde. Detido e xulgado pola sua actividade política, estivo preso no Porto co dirixente da independéncia angolana Agostinho Neto. Oscar Lópes estivo a fins de setembro no I Congreso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Caliza, organizado pola AGAL.

Oscar Lopes

Profesor de Lingüística da Universidade do Porto

"En Portugal, a metade das revelacións literárias da segunda parte do século son mulleres"

A miña comunicación ao Congreso foi referida á obra dunha escritora de Porto, Agustina Bessa-Luís, chamada "A Sibila". O asunto desa novela é unha família de proprietários rurais, de quen o xefe real é unha muller. Daí ven o nome de Sibila. Ela é a xefe do clan familiar e ten grandes dotes administrativas; é unha personaxe extraordinária que adiviña, que ten premonicións, que ten unha linguaxe poética e ten até éxtases místicos.

A min esta novela pareceume interesante para esta comunicación porque hai moitos testemuños literários que mostran que na vida rural do Noroeste de Portugal hai moitas veces un matriarcado, son as mulleres quen administran os bens rurais ou os bens dos pescadores. Procurei mostrar que isto acontece desde as "Cantigas de Amigo" do século XIII, en que o home está ausente e a autoridade é a nai, até ao longo de toda a literatura portuguesa. O outro aspeito é evidenciar que non é por acaso que este tipo de novela aparece agora, porque estamos nunha fase de grande emancipación cultural das mulleres. Neste caso trátase de mulleres de clase média, pero a verdade é que en Portugal e noutras partes, as mulleres conseguiron acceso ás posicións liberais, ao ensino en todos os niveis, e en moitas actividades do sector terciário, e este tipo de narracións non fan só unha leitura documental, senón unha visión sintomática do que acontece, é unha expresión de alta conciéncia da importáncia que a muller ten do seu próprio papel.

Isto apliqueino ao caso galego, pois paréceme que se se quer gañar prestíxio para unha cultura expresa en galego, é preciso que as mulleres consideren que o falar galego, manifestárense en galego, é prestixioso. Verifiquei pola Enciclopédia Gallega que, no ensino básico, non chegan a un 10 por cento as mulleres que declaran falar galego, ao tempo que son un tércio dos homes profesores os que declaran falalo. Isto significa que as mulleres, que son moi sensíbeis a cuestións de prestíxio (modas, maneiras,...), nono son ao uso do idioma e seria importante que iso se dese.

Haberia aí dous aspeitos, a muller protagonista da literatura e a muller facendo literatura...

Con protagonismo na literatura eu distinguiria duas cousas. Hai unha literatura na que se idealiza á muller, que se topa nas cantigas trovadorescas de corte provenzal, na poesia renacentista, na poesia romántica, e iso ten pouco que ver cunha verdadeira emancipación e dignificación da muller. Pouco ou nada, porque é unha idealización que emascara unha efectiva suxeición. Outra cousa diferente é verificar que, en determinadas poesias, dramas ou narracións, involuntariamente autores masculinos testemuñan que a muller ten unha grande importáncia, por exemplo na xestión da propriedade rural; isto amosa que non é só un papel de traballo caseiro, ou no traballo rural exterior, senón en funcións de dinamización económica, e iso é ocultado inconscientemente e transcende nunha leitura sintomática dos textos.

Hoxe acontece que as mulleres xa asumen iso. As mulleres teñen un senso diferente da dignificación do seu próprio papel social.

E a muller facendo literatura? En Portugal hai moitas autoras importantes da que Agustina Besa-Luís é apenas unha mostra.

Eu podo citar só de memória unha dúcia de mulleres de hoxe en dia que son grandes nomes na literatura portuguesa. No conto, na poesia, no ensio, na novela. E difícil cuantificar, pero ou diria que o cincuenta por cento das revelacións literárias da segunda metadè do século son mulleres.

Haberia daquela literatura masculina e literatura feminina?

Na literatura masculina, de autoria masculina, pódense dar depoimentos importantes acerca de problemas da muller, e até acontece que as figuras máis tráxicas, máis comoventes do teatro portugués, da novela portugués, quizá sexan mulleres. Iso é unha cousa e outra as mulleres asumiren a expresión da sua própria sensibilidade, que dá unha cualidade diferente.

Cando o home fai iso toma unha atitude de dramatización; imaxínase, colócase no papel da muller. E iso acontece desde as cantigas de amigo do século XII e XIV, que son colocadas en boca de mulleres, mais son trovadores masculinos quen as fan.

Seria interesante perguntarnos por qué os homes senten tanta necesidade de apresentar figuras femininas apaixonadas, interesantes, complexas, libres, transgresivas. E esas figuras corresponden máis a unha idealización que a unha realidade. No tratamento das personaxes femininas por mulleres, aquelas son moito máis concretas, moito máis reais, moito máis ricas. E o que está a acontecer con esta literatura portuguesa de autoria femenina.

Cál é a motivación do seu interés polo papel da muller na literatura?

Eu considérome un demócrata consciente e consecuente, e considero que para o proceso de democratización real da sociedade portuguesa é moi importante a actividade por parte de mulleres, como é importante tamén a toma de conciéncia de labregos e obreiros. Mais non vexo outro proceso de democrácia parlamentária, en grande parte formal, para gañar unha conciéncia social sen un empeño desas tres forzas, entre outras. E eu non son muller, nen labrego, nen obreiro, Polo mesmo que eu combatin contra o colonialismo e estiven preso xuntamente con dirixentes da independéncia de Angola —estiven preso con Agostinho Neto—, e non son preto. O que sucede é que eu consideraba que non era posibel unha auténtica democrácia en Portugal sen rematar co colonialismo.

Resumindo, considero a integración destas forzas sociais como moi importante.

Mudou moito a situación a respeito da muller, en Portugal, após o 25 de Abril?

Mudou moito. A literatura feminista era moi reprimida. Un libro de textos poéticos e narrativos chamado "Novas cartas portuguesas", publicado no 1972, provocou a apreensión do libro, a sua proibición e o xulgamento das suas tres coautoras. Só após o 25 de Abril foi posíbel ás mulleres tratar moi abertamente os problemas que lles interesan.

Cál é o seu coñecimento da realidade lingüística e cultural galega?

Da realidade lingüística e literária teño coñecimentos xa antigos. Eu son autor dunha História da Literatura Portuguesa e esta é indisociábel da literatura galega desde fins do século XII, até meiados do século XIV, e ainda alguns autores do século XV. Portanto, até o século XIV galego e portugués apenas se diferenciaban; habia diferéncias de tipo dialectal, mais o portugués falado no Norde de Portugal era moito máis parecido ao galego, falado do Miño para acá do que o falado sobre o Mondego. A situación criada despois dos Reis Católicos transformou iso e criou un siléncio de tres séculos.

Eu tamén teño sido profesor de História da Língua Portugesa, en función diso e do meu labor como estudoso da literatura portuguesa eu non me podo abstrair da importáncia da língua e a literatura galegas.

Texto e fotos: XAN CARBALLA

Pequineses

A. MACIÑEIRAS

Hai poucos dias, o gabinete en pleno do governo de Chile dimitia. O ministro voceiro espuxo as suas razóns, asisadas por certo: o nídio contubérnio da Igrexa andina —ou da Igrexa en xeral— coas cúpulas bolbosas moscovitas. Coa valente claridade que a equipas desta xorne caracteriza, o ministro dimisionário tiraba asi da manta —non da que ten enriba, mais da outra— dando de cheo no cravo, e puña á descoberta a "Italy Connection". A sospeita que pairaba por enriba de todos ficaba sinalada: o eixo Chernienko-Wojtyla é xa tan evidente que faleceu o engano.

E, efectivamente, se é que aínda habia dúbidas, hoxe as clarexa a prensa. O Vaticano segue a lle facer as beiras ao pequinés abxecto. E ao dicer pequinés non me refiro ao can de Casaroli, secretário de estado vaticano, que seica lle ten os tornocelos fodidos a trabazos, senón estritamente aos homes que en Pequín controlan os destinos de ao redor dun tércio do planeta.

Porén, os sucesores de Mao —que previamente teñen "desmaoizado" e beben Coca-Cola, cuspidiños ás xentes de Oklahoma e Arkansas— mostran unha postura irrenunciábel: ou Carol racha o fio que conecta co monifate formosiano, ou non hai relacións, nen farrapo de gaita. E, claro é, o lério é que Wojtyla debece por ir, nai, en romaria, ás prazas pequinesas e espallar a sua verba aos catro ventos, e ás cinco treboadas, para ver de convencer das vantaxes do Verbo ás amplas masas que, de fixo, enlevadas, calquer dia destes, ao escoitaren o limpo rechouchio do Vigário, terán xa proxectado comezaren a construción masiva de santuários, capelas e máis petos de ánimas, e mesmo pór a andaren pequenos obradoiros unifamiliares, ao xeito de unidades produtivas, de rosários, estampas e lilainas variadas, e mesmamente fala-se de que a Nai Tareixa de Calcuta xa posue un contrato de PNN na Faculdade de Ciéncias Escatolóxicas (Sección de Milagres, Subsección de Pediatria Xexúnica, Cadeira de Esfameados) da Universidade de Pequin, para o cal, din, houbo de rexeitar un posto sobranceiro na Executiva das Novas Xeracións de AP de Sória.

E Wojtyla agardando, agoniado, á chegada do ingre no que poidan tiraren-lle unha foto comendo unha hamburguesa nun Mc Donald en forma de pagoda, para abraio do mundo ocidental e Maradona, que albiscará a posíbel competéncia. E namentres, aló en Taiwan, a reacción do Kuomintang conspícuo, artellando, se cadra, unha vinganza. Agora que Alí Agca está no paro, quizais non sexa doado. Se callar algun traballador de Ascon ou Olaveaga...

OUTRO PRODUTO GALEGO QUE SE EXPORTA

ION

O PASTOR ELECTRICO

APARTADO 322 NADELA (LUGO)

Universidade

O equipo rectoral derrotado e dividido

Con evidentes divisións internas, o grupo até agora maioritário no claustro da Universidade compostelana verase obrigado a defender propostas enfrentadas á actual política universitária do goberno central, despois da forte derrota sofrida polo equipo reitoral na reunión do Claustro celebrada oa pasado luns dia 3.

A celebración dunha reunión do Claustro onde se discutise o tema das tasas e dos aloxamentos tivo que ser ademitida polo reitor ante a presión dunha grande parte das forzas presentes no mesmo.

Nesta reunión, levada a cabo o dia 3, o señor Touriño, membro do equipo reitoral, apresentou un informe no que en liñas xerais viña dar a razón a alguns dos argumentos tradicionalmente exibidos polos grupos máis progresistas e nacionalistas da Universidade. Asi, afirmou que a Universidade galega encontrábase marxinada a nivel de presupostos a respeito das outras do Estado. Indicando, por exemplo, que a relación número de alunos-profesor era a segunda pior de todo o Estado; en subvencións por aluno a Universidade galega ocupa o cuarto lugar pola cola e en subvencións a respeito do número de habitantes, o penúltimo lugar.

Para dar solución a esta problemática, apresentáronse seis propostas, que, despois dun debate reducíronse a duas: unha veiculizada ao redor dos CAF e outra apoiada polo equipo reitoral, na cal se viña ratificar nos acordos da Xunta de Goberno última (ver número 258 de ANT).

A proposta vencedora

A proposta unitária recebeu 132 votos, por só 46 para a do equipo reitoral. A derrota pode calificarse de histórica polo que pode significar no futuro do actual equipo reitoral.

A alternativa vencedora esixia: 1. Equiparamento imediato da Universidade galega coas do resto do Estado no tema das subvencións estatais. 2. Compensación económica que trate de paliar a discriminación sofrida pola Universidade galega. 3. Incremento das subvencións estatais.

Como medida a tomar a curto prazo marcouse a necesidade de derogar ou modificar o decreto de suba das tasas, de maneira que polo menos contemple: a) exención de pago para os estudantes que apresenten un módulo económico persoal que non supere os mínimos esixidos para a concesión de becas do INAPE. b) fraccionamento do pago do segundo prazo para os demais.

A estes pontos engadíronse tres medidas de apoio que son: 1. condicionar a abertura das actividades da Universidade no próximo curso á obtención dos tres primeiros pontos (equiparación de subvencións...) 2. No tocante ás tasas, en caso de que os organismos gubernamentais non aceiten estas propostas, a Universidade comprométese a non cobrar o segundo prazo aos que reúnan os mínimos esixidos polo INAPE, aceitar o pago fraccionado para o resto e garantindo en todo caso os direitos de matrícula. E 3. paro institucional de protesta en toda a Universidade para o próximo dia 12.

A vitória desta alternativa avanzada, que de feito ven significar a asunción dalguns dos problemas estruturais reais da Universidade galega e o enfrentamento coa política universitária emanada do goberno central, foi debida nun degrau importante á fortísima división entre o equipo de "renovación" que apoiaba ao actual equipo reitoral. Moitos membros desta liña —máis ou menos vencellada ao PSOE— votaron agora cos CAF e con todo o movimento de oposición. Nos corredores do claustro púdose observar unha evidente crispación entre diversos membros da liña até agora maioritário. A isto hai que engadir as fortes diferéncias que este mesmo sector está tendo na elaboración dos estatutos, que é outro dos temas claves. A derrota na votación na que se discutiu o tema das tasas foi interpretada por moitos como unha espécie de voto de censura á política desenvolvida até o momento polo equipo reitoral, ao tempo que lle depara un difícil futuro.

Aloxamentos

Sobre este ponto, o vicerreitor señor Cortizo realizou un informe do cal se viña derivar en conclusión que o problema da vivenda non era un problema real.

As propostas sometidas a votación reducíronse despois dun debate, a duas, en nengunha das cais estaba representada a opinión do reitor. Os membros do seu equipo, despois da derrota anterior non apresentaron proposta, e nen sequer votaron nengunha das existentes.

As duas propostas votadas represetaban representaban unha aos CAF e a outra unificaba a da PEPA (candidatura estudantil que nestes momentos se encontra dividida e semidisolta carente de alternativa e de membros cualificados), a do profesor Cancio e a de Carlos Marcos (vencellado a AP). Esta segunda foi a gañadora, derrotando á dos CAF por 48 votos contra 45; o avanzado da hora fixo que o número de claustrais ficase moi reducido.

Segundo a proposta aprobada formaranse duas comisións que serán as encarregadas de buscar solución ao problema dos aloxamentos.

Críticas dos CAF ao reitorado

Para os Comités Abertos de Faculdade, a situación actual é a lóxica derivada do fracaso das expectativas levantadas polo PSOE en certos sectores da Universidade. O reitorado non tomou, segundo os CAF, a iniciativa en nengun momento e inclusive foi incapaz de dar unha resposta aos problemas plantexados polos estudantes. A política do reitor califícana de continuista e de máis preocupada en desprestixiar ao movimento estudantil que de solucionar os seu problemas, o cal agora mesmo estaria producindo xa un resultado inverso, criando divisións entre os próprios apoios conseguidos nun princípio polo reitorado.

M.V.

OFERTA DE EMPREGO.

II PROGRAMA DE FORMACION DE TITULADOS E FOMENTO DO EMPREGO 1985

CONVOCATORIA PARA TITULADOS DE GRADO SUPERIOR OU MEDIO.

A XUNTA DE GALICIA en colaboración con SODIGA convoca concurso para dotación de **60 prazas** para traballar en empresas galegas durante un ano **en réxime de prácticas,** así como a posibilidade de optar ás **5 bolsas de formación** no extranxeiro que a XUNTA DE GALICIA dota tamén.

Os **licenciados en Facultades** Universitarias, **Enxeñeiros** e **Arquitectos** Superiores ou Técnicos, e **diplomados** en **Escolas Universitarias** que reúnan os requisitos seguintes de:

1.—Ter nacido ou ser residente en Galicia, ou ter cursado os estudios nun Centro docente galego.

2.—Que a data de finalización dos estudios non sexa anterior ó mes de febreiro de 1981, salvo no caso de permanencia no Servicio Militar que retrasaria na mesma medida a devandita data.

3.—Estar libre do Servicio Militar ou ter posibilidades de conseguir prórroga de incorporación durante o ano de 1985.

Poden recoller ou demandar os impresos de solicitude en:

SODIGA: r/ Ourense, 6. Santiago. Tfno.: (981) 56 61 00.
COIE (Unidad de Empleo): r/ Sto. Domingo de la Calzada, Santiago. Tfno.: (981) 59 98 58.

A data final de recepción de solicitudes é o **15 de decembro de 1984.**

sodiga "PROGRAMA DE TITULADOS"
C/. Ourense, nº 6. Tfno. (981) 566100 SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
— CONSELLERIA DE ECONOMIA E FACENDA

Segundo o "Financial Times"

Galiza é un país aparte

O diário económico británico "Financial Times" apresenta a Galiza como "un país aparte", fondamente orgulloso da sua herdanza apesar de non ter un forte movimento separatista.

A nosa comunidade autónoma será a que receba un pior impacto pola entrada do Estado español na CEE, segundo informa este diário.

No seu primeiro suplemento sobre o noso país o periódico londinense indica que as producións de leite e carne non se verán beneficiadas coa entrada.

Noutros artigos resáltase a paradoxa de que a Galiza teña ao mesmo tempo a tasa máis baixa de desemprego de todo o Estado e o nivel de ingreso 'per capita' máis baixo. As pequnas e numerosas explotacións agrícolas familiares encobren, a xuício do 'Financial Times', unha porcentaxe de paro difícil de calcular.

En conclusión sinala que "este illado recuncho de España estase a dar conta de que ensombrecen a sua recente autonomia presións económicas, tanto de dentro como de fóra das suas fronteiras".



O Mercado COmum deve estar às portas: o jornal dos banqueiros da City londinense, Financial Times, dedica-lhe à nossa terra um suplemento de cinco recheadas páginas no seu número do sábado, 17 de Novembro de 1984, titulado "Galicia: problema at Earth's End".

Entre as consabidas estampas rurais da velha a tanger a vaquinha, a leiteira, os marisqueiros, por uma parte; e os eufóricos anúncios da Caixa Galicia, o Banco Pastor ou a indústria textil (uma página inteira só para esta), pola outra, os articulistas do diário financeiro vam diagnosticando, com olhos de agentes de bolsa, os problemas de que fala o título: a crise pesqueira, a reconversom industrial e os estaleiros, as cooperativas do leite e da carne, o minifúndio, a emigraçom industrial e os estaleiros, as cooperativas do leite e da carne, o minifúndio, a emigraçom, etc. Coindicem em que a entrada do Estado espanhol na Comunidade Económica Europeia será desastrosa para a Galiza, com a sua primitiva agricultura e a sua cativa indústria. E dam dous exemplos do que mui bem poderia acontecer nessas circunstáncias: a empresa catalana Danone já nom teria porque ir à Galiza comprar o leite para o seu iogurte, tendo-o máis à mao e mais barato na vizinha França; e a Citroën nom teria porque manter a sua instalaçom de Vigo quando os seus automóveis fabricados na França já poderiam entrar livremente no mercado espanhol.

Falam com Fernandes Albor, que se queixa de que Madrid toma decisoes sobre a Galiza sem informar à Junta, e atopa "mui preocupante" a perspectiva da entrada na CEE, igual que o conselheiro de agricultura, Fernando Garrido. No entanto a Junta paga também o seu anúncio (meia página) no suplemento, convidando com uma cornucópia de bilhetes e moedas estrangeiros a invertê-los em Galiza, "uma terra aberta ao investimento", e dá para os interessados o seu endereço: Paco de Rajoi, Santiago de Compostela, Espanha...

Mas non tudo é sombrio no panorama galego para os articulistas do Financial Times, que encontram vias prometedoras para o desenvolvimento no turismo, o lacom com grelos e o Ribeiro, e louvam a iniciativa empresarial de dous ourensanos (dedicando-lhe a cada um seu artigo): Gomes Franqueira com as suas diversas cooperativas, e Adolfo Domingues, na vanguarda da moda do Estado espanhol e que logo vai abrir casa em Londres.

Apesar destes exemplos de iniciativa privada, os articulistas nom deixam de notar o enorme espaço ocupado na economia galega polo sector estatal: nos estaleiros, no alumínio; ou polo capital monopolista, na energia, etc., sinal de que as cousas non som tam atractivas para o investimento privado na naçom galega.

No meio de toda esta problemática nom se sabe mui bem o que pinta o señor Cela (Camilo José), a quem lhe dedicam uma semblança com foto e tudo, e constatam que é "galego-falante", embora "escreva em espanhol". Pouco mais adiante descobrem-nos que Cela falava inglês de pequeno, antes de falar espanhol (um pergunta-se quando aprenderia o galego). Nom decepcionaria tanto esta mostra de "escritor galego", única nas cinco páginas do suplemento económico, se nom soubéssemos por outros dados que os redactores do Financial Times estam plenamente inteirados do que passa na nossa pátria, incluso do conflito lingüístico entre espanholismo e reintegracionismo (o português é para o articulista David White, que escreve a introduçom, "primo coirmao" do galego).

Em fim, o Financial Times anúncia aos seus leitores as próximas eleiçoes ao Parlamento galego e, sem ignorar a força da direita espanholista, arredor de AP, e da esquerda nacionalista, arredor da INTG, aposta pola soluçom que lhe semelha mais moderada e europeia: Coalizom Galega.

CARLOS DURAM

A insensatez, no poder

XOSE M. BEIRAS

Acougade: non se trata de predicar, por contraste, o ascenso da imaxinación ao poder, coma no sesenta e oito e inda despois. Non. Aínda hai pouco que alguén, se cadra Aranguren, argüìa que é imposíbel un poder con imaxinación. Non son eu tan outimista. Sí, tan outimista, digo, porque non sei se cabe esperar ou non que algún día exerza o poder a imaxinación creativa progresista, mais non me cabe dúbida de que a Historia fornece exemplos abondo de exercicio da imaxinación dende o poder... pra realizar o mal, pra agredir, torturar, alienar, pra sementar herbas pezoñentas na conciencia social e no maxín das xentes, pra coutar libertades, pra cousificar aos cidadáns, pra producir e reproducir servos, pra espoliar e pra levar a cabo o xenocidio e o esterminio. A imaxinación, nisto, ten chegado deica a traxedia, deica o delirio, ou deica o absurdo, e se non, releamos a Camus —a quen acabo de traducir outravolta: febleces miñas biográficoeisistenciais, descanso do esprito cando o esprito está canso de loitar no traballo até a estenuación. Non, non é imposíbel a imaxinación no poder, non son tan outimista. Mais tampouco tenciono predicar eiquí o ascenso ao poder da imaxinación sen calificativos precisos e rotundos. Nen, eiquí, con iles.

Trátase disto outro que enunciei arriba: a insensatez, no Poder. E a insensatez, xa que non a imaxinación, é a falla de siso, xa que non a criatividade, a que reina hoxe no Poder, a que exercen hoxe os gobernos que padecemos —o da metrópolis filipina, chamada Madrid, e máis o do Pazo de Raxoi, ao que seica non inspira creatividade nin a mesma constante presencia, enfrente, da maravilla ingrávida do Obradoiro dos canteiros de Casas Nóvoa.

Onte, mentras camiñaba Urzáiz abaixo arolado pola marea de seres humáns galegos conscientes e solidários que se ía verquer á beira do mar de Vigo no Areal da Barxa onda a Laxe —á miña esquerda, nenos e nenas de ollos gazos collíanse das mans obreiras de adultos formando o cordón de seguridade da inocencia rebelde pra faceren "un camiño na noite" —decíalles, a algúns xornalistas que me preguntaban, que este goberno cometera xa moitas insensateces, mais que me custaba traballo pensar que chegara á suprema insensatez de facer caso omiso dun pobo enteiro en pé, un pobo de traballadores galegos que reclama o socialismo, ese socialismo que ostenta como adxetivación o partido dese goberno.

¡Parvo de min! ¡Papaleisón inxénuo! ¡Alma cándida! ¿Aínda crés nos Reis Meigos? O menestral delegado por ese goberno en Galiza nega hoxe que ese pobo estivera en pé onte, il que hai anos se moqueaba "diso que chaman España", satirizaba ao recén nomeado monarca por Borbón, e líanos aos mozos nuns papeliños manuscritos orixinais cantigas de escarño inéditas de Valle Inclán encol da estirpe real dende Carlos IV —que non ouso reproducir por "decoro". O goberno tan ben servido ratificaba á sua vez onte mesmo os seus plans —as persoas ricaces en léxico distinguen plan de maquinación, mais non iles— de reconversión —amputación traumática— da construción naval galega, madia leva. O ministro —de "minister", "minus", antitético de "magister", "magis"— Solchaga desvelaba tamén onte o segredo da sua ideoloxía: "yo me manifestaría y luego me sentaría a negociar". E decir, a apandar.

Negociar é un termo usualmente empregado na prática bancaria pra se referir ao desconto de letras de cámbeo: vostede entrega a letra contra un deudor e anticípanlle os cartos con retención dun desconto polos intereses do importe deica o vencemento. Os sindicatos obreiros merecentes de tal nome en Galicia levan negociando nese senso até o cato da paciencia e da espranza o futuro dos seus postos de traballo cun goberno que non solta cadela nin firma garantías solventes, e que leva dado xa probas a fartar de vontade de amputar o corpo maltreito do proletariado por onde os asesores de ciruxía social da alta meiciña política internacional —así hai hoxe tántos médicos no Poder— lle indican, con ou sen anestesia, segundo o nivel de esistencias en botica. E cando xa non queda outro camiño que o exercicio masivo dos dereitos constitucionais de folga e manifestación, o Poder advirte de seu ou ao ditado que ese exercicio é un dereito según e como e sen pasarse, e os benpensantes todos desta sociedade podere e fedorenta increpan aos traballadores con brados admonitorios das graves perdas que ocasiona un día de paro —a iles, traballadores que están en paro xa por milleiros dende hai anos; a iles, compañeiros da alma, que reciben a noite moura do paro indefinido por futuro como oferta magnánima do goberno socialista.

Mais a catástrofe económica das folgas, as manifestacións e o paro é tan arrepiante praos bons dos burgueses que hoxe mesmo informa a prensa de que os beneficios da banca privada, no que vai do ano 84, superan en máis dunha cuarta parte aos do ano oitenta e tres completo.

A banca, é decir, a cúpula do capital financieiro, do gran capital. Aquiles cos que Solchaga e Boyer se sentan a negociar ao seu estilo, ou seña, a decir amén, en nome do proletariado e o socialismo, coa benzón apostólica do servo dos servos de Deus —LODE e Maravall incluídos.

E logo, a violencia. Outro día falareivos da violencia, esa vella coñecida. Se os traballadores se orgaizan pra artellar a folga xeral e transmitiren o seu mensaxe de liberación, a sua demanda de solidariedade, o seu combate contra a alienación, os homes de pro ornean ao unísono, esgazan as suas roupaxes de cerimonia e brúan: ¡Intimidación! ¡Coacción! ¡Violencia! ¡E o desorde! ¡Las hordas marxistas! —¿verdade, Antoñito? ¡Que inda me lembro de cando tí estudabas en Deusto e lías embelesado "Los cipreses creen en Dios"!. "A violencia —sentenciaba antonte o delegado dos gobernos— é sempre totalitaria". Seica vira a víspora as fotos da policía entrando arma en ristre en Euskalduna e coidaba que agora os obreiros vistían de marrón.

Velaí a insensatez no Poder. Do goberno de fóra, que o de casa non conta: é da serie regional e está petrificado por un andacio natural en Compostela pra forasteiros non aclimatados. Porque insensatez éo que un goberno que non é o gran capital, senón o seu bombeiro, faga este oficio ao estilo de Fahrenhei-724, ou seña, botando lume en troques de auga sobor dos problemas e os conflitos. Insensatez é abocar á miseria, de maneiras distintas pro coincidentes no cerne, a obreiros, mariñeiros e labregos, e de resultas a un pobo enteiro. Insensatez é non escoitar a sua voz unánime e solidaria. Insensatez é conducilo á desesperación e provocalo praticando a soberbia cega na política en nome dunha maioría parlamentaria en Madrid, por moi absoluta que sexa —tamén era absoluto o poder de Louis XVI, e acabou na guillotina. E imbecilidade necia é culpar de todo aos nacionalistas como se nos comprira inventar os problemas e fóramos quen de movilizar a base de infundios a unpobo enteiro. A provocación dende o Poder e máis o invento do "chivo expiatorio" son vellas trécolas e teñen por certo unha fúnebre historia. ¿Lembrádesvos da queima do Reichstag no tempo primeiro do drama nazi? Foi atribuída aos comunistas e alí empezou a traxedia que culminaría en Cachau e na atrocidade da guerra máis mortífera e desoladora da Historia, co colofón de Hiroshima e Nagasaki.

A violencia non é sempre totalitaria, mais a violencia reaccionaria e a violencia institucional acaban por desatar á violencia revolucionaria —a parteira da Historia. Pra ser bombeiros ao Fahrenheit compre saber que as mangueiras que se empregan cuspen lume e non auga. Saber iso e empregalas esixe ser desalmados. Non o saber é insensatez e necedade. Mais ésas son, mesmamente, as vosas únicas credenciais pra gobernar. Se ise é o Poder que vós fixestes, que o demo vos leve.

Novo número especial de A NOSA TERRA

Proximamente á venda

ÁLVARO CUNQUEIRO

N. 259 / 6 DE DECEMBRO / 1984

Despois das eleicións

Voltar ao Uruguai

José Diego González e Rubén Sallúa son integrantes da Mesa do Frente Amplio uruguaio en Vigo, ambos e dous exiliados do Uruguai, coñecen ben a realidade política do seu país. José Diego é un galego emigrado nos anos 50, que voltou no 75, integrante do Partido Socialista do Uruguai foi detido aínda que por só vintetrés horas "tiven sorte, ainda que permanecín no cuartel de Punta Rieles. Pero nese tempo tiven tempo a coñecer a humillación que se sofre. Fumos despois abandonados os compañeiros nun descampado". Rubén foi secretário xeral do grémio do vestido en Montevideo, un grémio integrado na CNT (Central Nacional de Traballadores), a central sindical única no Uruguai; estivo detido en cinco ocasións, nalgunha delas varios meses, "estiven no famoso 'Cilindro', que é un polideportivo que utilizaron como campo de concentración. Tiven despois moitos problemas para obter o pasaporte e só mo concederon para o traxecto Uruguai-España". Os dous cóntannos anédotas desa represión, como cando os militares se gababan das visitas de militares doutros países para coñecer os seus métodos de tortura "mirá, veñen saber cómo facemos para acabar con eles sen os matar", e frases semellantes ditas para ser ouvidas polos presos e semiar o terror.
Con eles falamos do proceso político uruguaio e das eleicións.

Diego González e Rubén Sallúa

«O Frente Amplio é hoxe máis importante que no momento do golpe»

ANT.–*Fágannos un resumo da situación económica no tempo anterior ao golpe do 71.*

Diego.–Eu lembro cando o peso uruguaio valia 98 centavos de dólar, pero isto era nos anos 50. O primeiro que haberia que dicer, en honor á verdade, é que as conquistas democráticas, sociais e culturais do Uruguai teñen unha importante base nunha boa estrutura produtiva e na própria existéncia da guerra europea da que se nutriu bastante, neses anos viviuse bastante deses dividendos. No início da década dos sesenta, a penetración do capital xudeu comezou a sangrar ao país, nos primeiros anos si resultou, pero despois empezou a marcha das divisas através dun chamado "Banco Palestino Uruguaio". Houbo outro cámbio importante cando gañaron as eleicións os brancos; un político, Benito Nardona, que aglutinaba especialmente á xente do campo, fixo unha série de modificacións, a famosa escala móvil, pero as bases xa estaban comestas, e iniciouse a debacle do dólar, que foi decisiva no mudar do nivel de vida e do poder adquisitivo das masas obreiras no Uruguai. Daquela o goberno era colexiado, cambiaba cada ano a presidéncia, e a xente que orbitaba aos gobernantes especulaba coas subas e as baixas do dólar. Aí empezaron a surxir as financeiras, case todas en mans de políticos. Comezou a un tempo o deterioro dos frigoríficos, da exportación de carne, e tamén dos "estanceiros", que empezaron a contrabandear co gando e levalo para o Brasil.

A dependéncia económica americana era, especialmente, indirecta através dos empréstimos económicos.

ANT.–*A qué respostaba o tópico que dicia que Uruguai era a "Suíza de América"?*

Diego.–Penso eu que iso diciase porque era o povo máis culto de América Latina, naquel momento. Lembro un secretário xeral da ONU que ficaba asombrado do civismo da xente: a xente, polo xeral, coñecia máis dun idioma, á Universidade acedíase cunha matrícula moi baixa, ao ensino meio acedíase sen matrícula, o transporte era gratuíto para os estudantes. Era a calidade de povo democrático a que lle outorgaba ese título.

ANT.–*E cómo era o panorama político nese tempo?*

Rubén.–Eu encadraría algúnha das cousas que aponta Diego. A maoria das riquezas do país estaban en mans do Estado, se ben administradas. Iso nasce dunha política honesta que, se non compartimos ideoloxicamente, si hai que decilo, de Batlle e Ordóñez. Naquel tempo a oligarquía criboula alcumábao de comunista, sendo que el era do partido colorado, era un político honesto. E un ponto importante neses trinta anos atrás do Uruguai.

Diego.–Hai unha anédota moi bonita de Don José Batlle. Cando habia unha folga no país ou problemas cos sindicatos, el ía ás asambleas. De súpeto aparecia, co seu chapeu e o seu abrigo, e escoitaba, e despois pedia alternativas: "Ben, pois iso doullo, pero mañá vanme traballar". Asi solucionaba as cousas. Tivo, no seu tempo, leis tan avanzadas que até a chegada da ditadura subsistiron.

Rubén.–Ese home deulle un gran impulso á cultura uruguais, nacionalizou os frigoríficos. Non era un logro definitivo pero, cando menos, non estaban, como hoxe, en mans de capital estranxeiro.

Rubén.–Respostando á pergunta, hai que ter en conta a eclosión política en Latinoamérica na década dos sesenta e setenta, cunha importante fervenza revolucionária e nacionalista (Torres en Bolívia, Velasco Alvarado en Perú, a Unidade Popular en Chile, Goulart no Brasil, Cámpora na Arxentina, a consolidación da revolución cubana, a criación no 71 do Frente Amplio no Uruguai,...) é a reacción dos Estados Unidos frente a ese proceso emancipador ten un peso fundamental. Estaban en xogo os seus intereses económicos e políticos e hai dados dabondo sobre a sua intervención na conformación das ditaduras. Un exemplo é que Siracusa, o embaixador americano, era embaixador en Brasil –prévio á caida de Goulart–, foino en Uruguai –pouco antes do golpe–, e érao en Chile cando o ascenso de Pinochet.

ANT.–*Despois das eleicións do 71, pasan dous anos até o golpe, qué sucece nese lapso de tempo que precipita os acontecimentos?*

Diego.–Primeiro hai que dicer que o golpe o deron mediante unha disolución das cámaras por un presidente constitucional (Bordaberry). O que ocorre é o seguinte. Até ese momento os partidos de esquerda, ou de enfoque nacionalista, andaban cada un pola sua banda, e surxe o Frente Amplio como forza comun e homoxénea. O Frente estaba constantemente denunciando cousas no Parlamento; denunciando negócios suxos, a venda do património do país ao iánquis por diferentes vias, o crecente endebedamento do Uruguai co FMI,... daquela a xente decatábase do que realmente ocorria. Dábase tamén o caso dos "tupamaros", que fixeron cousas importantes, como unha vez que asaltaron unha financeira e tiraron á luz unha documentación tan comprometedora que botaba o goberno abaixo, en vez de reclamarse unha clarificación: ao dia seguinte ardeu a financeira con toda a documentación e con todo o que habia adentro.

Houbo despois unha muxica definitiva, que foi cando se quixo implicar a un senador cos tupamaros. A votación para aceder ao suplicatório para xulgalo precisaba dos dous tércios da cámara, e non a conseguian coa oposición de blancos e frenteamplistas. Aí disolveron as cámaras e Bordaberry reclamou aos militares.

Eu traballaba na "General Electric" e a CNT (central sindical única no Uruguai), decretou un paro xeral con ocupación de fábricas. Foi unha paralización continuada de quince dias en todo Montevideo.

Rubén.–E patente que naquel intre á oligarquia non lle eran favorábeis ás cámaras. Rexeitáranse várias leis, por esa auséncia de maioria. A lei de lemas implicou que Bordaberry gobernaba cun só 20 por cento. Hoxe mesmo reprodúcese un pouco ese esquema na eleición de Sanguinetti.

El chega cos votos engadidos de Pacheco Areco, ou doutra xente de dentro do Partido Colorado. El por si só non penso que lle teña gañado a outros candidatos, pero acumúlanse os votos dos outros candidatos.

Diego.–Dentro dun mesmo partido, o colorado, hai tres listas; igual nos blancos. Pacheco Areco, hai que dicilo, é o que formou as famosas forzas conxuntas de exército e policias, un horne que nunca chegou ao poder polos votos, que chegouse despois de ser vicepresidente na candidatura do xeneral Gestido, que gañara as eleicións no 66. Este señor non ten cultura nen calidad de nada, foi simplesmente un boxeador de segunda categoria, e despois un xornalista de ter-

Mario Benedetti

"Sanguinetti" é a opción máis cercana ao Departamento de Estado nordeamericano e a máis tolerada polos militares"

Mário Benedetti, escritor e intelectual uruguaio, con once anos de exílio nas suas costas, viveu as eleicións do seu país desta banda do Océano. Benedetti, dirixente do Movimento "26 de Marzo", integrado no Frente Amplio, deunos algunhas impresións e valoracións sobre o actual proceso político oriental nesta etapa de transición, e das suas perspectivas futuras.

Fáganos unha valoración das recén celebradas eleicións no Urugauai?

–Sair dunha ditadura é sempre unha tarefa difícil. Algunhas veces faise con sangue e outras con imaxinación e tenacidade; aparentemente o povo uruguaio tomou esta última opción e estao logrando. A esa xornada decisiva chegouse sen apenas un só esquema de violéncia. Baixo a ditadura non habia nen voz nen voto: foron anos de bocas fechadas e furnas mudas, e curiosamente a voz foi recuperada antes que o voto.

Penso de todas maneiras que é un gran progreso, pésie a que o resultado non estivese máis perto das nosas aspiracións, pero os povos soen ser sábios, e o noso debeu entender que despois dos anos de ditadura tiña que chegar un goberno, chamémoslle moderado. En definitiva, gañou o único partido que pudo apresentarse cos seus candidatos naturais e ainda para conseguir o triunfo tivo que completar os seus votos cos que lie proporcionou un ex-gobernante, Jorge Pacheco Areco, que foi quen convocou no seu momento aos militares e os convidou a reprimir.

Dise que Sanguinetti representa o continuismo e penso que a acusación se esaxera. Bastante ten Sanguinetti con ter mudado un partido de tradición liberal, fundado nada menos que por Don José Batlle Ordóñez, no que foi a opción máis conservadora das eleicións, e bastante ten Sanguinetti en ser a opción política máis cercana ao Departamento de Estado nordeamericano e a máis tolerada polos militares. O partido colorado foi, por suposto, o grupo político menos golpeado pola dictadura, quizá por iso é o que pudo chegar sen proscricións. O Partido Nacional tivo que acudir co seu líder nacional, Wilson Ferreira, preso, e o Frente Amplio non só tiña proscrito ao seu líder, xeneral exregni despois de dez anos en prisión, senón a boa parte da sua estrutura política e dos grupos que integran o Frente.

O Frente Amplio, con só unhas semanas de legalidade, con toda a desvantaxe que supuña a proscrición dos seus líderes, con polo menos 300 milleiros de miligantes no

exílio, non só se mantivo senón que superou o resultado dos comícios do 71 (100.000 votos máis): é toda unha fazaña que temos que valorar.

Sobretodo o máis positivo é a recuperación das canles democráticas, do talante democrático que sempre tivo o noso país e a consecuéncia diso, a caída da ditadura.

Cos resultados habidos, e tendo en conta a posición dos militares, é posíbel unha amnistia e que esta inclua aos presos tupamaros?

–Nese ponto precisamente é no que habia notórias diferéncias entre os gañadores e o Frente Amplio e o Partido Blanco. Estes últimos propugnaban unha amnistia total e irrestricta, ou sexa sen nengunha excepción, e ademais con ese preciso conceito de "amnistia", o que significa que cada cidadán en prisión por motivos políticos ficaba limpo deles. En troques, o Partido Colorado propugna, en todo caso, o indulto caso por caso, e non un indulto xeral. O indulto, por suposto, ainda que chegue a liberdade do detido non significa que cese a sua culpa: é culpábel pero perdóaselle, e xeralmente o indultado fica co pretendido delito na sua ficha, con problemas para sair do país, coa obriga de se apresentar á policia cada tanto. E outra situación ben diferente.

Das declaracións de Sanguinetti, anteriores e posteriores ás eleicións, dedúcese que non incluiría aos dirixentes tupamaros que ainda están presos. De todas maneiras, non hai que esquecer que o partido de Sanguinetti non ten a maioria absoluta e que os parlamentários do Frente Amplio, máis os parlamentários do Partido Nacional, poden obter a correspondente maioria en ambas cámaras para lograr unha amnistia total. Daquela temos esperanza de que chegue esa amnistia que é o que reclama todo o país.

Seria condición fundamental para manter a estabilidade política por parte da esquerda?

–Penso que si. E unha aspiración da maioria do país. Ademais penso que é imposíbel pensar nunha convivéncia nacional, na reconstrución do país en base á harmonia das forzas políticas e a un debate realmente limpo e construtivo sen unha amnistia total.

Cál é a sua situación legal a respeito da sua volta e cándo pensa que se pode dar?

–Pensaba voltar para as eleicións, e tiña xa o meu pasaporte uruguaio, pero as manifestacións dun xuíz militar, desfavorábeis a min e ás miñas declaracións públicas na prensa fixeron que a própria xente do Frente Amplio me aconsellase postergar a viaxe até a toma de posesión do novo goberno. Daquela seguro que voltarei.

Hai algo novo sobre a sua polémica en "El País" e as reaccións noutros meios (Liberación, Egin...)?

–Aparte das catorce cartas que publicou "El País", e as cousas publicadas noutros meios, teño recebido moreas de cartas e chamadas solidarizándose coa miña posición, e para min foi moi gratificante esa resposta que é fundamentalmente dos leitores, ainda que tamén o fixeron vários escritores españois. Ainda que nunca dubidara da atitude xeral dos meus leitores, esta confirmación foi moi estimulante.

Vai escreber periodicamente nalgun meio no futuro?

–Eu sigo a mandar os meur artigos pero para periódicos e semanários da América Latina. O problema non foi con "El País", senón con certos intelectuais españois. Non digo que este sexa un peche final, pero vou estar vários meses sen escreber, e seguramente, se o volvo facer, será facendo outro tipo de cousas.

X.C.

Koen Wessing

A foto é en Chile, após o golpe do 73, pero ben poderia ser no Uruguai. Os presos políticos son obrigados a borrar as pintadas dos valados, pero non só eles, tamén os cidadáns chegaron a ser obrigados a facelo se aparescian nas suas casas sob pena de multa. Agora Uruguai vai recuperando a libertade, e os valados como símbolo énchense de consignas. Unha aciaga e cruel etapa que se pecha. A frase dun preso político uruguaio resume a loita destes anos: "Animo compañeiro, se está o nemigo estamos nós.".



ceira, que cos enchufes que habia colocárono no porto de Montevideo e daí –de tanto quentar sillas– pudo aceder a postos superiores.

Rubén.—Hai que aclarar que no Frente Amplio é diferente, porque só é unha a persoa que se apresenta e nos outros partidos é unha persoa por lema.

ANT'—*Cál foi a influéncia da actividade dun grupo armado, os tupamaros, na chegada da ditadura?*

Diego.—A guerrilla tupamara pode ser que lle dese unha disculpa, pero darian o golpe de calquer outra maneira, coa situación de ingobernabilidade e o sindicato con contínuas reivindicacións en pé, non só por salários, senón por razóns políticas.

ANT.—*Condenaba o Frente Amplio as actividades tupamaras?*

Rubén.—Non, por suposto. Nos diferentes sectores do Frente habia diverxéncias ideolóxicas cos tupamaros, pero daí a que se condene aos compañeiros tupamaros hai unha diferéncia moi grande. Sempre se fala deles con moito respeito, e está demostrado que moitos deron a vida por un ideal.

A lexislación antiterrorista que querian impor nas cámaras era utilizada moitas veces para atacar aos sectores progresistas e aos próprios sindicatos, xentes que nunca levaran unha arma na man.

Diego.—No Uruguai non se deron casos de terrorismo. Era unha loita dun grupo ideolóxico, alén de que non conectasen coas masas.

Antes do golpe tomáranse as chamadas "medidas prontas de seguridade", que tiraban os direitos aos cidadáns, podíante deter 48 horas sen nengun cargo, e usábanse a miúdo xa antes do golpe do estado.

A arma fundamental que temian era a da palabra, porque estaba quedando á vista a corrupción.

ANT.—*E a ditadura?*

Diego.—Iso é coñecido. A represión, o deterioro do país. O que pasa sempre coas ditaduras militares, que erixíndose en salvadores da pátria mudan nos seus próprios salvadores, porque pasan ser os reis do país, pasan a tirar do povo todo o zume posíbel, e cando xa non son0capaces de seguir aturando a situación pola forza, dan unha "aberta política", porque viñan salvar a pátria do "comunismo".

Agora topamos un país cun problema social tremendo e un problema económico moito máis grave.

ANT.—*En qué se baseaba o proceso represivo? Perseguia xeralizar o medo entre a povoación?*

Rubén.—Cando se deu o golpe, a bandeira que sempre levan por diante as ditaduras é que a culpa a ten o comunismo, as folgas, os terroristas, para sair, como di Diego, en "defensores da pátria". Hoxe temos unha mostra clara de que todo iso son mentiras e pretextos. No Uruguai, neste último período, non houbo unha só folga —non porque non houbese razóns senón porque non se podian facer—, e as movilizacións políticas eran tamén moi exíguas, e topámonos hoxe con que o Uruguai subiu cinco ou seis veces a débeda externa, que grandes valores da nación están polo chan. O erro fundamental da ditadura foi pensar que matando ou pondo presos a moitos dirixentes políticos e sindicais e da cultura, ian recoller dunha xeración que no golpe tiña 9, 10 ou 11 anos. Pero en cada fogar de cada neno habia un morto, un preso, un despedido, un pai sen traballo,... Hoxe líamos que ods 18 aos 36 anos, o Frente Amplio teria gañado as eleicións, e iso noné unha falta de respeito á xente maior desa idade pero é indicativo.

Tampouco solucionaron nengun problema, antes ben empioráronos. Un exemplo: a herba para tomar o mate; antes, calquer traballador ia a unha tenda e levaba paquetes de 1, 2 ou 3 quilos e tomaba o seu mate, hoxe sabemos que no Uruguai hai famílias que levan o mate e pédenlle que llo encha para unha cebadura porque non teñen para máis. Até aí se chegou. Hai olas populares. O sindicato conseguiu que se puxesen en funcionamento unha série de comedores que estaban fechados; a ditadura dixo que si e entregou uns locais pero sen garfos nen coitelos nen pratos. Por iso, desde o exílio tentábamos axudar. Hoxe o Uruguai está pasando unha situación escandalosa.

Diego.—Houbo un sistema represivo moi empregado. Era meter xente en determinados sítios, como nos meios de transporte (taxistas, condutores de buses,...), que eran militares ou policias, e incitaban á xente a falar. Ultimamente habia un pánico tremendo a falar, un coñecido que ti pensabas de confianza, e ao outro dia viñan apañarte. Cairon moitos por ese sistema de medo.

ANT.—*Qué valoración facedes dos resultados eleitorais?*

Rubén.—Os leitores de A NOSA TERRA teñen que comprender que entre nós discrepamos nas valoracións, estamos a milleiros de quilómetros e sabemos uns resultados moi xerais.

Diego.—Non discrepo con Rubén, el veo dunha maneira máis optimista e eu quizá sexa máis pesimista ou realista. Eu penso que hai unha pequena frustración por non conquerir a intendéncia de Montevideo. Eu limpamente penso que a xente segue a manter o voto para a divisa (blanco ou colorado), quizá non tanto —á vista están os votos— en Montevideo, pero no interior do país —coñézoo ben—, e ao contrário doutros países a oligarquia concéntrase fóra da capital, e teñen unha importante rede caciquil, e á implantación sindical e de masas —que é quen alimenta ao Frente— perde estrutura no campo, porque é moi difícil chegar aí: o patrón dache unha lista e tes que votala porque se sabe que senón despídete, e tes que cambiar de residéncia. Ao princípio sentín rábia pero o positivo que vexo é que pode chegar unha situación de negociación e de oposición construtiva. O presidente eleito chegou a dicer que ofereceria ao Frente Amplio as carteiras de xustícia e traballo,... eu véxoo difícil, porque a de xustícia ofereceríalla a Seregni, eu penso que nas suas mans teríamos garantía, pero qué dirian os militares; e a de traballo ia ser dificultosa porque a de economía e finanzas estaría en mans do goberno. Vexo positivo eses cen mil votos que gañamos a respeito do 71. A frustración é a intendéncia, a alcaldia de Montevideo, iso dá unha imaxe cara outras eleicións para quen a ten.

Rubén.—Non vexo todo de cor de rosa. Penso que se enfrentar a unha ditadura é dificil e cruel, ainda é máis fermoso o camiño posterior de consolidar as conquistas. O Frente Amplio foi admitido nas eleicións, con moitas cortapisas, uns poucos meses antes, sen cartos, sen estrutura case. O único que gañara o Frente era as ruas e os valados para facer pintadas. Os outros partidos, mesmo no proceso da ditadura, apenas receberan algun correctivo por algunhas declaracións na rádio ou noutro meio, movíanse ceibos por todo o Uruguai. E son grupos apoiados por grandes capitais. Ou sexa que se vai nesas condicións ao comícios. Os meios de comunicación estaban nas suas mans, apenas a emisora que dirixia Germán Araújo era aberta e hoxe el é senador do Frente Amplio. Un compañeiro de Vigo que agora xa regresou a Uruguai cóntanos que habia acontecimentos da família frenteamplista e Pacheco Areco falaba diante de sesenta persoas catro "pavadas" e saía na primeira plana. Volveu ao Uruguai o compañeiro Rodney Arismendi e foi unha moitedume ao receber e mereceu un currunchiño dos xornais.

As eleicións foron un triunfo do povo pesie ás restriccións. Nós nunca dixemos que fose para nós unha instáncia decisiva, que nos xogábamos a vida e todas as nosas aspiracións nesas eleicións, temos o noso programa, temos os nosos presos políticos nas cadeas e hai que arrincalos, hai reivindicacións que hai que conquerir coas masas na rua... ou sexa que non comezou nen rematou nada. E desde o ángulo dos votos, no meio desa situación gañamos cen milleiros de votos. E no campo; ser frenteamplista neses lugares é dificilísimo; se é un farmacéutico e simpatiza polo Frente Amplio, aos dous meses ten que fechar as portas porque ninguén lle compra nen unha aspirina, ou se é un bar ou unha tenda.

Cualitativamente o Frente Amplio é moito máis importante hoxe que no momento do golpe. Todos os votos que foron ás urnas para o Frente estaban na rua: no derradeiro acto eleitoral, 400 milleiros de persoas –dados da prensa– asistiron, son votos activos. Que ninguén pense que o povo uruguaio vai ficar de brazos cruzados porque poda cada catro anos emitir un voto, vai esixir a solución deses problemas.

Texto e fotos: XAN CARBALLA

CAIXA OURENSE COM O IDIOMA

FALA-LLES GALEGO

Para que o uso do idioma galego se faga normal na Galiza, CAIXA OURENSE suma-se a campaña de normalización da lingua propia da nosa terra

CON AS XENTES QUE FIXERON POSIBEL A SOBREVIVENCIA DESTE IDIOMA

"Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués". (Id. p.41)

"O galego é un idioma estenso e útil, porque -con pequenas variantes- fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas". (Id., p. 41-42)

"Un can de Turquia oubea igoal que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igoal que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por qué? Porque os probes animaes ainda están no idioma universal... (Id., p.43)

"Ningún galego culto debe consentir que a fala do seu povo -unha fala de príncipes, que ainda é señora en Portugal e Brasil- sexa escrava no patrio lar, sen dereito a ir a escola nin a presentarse como igoal do castelán". (Id., p. 285)

"Se o galego é a língua própia de Galiza, nom pode viver reduzido a funçons rituais ou folclóricas. Nom pode viver tampouco exclusivamente no papel, nem na cátedra, senom que tem que penetrar en toda a comunidade" (Carvalho Calero, Letras galegas p.20)

"O galego corre o perigo de converter-se num jubliado a quem se lhe outorga um seguro de velhice, a quem se lhe garante umha morte tranquila" (Id. p. 20)

"Calquer idioma sentido como própio por umha cominidade, seja cal seja a sua extensom e a sua distinçom dentro do mundo em que vive, tem direito a existência, e ao agarimo do poder político" (id., p. 31)

"Mas se o ribeiro ha de ser ribeiro e o galego ha de ser galego, o que é o mesmo que dizer, se o ribeiro e o galego querem ser algo, e nom nada, ham manter as esseéncias que os fixérom serem o que som". (id., p. 131)

"O vinho galego, como a língua galega, está ameaçado decote por poderosas competências. Nom pode viver se non luita teimosamente por sobreviver". (Id. p. 131)

"Non esquezamos que si ainda somos galegos é por obra e grácia do idioma." (Sempre en Galiza. p.42)

"Un idioma é o corpo sensible d-unha cultura, e todo atentado â língoa peculiar d-un povo representa un atentado â sua cultura peculiar". (Id., pag.43)

"O problema do idioma en Galiza é, pois, un problema de diñidade e de liberdade: pero máis que nada un problema de cultura". (Id., p.43)

CAIXA OURENSE

CAIXA DE AFORROS PROVINCIAL DE OURENSE

O dia en que chorou Euskádi

As seis e dez ou seis e cuarto da tarde do 20 de Novembro, na Alameda de Rekalde, 12 de Bilbao, morria abatido por vários disparos Santi Brouard, presidente de Hasi e membro da Mesa Nacional de Herri Batasuna. Moi de contado, segundo se ia coñecendo a notícia, as ruas dos povos e cidades de todo Euskádi iánse enchendo da súpeta xenreira de centos de persoas.

En Bilbao, os mesmos policias que pola mañá estiveran dando trallazos nos de Euskalduna, aparecian agora, cos seus panos vermellos ao pescozo, no lugar da consulta de Santi Brouard, onde el morrera tiroteado momentos antes, mentres atendia a unha nena de dous anos. Neses momentos rebordou a tensión, os puños, os berros dos dirixentes e simpatizantes de HB, dos amigos e viciños que chegaban. Mocazos, golpes, insultos; ante a asfíxia unha señora berraba: "Fódevos que non podades con este povo".

Os primeiros detidos nas imediatas reaccións de ira popular eran testigos na comisaria da vila de Rekalde das expresións de gozo de policias uniformados. O Goberno civil de Bizkaia amostraba a sua "firme decisión de manter a paz e en tal sentido non seria autorizada manifestación ou concentración algunha que teña a rua como meio de expresión".

Outra vez en Bilbao, os líderes despedian ao povo recomendándolle "estar atentos e seguir as consignas da Mesa Nacional que se darán a coñecer".

O Comité Central de Hasi emitia un comunicado no que se dicia "Os donos das multinacionais, os banqueiros —a clase oligárquica en definitiva— que xunto ao exército están hoxe no poder dirixindo a política do PSOE e, estes, colaborando nas suas directrices, foron os que te asasinaron".

Ninguén, nen desde o sistema nen desde a oposición, dubidou da resposta: Euskádi Sul íase paralizar nunha folga, nun unánime —case— e solidário siléncio. O xoves 22 paralizou absolutamente Bizkaia e Gipuzkoa, gran parte de Araba, cunha incidéncia só un pouco menor en Nafarroa.

Tamén houbo cargas, tiros, detencións, barricadas e Santi na mente de todos. Só ese dia, o diário "Egin" publicou 123 esquelas do líder, o rio de comunicados, de artigos, de cartas, de rábia, inundou case todo. As asociacións de viciños, os partidos, as xestoras pro-amnistia, os antinucleares formaron xunto ao corpo sen vida de Brouard. Revolucionários chilenos, voces desde Austria ou desde Irlanda comunicaron a sua solidaridade co povo traballador basco.

Polo axuntamento de Bilbao pasaron a dar o seu último saúdo a Santi os do PNV, con aflición apesar das moedas que receberon, (a PSOE, AP e EE non lles foi permitida a entrada), a representación do BNG deixou unha coroa con caraveis azuis e brancos. Os líderes de H.B. foron vistos chorar abertamente mentres a banda municipal iniciaba os sons do Agur Jaunak (Adeus Señor). A saída do cadáver reuniu máis xente que baso algun na história. A praza de diante do axuntamento estaba abarrotada, igual que as ruas dos arredores. Quen lembraba os recebimentos ao Athletic tras a gabarra nese mesmo lugar, pudo ver cómo aquelas concentracións quedaran pequenas ante a moiteduме abertzale. Novos e vellos, persoas de todo tipo, lanzaron ao vento a sua fonda emoción e os berros atronadores de "Go-ra-ETA-mi-li-ta-rra". A reforma suarista tremeu o xoves 22 en Bilbao.



Xan Carballa

Santi Brouard. A foto foi tomada no 1978, en Santiago, na manifestación nacionalista do 25 de xullo.

Agur Xanti eta eskerrik asko

Despois de Argala e Telesforo Monzón, Santi Brouard foi o líder abertzale capaz de reunir máis amplas simpatias, incluso de moitas persoas que non eran da sua coalición.

Santi era un vizcaíno de 64 anos, nascido en Lekeitio, médico pediatra, xogador de fútbol do Getxo nos anos cuarenta e a ponto de ser fichado polo Barcelona. No 1973 tivo que fuxir á Fráncia despois de ter prestado axuda a vários militantes de ETA feridos. Regresou do exílio, xunto con outros dous mil bascos, coa amnistia de Suárez.

No 1980 embargáronlle a casa e cortáronlle a luz por emprender accións directas contra Lemoiz. No 1981 cantou, puño en alto, o Eusko Gudariak na Casa de Xuntas de Gernika, durante a visita do rei.

En Euskádi definírono como "un home bon, independentista, que nunca fixo ascos a ensalzar a validez da organización armada, presidente dun partido político ilegal (Hasi), unha das persoalidades máis destacadas da coalición Herri Batasuna, besta negra dos políticos do poder, que queria a paz para un povo soberano que el soñaba independente, reunificado, socialista e euskaldun: Euskalherria".

Título: Adeus Santi e moitas grácias

Xan Carballa

Os antecedentes

O 25 de Agosto de 1984 aparecian nun diário madrileño as declaracións do xeneral Sáenz de Santamaría afirmando que as Forzas de Seguridade do Ministério do Interior, "teñen que empregar todas as medidas que estexan ao seu alcance e algunhas que incluso non o estexan para conseguir o obxectivo último que é a desaparición de ETA, e que, caso de que transcendesen publicamente, haberia que negalas, dado que se trata do ABC da loita antiterrorista".

Para Txomin Ziluaga, da Mesa Nacional de HB, a morte de Brouard é "un asasinato político; un asasinato que foi precedido da política represiva do goberno PSOE e en particular do seu Ministério do Interior, que foi sementando o terreno para que este feito se producise".

Segundo Jon Idígoras, membro tamén da Mesa, "son máis de seiscentas as detencións rexistadas ultimamente, eleitos de Herri Batasuna son torturados e a progresiva escalada da represión culminou no asasinato de Santi Brouard".

Nos últimos dias H.B. denunciou un atentado sofrido por Jon Idigoras. O Ministério do Interior negou todo en duros términos.

O futuro

Dous xornais franceses, menos condicionados obviamente que os meios de comunicación do Estado, analizaron o presente e as perspectivas do movimento basco de liberación.

Thierry Maliniak escrebia o 24 de Novembro en "Le Monde": "O radicalismo vai, de novo, vento en popa no País Basco. A xornada do xoves (dia do enterro e da folga) demostrouno. HB deu mostras dunha capacidade de movilización superior a ese quince por cento de votos obtidos pola coalición abertzale nas últimas eleicións e, através de Herri Batasuna, está unha ETA que se dicia extinguida e que conseguia lembrar que non está morta políticamente. Visto desde Madrid, a constatación é amarga: seis anos despois da aprobación da primeira Constitución democrática en España, son numerosísimos os bascos para quen o uso da violéncia contra os representantes de Madrid continua sendo lexítimo".

Pola sua banda Veronique Brocard, escrebia en Libération ese mesmo dia que "raramente, abofé, HB tivo tanta forza e apoio popular. Hai que remontarse, dise, a 1979 para encontrar igual movimento de simpatia. Polo momento é HB a gran gañadora destes acontecimentos. Ela ten a rua, a manifestación do xoves demostrouno nidiamente, e a vantaxe da ofensiva. E máis: conseguiu arrastar con ela ao Partido Nacionalista Vasco, movimento composto por vellos e prudentes caciques nacionalistas que ostentan todas as institucións do país (...) A forza de acariciar o soño de ver votarlle a el aos militantes de HB, o PNV caiu na sua trampa, participando, de feito, nunha manifestación de ensalzamento a ETA militar".

M.V.

Paraísos místicos no seo do capitalismo

XESUS CAMBRE MARIÑO

No ano 1981, o Guru Bhagwan Shree Rajneesh fundou unha comuna mística en Oregón, Noroeste dos Estados Unidos. Até esa data, o rebaño espiritual do Guru, que di ter **350.000** seguidores en todo o mundo, pacia nos campos de Poona (India) onde a secta praticaba o amor libre, segundo se conta, e levaba unha vida despreocupada adorando ao divino Rajneesh.

Ocorreu que entre os adoradores do barbudo e ataviado Guru foran aumentando os mozos e mozas nordeamericanas que aparentemente fuxian da meca do capitalismo á procura de sanidade mística para os seus espíritos magoados polo sobexo deserolismo materialista que se respira na sua pátria. Foi asi como o Guru, que parece que non é parvo, concebeu a idea de instalar o seu "negócio" espiritual nos prórpios Estados Unidos, onde o seu olfato místico lle indicaba que a clientela seria abondosa.

Coas aportacións pecuniárias dos seus neófitos nordeamericanos, foron mercando terrenos nun val isolado a uns douscentos quilómetros ao Sulleste da cidade de Portland, onde quedou instalada a comuna. Hoxe a secta posue uns 250 km^2 de terras adquiridas por seis millóns de dólares, e xa levan invertidos uns cen millóns en total. O xénio místico do Guru levouno a organizar a sua secta como unha verdadeira corporación ou gonglomerado capitalista que abranxe negócios diversos. Estes van desde a agricultura á venda de libros, discos, cintas de video e ensino de técnicas de meditación. Ademais posue hoteis, avións e axéncias de viaxes.

Por outra banda, a "organización" funciona como un negócio redondo. E isto danos unha idea de cómo certa xente moi avispada pode aproveitarse en Nordeamérica da credulidade dun público desorientado polo confusionismo da sociedade capitalista e tíranlle partido ás facilidades liberais do sistema. En primeiro lugar, o Guru e os seus axudanges máis achegados montaron un tinglado que se disfarzou de institución relixiosa, o que lles dá moitas vantaxes de tipo fiscal e outras, pero que na realidade é unha verdadeira organización capitalista. Pero ademais os membros fundadores da comuna teñen aportado os seus bens. Por riba diso, os membros e neófitos que se van reclutando teñen que traballar doce horas diárias, sete dias á semana, ao longo de 'todo o ano'. En troques diso receben a mantenza e a hospedaxe, e outras necesidades. Isto non é outra cousa que unha escravitude encoberta, ou un novo xeito de servidume, baixo a capa moi ben disposta dunha **soi-disant** relixiosidade mística. Que estas cousas ocorran na sociedade máis avanzada de fins do século vinte é motivo de reflexión.

Pero ao parecer as ambicións do divino Guru non se limitan a levantar un verdadeiro império económico. Tamén ten aspiracións ao poder político segundo van amostrando os feitos. Ao aumentar os efectivos da sua comuna, os seguidores do Guru acadaron no 1982 o control político da vila de Antílope, en cuxo termo se asentou a secta, ao alcanzar a maioria nas eleicións daquel ano. De contado lle cambiaron de nome á vila: agora chámase **Rajneesh Puram** para honrar ao divino Guru.

Mais non fica aí a cousa. A medida que se acercaban as eleicións nordeamericanas do 6 de Novembro de 1984, os discípulos do Gurú Rajneesh espalláronse por toda Nordeamérica nunha campaña reclutadora. O chamado **Rajneesh Humanity Trust**, nome oficial do enxendro místico, oferecia hospedaxe e mantenza grátis aos vagamundos e outras xentes abandonadas nas grandes cidades nordeamericanas. Rapidamente foron chegando á comuna máis de mil neófitos.

O esforzo reclutador da secta mística tamén chegou a Porto Rico, a onde mandaron a unha conversa de orixe nordeamericano-portorriqueño chamada Evelyn Mock, pero que desde a sua conversión adoptou o nome de Maderva Mradula. Este é un requisito obrigatório para todos os novos discípulos que teñen que adoptar un nome "espiritual", único que deberán utilizar despois. En Porto Rico, onde se dá unha tasa de perto do trinta por cento de paro, hai terreno fértil para ese reclutamento místico e deseguida comezaron a sair expedicións de neófitos para a comuna de Oregón. Entre os novos discípulos portorriqueños atopábanse xentes abandonadas pola sua familia, narcómanos confesos e desempregados en busca dunha nova vida.

Vemos aqui que as inclinacións místicas de moita xente, neste caso, nútrese no fondo da explotación capitalista. A verdadeira motivación que impulsa a estes neófitos para a comuna do Guru son as condicións sociais de desespero en que os ten sumido a crise do capitalismo, agravada en Porto Rico pola sua continuada condición colonial.

Mentres tanto, esa espécie de invasión de "xente da rua" procedente dos **ghettos** nordeamericanos ten desencadeado unha reacción de hostilidade no Oregón. Chegouse a informar de ameazas de violéncia dirixidas contra a comuna "do amor" do guru, que deseguida tomou a apariéncia dun campamento armado. No fondo de toda esta revolaina atópase a preocupación dos residentes do val de Oregón de que os neófitos son reclutados apresuradamente para aumentar a forza eleitoral da comuna do Guru.

Hai quen se lembra do precedente sanguiñento de Jonestown na Guayana, onde o "Predicador" místico Jim Jones provocou o suicídio masivo de centos de discípulos no 1978. A estes extremos chegan as contradicións da sociedade nordeamericana.

Madrid

Xornadas de confluéncia socialista

Durante os dias 16 e 17 do mes de Novembro, celebráronse en Madrid as Primeiras Xornadas de Confluéncia Socialista, organizadas polo Partido de Acción Socialista (PASOC) e ás cais asistiron representantes de diversos partidos socialistas do Estado español situados á esquerda do PSOE.

Estas xornadas, como xa quedou dito, foron iniciativa do PASOC, antigo PSOE-histórico, partido no que se encontran moitos dos escindidos ou expulsados do partido que hoxe ocupa o poder, nun intento pola sua banda de vertebrar unha espécie de Asociación Socialista de carácter federal, alternativa ao PSOE, que cobrise o espácio político que parece encontrarse vacío entre o PSOE e o PCE. Esta tentativa de partido federal foi rexeitada con forza polos representantes de EE e EG-PSG e, en certa maneira, asumida polos socialistas de Extremadura e Andalucia amén dos portavoces dos partidos republicanos IR (Izquierda Republicana) e ARDE (Agrupación Republicana Democrática Española).

Tense previsto a celebración dun encontro socialista semellante a este proximamente en Granada.

SALVADOR R. PASTORIZA

_estado crítico

Conviver co sangue

XESUS VEGA

"O sangue de Brouard salpícavos a todos. Aprendede a conviver con ela". Cando Gabriel Albiac escrebia estas palabras dirixidas aos intelectuais que militan na defensa da socialdemocrácia governante, non sabia –ainda que, quizá, intuia– o que ia suceder en Euskalduna vintecatro horas despois. Houbo máis sangue para salpicar aos ideólogos do PSOE: un obreiro morto a consecuéncia do infarto que lle provocou a entrada da policia no estaleiro disparando con pistolas e metralletas. Barrionuevo loubou a "profisionalidade" demostrada polas FOP sabendo que estas racharon várias dependéncias da empresa e chegaron a queimar libros da biblioteca.

Barrionuevo coñece perfeitamente a chamada "apoloxia do terrorismo". Deberia saber en qué consiste e cómo se pratica: cando unha persoa fai loubanzas da actuación dunha banda armada que provoca o terror no seo da povoación. Polo demais, ten capacidade dabondo para comprender que ese terror pode orixinar un ataque cardíaco a quen lle toque sofrelo directamenge.

Barrionuevo presume de coñecer ás forzas policiais que ten ao seu mando. Por iso saberá que o asasinato de Santi Brouard foi celebrado "con champán a máis non poder" algunhas dependéncias policiais de Euskádi tal e como afirmaron textulamente alguns membros das FOP aos detidos nos incidentes posteriores á morte do dirixente abertzale.

Non importa. Hai tempo que o ministro do Interior aprendeu a conviver co sangue. De Brouard ou do obreiro de Euskalduna. Ten estómago para aguantar todo iso e non apresentar a dimisión. Mais seria inxusto pensar que Barrionuevo é a excepción da regra. Non coñezo a nengun dirixente socialista da Administración ou do próprio partido que teña dimitido en protesta pola actuación policial en Euskalduna. Todos eles son, pois, solidários co seu ministro e semellan aceitar esa convivéncia co sangue vertido no estaleiro.

Cómo é posibel a existéncia de tal insensibilidade no seo do PSOE? Onde está aquela ética democrática que enchia a boca de tantos dirixentes e militantes socialistas?

O monolitismo que hoxe reina no PSOE só é explicábel a partir da constatación de que hai 45.000 membros do partido que ocupan cargos na Administración e que, na sua meirande parte, receben un soldo médio de 250.000 pesetas ao mes. Polo que parece, a fidelidade ideolóxica aos sinais de identidade tracexados polo PSOE na primeira metade deste século foi substituída pola integración nunha corporación de intereses criados onde a única discrepáncia realmente existente é a que se estabelece por mor dunha maior participación nas prebendas do poder.

Claro que esta "nomenclatura dos 45.000" nunca recoñecerá que o seu siléncio verbo da acción policial en Euskalduna ou a sua recente conversión ao atlantismo teñen un précio que se paga todos os meses. Prefiren inventar unha teoria para tranquilizar as suas conciéncias: "como non fumos franquistas temos a patente de demócratas para todo o que estamos a facer". Quer dicer: cando unha compañia da policía arrasou Renteria, o PSOE pediu a dimisión imediata de Martín Villa porque non se podia tolerar que un antigo falanxista non fose capaz de controlar ás FOP. Agora ocorre algo parecido, pero Barrionuevo non dimite porque a culpa é dos obreiros que son uns violentos e antidemócratas. Eles son demócratas por definición e non precisan demostralo. Máis ainda: poden utilizar cans contra os piquetes porque, se morden, será unha san e revitalizadora acción democrática frente aos "alborotadores".

Vendo esta evolución dos que antes descalificaban á UCD pola sua falta de consecuéncia democrátipa e hoxe, desde os despachos oficiais, publican os mesmos comunicados que facian os políticos ucedistas, pergúntome qué farán estes dirixentes do PSOE cando abandonen os postos que agora ocupan. Terán estómago para esixir a dimisión dun governador civil ou do ministro do Interior cando haxa outra Euskalduna?

I XORNADAS PARA A RENOVACION DA EDUCACION SEXUAL

18, 19 e 20 DE XANEIRO NO CENTRO CULTURAL DA CAIXA DE AFORROS MUNICIPAL DE VIGO (EDIFICIO GARCIA BARBON)

VENRES 18
19,00-20,00:
Recepción de cursillistas e entrega de material.
20,00:
Inauguración das Xornadas.
Conferéncia de Abertura (pública) no Auditorium: "Ideoloxias e atitudes sobre sexualidade e educación sexual".
Conferenciante: **Josep-Vicent Marqués.**

SABADO 19
09,30-11,00:
"Feminismo e educación sexual".
Ponente: **Encarna Otero**, ensinante.
11,30-13,00:
"A Psicanálise ante a educación sexual".
Ponente: **Fernando Márquez**, Psicanalista.
16,00-17,30:
"Un programa de formación de mestres en educación sexual".
Ponente: **Félix López**, profesor de Psicoloxia da Universidade de Salamanca.
18,00-20,00:
Mesa Redonda: "E posíbel unha educación sexual?"
Participan todos os ponentes.

DOMINGO 20
09-11,00:
"A sexualidade infantil"
Ponente: **Cipriano Jiménez**, médico-psicanalista.
11,30-13,00:
"Identidade sexual e identidade personal".
Ponente: **Josep-Vicent Marqués**, profesor de socioloxia da Universidade de Valéncia.
13,00
Asamblea Valorativa e Clausura das Xornadas.

INSCRICIONS

Antes das Xornadas:
Sócios da AS-PG grátis
Estudantes o parados que o acrediten 500 Pta.
Non sócios 1.500 Pta.

O dia da inauguración:
Sócios da AS-PG 500 Pta.
Estudantes ou parados que o acrediten 1.000 Pta.
Non sócios 2.00 Pta.

As personas interesadas poden inscreberse nas livrarias: Biblos e Alonso (LUGO), Pueblo (PONTEVEDRA): Ir Indo (VIGO): Tanco e Stylo (OURENSE): Lume, Nós e Couceiro (A CORUÑA); Couceiro (SANTIAGO) e Viláfer (CANGAS).

ASPG **ASOCIACION SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA**

CAV COA COLABORACION DA CAIXA DE AFORROS MUNICIPAL DE VIGO

Eleicións federativas

Patinazo do Goberno

O Goberno socialista fracasou estrepitosamente no seu intento de democratizar o deporte no Estado. Asi o demostra que Roca saíse elixido presidente da Federación Española de Fútbol, xa que Roca é o home de Porta e na Federación todo vai seguir igual que antes.

O Decreto Solana foi promulgado sobretodo para descabalgar a Pablo Porta da poltrona presidencial e, polo visto, este decreto fallou estrepitosamente na sua intención, co que quedou posto de manifesto o descoñecimento dos temas deportivos, até a imperícia en temas legais-deportivos do Goberno.

Un Goberno que encumiou nos altos postos deportivos a persoas dunha traxectória descoñecida neste campo, relegando aos próprios dirixentes do PSOE que viñan traballando pola democratización do deporte, por facer un deporte popular e participativo. Pero non eran fieis á socialdemocrácia. Case todos estaban nos seus posicionamentos, sobretodo deportivos, máis á esquerda. E asi como hoxe o PSOE está seguindo unha traxectória que non ten nada que ver coa que se contiña nun libro editado anos antes de subir ao goberno. "Por un deporte popular", titulábase ese libro que quedou esquecido no baul dos recordos, como tantas outras cousas, e non só polo goberno estatal, senón polos gobernos municipais socialistas, polo menos en canto a Galiza se refire.

Agora están recollendo os froitos e o estepitoso fracaso do Decreto Solana. As eleicións das federacións, por regularse mal, son un puro caciqueo, sobretodo as do fútbol que é onde recebe todo o deporte estatal, a sua subsisténcia nos presupostos —ónde están as promesas de que os presupostos non terian nada que ver co diñeiro das quinielas—?

Deixoulles aos rexentes do fútbol as mans libres para facer o que quixesen, ao non regular as formas das eleicións. Foron os mandatários que querian perpetuarse, e aos que o Goberno queria apartar da dirección do fútbol como único xeito de democratizalo, os que fixeron as porcentaxes para as eleicións, os que formaron a Xunta Eleitoral Central, e os diversos organismos de apelación. En suma, deixáronlles as mans soltas e ben soltas, é máis, puxéronlles en bandexa a sua lexitimación democrática. E todo por ineptitude, por descoñecimento e até poderíamos dicer que por desídia.

Unha proba de descoñecimento é que o dia anterior ás eleicións, o presidente González afirmaba que co "triunfo de Baró, a democrácia chegaria ao fútbol". Era tan inxénuo que o Presidente e os seus asesores non sabian que quen ia gañar era Roca? Non actuou o Goberno nesas eleicións frudulentas por pensar que, co seu apoio, Porta ia quedar fora dos comícios? Bisoños, son os socialistas; bisoños, ineptos e ineficaces. Todo segue igual, Porta-bis segue no poder, Pablo Porta manda, AP decide, o Goberno fracasou.

ao primeiro toque

Continuismo a tope

RICARDO RIVERA

Xa temos un novo presidente da Federación española de fútbol. José Luis Roca Milián, 50 anos, até agora presidente da Federación aragonesa. Profesor mercantil, empresário e industrial da construción e da cerámica, militante de AP e admirador de Pablo Porta.

Rematan, deste xeito, nove anos de mandato do persoaxe máis coñecido da transición. Tan odiado como Martín Villa e, porén, querido polos presidentes dos clubes. Foi un dos grilóns que Franco nos deixou cando lle chegou a hora de render culto ao altísimo. Con el, a frase de "Todo está atado e ben atado" tomou un senso novo. E o mellor exemplo de amor ao poder, aos cartos e ao cinismo.

Un estraño decreto do PSOE rematou coa carreira de Porta, pero a sua desfeita ficará connosco como a meirande mostra do que non se ha facer.

Chegaron as primeiras eleicións ao fútbol e, con elas, o primeiro presidente democrático. O seu xeito de gañalas foi caciquil, pero como xa estamos afeitos a ollar cousas estrañas, outra máis non nos surprende. Roca era o candidato apoiado por Porta e máis os presidentes das federacións rexionais. Con iso fica todo dito. Continuismo a tope.

Pero, hai algunhas variacións. A Porta podíamoslle chamar antidemocrático, anticonstitucional, cacique, etc., mentres que a Roca só lle poderemos pór epítetos de impoténcia.

Porta controla o aparato do poder e puxo na sua cadeira a quen máis lle interesou. Todo continua atado e ben atado.

O futuro do fútbol é tristeiro, mouro e magoante. Antes tíñamos a esperanza de que Porta desaparecese, agora xa nen iso temos.

Sobre os campeonatos do mundo de xadrez

Estase a xogar o campeonato do mundo de xadrez masculino. Rematou xa o feminino. Os protagonistas do primeiro son coñecidos de todos os que seguen a prensa: Karpov e Kasparov. As protagonistas do segundo coñecidas na sua casa á hora do xantar, para case todo o mundo arredado do xadrez: Maia Chiburdanidze (actual campeona) e Irina Levitina (aspirante). A campeona conservou o título. Gañou por 8,5 a 5,5 pontos. O encontro disputouse en Volgogrado paralelamente ao masculino. As axéncias de prensa ocidentais ignorárono olimpicamente. Tanto é asi, que o que escrebe, que non ten reparo nengun en mercar prensa de direitas se trouxer información de xadrez, non coñece, con grande dor do seu corazón, partida algunha. Triste, moi triste.

O campeonato masculino tiña un antecedente que se remontaba —remonta— ao ano 1927, na cidade —tan galega— de Buenos Aires. Protagonistas: Capablanca —cubano, campeón, imbatíbel— e Alekhine, soviético, aspirante, rei da audácia.

Agora en Moscovo-84 a grande revancha que Alekhine —surprendente vencedor— nunca quixo dar a Capablnca. Mais o Capablanca reencarnado —Karpov— segue a ser campeón. O alekhine-84, Kasparov, espera repetición de resultado.

A táctica de Alekhine desde a prineira partida: xogar exactamente como o fai Capablanca: adoptar o seu estilo e mesmo os seus sistemas de xogo. Resultado Alekhine gaña após 34 partidas.

Moscovo-84: Capablanca-Karpov gaña 4 partidas nas nove primeiras. Por qué? Porque o Capablanca-Karpov aprendeu a lección do encontro do 1927 e preparou o de Moscovo-84 concienzudamente, sen menospreciar ao seu rival, non coma fixera daquela. Porque o Alekhine-Kasparov non xogou desde o início do encontro como se fose a sombra do campeón.

De seguro hai máis respostas. Unha cousa é clara: a diferéncia entre o campeón e o aspirante non é tan grande como indica o resultado das nove primeiras partidas.

Cando escrebo este artigo vense de xogar a vixésima partida. Desde a novena son xa once empates seguidos. E unha característica: o curtos que son os xogos nos que Kasparov leva as brancas. Máis outra: Kasparov-Alekhine lembrou xa o ano vintesete e agora xoga á segura, como o campeón. Asi, no xogo 15 adoptou a defensa índia de dama, favorita do campeón; como a variante Tartakower do gambito de dama que xogou o aspirante nas partidas 17 e 19. Pola sua banca, o campeón ven de xogar na partida 20 o mesmo sistema que empregara o aspirante para se defender nos xogos 11 e 13.

Qué está a pasar? En qué vai rematar esta morea de empates?

Por unha parte, podese asegurar que o aspirante se non entrega. Está a esperar. A defensiva. Facéndolle a sombra puxilística ao campeón. Por outra ter claro que é máis doado esperar cando se levan catro pontos de vantaxe. Ademais de ser famosa a infinda paciéncia do campeón. Trátase, xa que logo, dunha guerra de nervos: o que primeiro perda a paciéncia perderá o encontro. Gañará o dilecto dos deuses.

Mais moito teria que perder os nervos o campeón para ser derrotado en seis partidas. No entanto, Kasparov-Alekhine só ten que perder duas. Parece que os deuses xa elixiron. Nós —humanos— á espreita.

XOSE VILA

O "caso Canillejas" ten que facer pensar

As carreiras populares na encrucillada

A carreira popular celebrada dias atrás en Canillejas (Madrid), onde atletas populares agrediron a corredores de elite, ven demostrar a non aceitación das novas fórmulas por unha parte dos participantes, por máis que eses comportamentos non se podan xustificar de nengunha maneira.

Nasceron estas carreiras populares como forma de proposta, tanto cara a situación do deporte pola falta de instalacións nos bárrios, pola imposibilidade de praticalo, como para reclamar un deporte máis participativo, máis democrático e non tanto espectáculo e comércio, como tamén para reclamar un uso máis racional da cidade, un uso máis lúcido, máis deportivo. Era gañarlle, por unhas horas, un terreno, couto privado da voráxine automovilista, para o esparcimento, e a prática deportiva.

Pois ben, moitos destes elementos contra os que ian estas carreiras populares estanse apropriando tamén destas carreiras, dado que alguns "avispados", viron a forma de introducir a publicidade nelas.

Primeiro chegaron os dorsais con nomes de casas comerciais, logo casas colaboradoras; o seguinte paso foi a publicidade estática... e para aumentar esta publicidade qué se fixo?: contratar a destacados atletas para que lucisen, polas fotografias dos xornais, mundo adiante.

Viñeron logo as protestas dos atletas populares, que vian cómo esas

carreiras perdian todo o seu carácter xenuíno e entraban de cheo no circuíto comercial. Era asi asumida máis unha vez a protesta polo "sistema".

Daí as reaccións que se deron en Arganda, a semana pasada, pero xa se deran parecidas reaccións noutros lugares. Os organizadores nunca se deron conta até donde podia chegar o descohtento de algunhos participantes que voltaron nacer ao deporte con istas carreiras e viron como collian tamén un nivel de alta competición. Organizadores que, segundo iles, o que intentan e darlle máis nome a carreira, sen darse de conta de que diste xeito perdian en gran medida a maneira de ser, o ser primitivo, a razón da sua existencia.

Pero hai que dicer algo máis; que moi poucas persoas, victimas da cultura deportiva imperante durante istes anos, e que ainda non desapareceo, non están mentalizadas para competir por competir e sintense tremendamente rabiosas, pode ser ista a palabra, ao comprobar que non teñen ningunha opción de gañar, é máis, non aguantan o que para iles e verse en ridículo, xa que pola sua mente nunca pasou o de competir contra iles mismos, o superarse, senón que foron educados en competir contra outras persoas.

estampas do mundo elegante

Menos mal que me queda Portugal

XESUS CAMPOS

A piques de cumprir os trintedous anos e recén chegado de Las Palmas (será cousa do sol, como en L'etranger), o que subscrebe decide pechar un período que lle viña tendo ocupado vitalmente desde que estaba a piques de cumprir os quince: darse de baixa como militante do Partido Comunista.

Aquela revolución que enton semellaba ser a substitución lóxica e elemental de sentido do humor, converteuse ao cabo de tan poucos anos nunha ficha de arquivo con arume de timbres oficiais. A terceira internacional —de tanto formol na que se foi conservando— comeza a sofrer os achaques da terceira idade.

Será culpa dos microchips, os videos e as 200 millas. O caso é que os achaques xa non os cura nen o **Gerovital**. E senón que llo digan a Carrillo.

A estas alturas un non sabe se a decisión de darse de baixa dun partido é produto de fartura, clarividéncia, perda do sentido do humor ou da necesidade de variar dunha vez a eterna resposta a quen sempre te pergunta se segues no Partido.

Claro, que o feito de contestar que non, que te apontas á independéncia, obriga ao interlocutor a situarse decontado no PSOE, con Camilo, nalgun cargo da Xunta, ignorando que tamén un pode facelo ben sen mirar a correlación de forzas favorábel no seo do comité central.

Nos tempos en que Geluco Guerreiro, Anxel Ezama, Willy Meyer... cortaban o bacallau na dirección; nos tempos en que as caras de Rafa Bárez, Dalda, Tito e Carlos Ucha, Amor e tantos outros eran expresión dun novo estilo de facelas cousas abertamente e para adiante, sequera existia, con todas as insuficiéncias que se queira, o mínimo sentido do humor imprescindíbel como para tomarse a política como algo máis enriquecedor que unha cruz cotidiana.

A onda de sectarismo que nos invade. Os xelos pseudo-siberianos que nos enfrian o ánimo. A mistura west-meets-east que pode arruinar un proxecto próprio e reducilo a un formulário mediocre digno do **Recetário Chonina** ou da madurez política de Maruja Callaved.

E asi van as cousas. Se cadra todo se reduce a unha mera involución estética. Xa se sabe que a dinámica de crise golpea historicamente nas vangardas, con riscos de involución. Só asi se explica o dogmatismo, a maxifalda, as patillas de bandoleiro e o mesianismo patrimonial dos colectivos concienciados. A un non lle estrañaria que se empezase a pór de moda no PCG a boina, as zocas de madeira e o arado romano, descoñecendo que os expertos en imaxe do Bloque xa esgotaron esa moda na transición e andan agora ilustrando as guatas no estilo de Adolfo Domínguez, que algunha rentabilidade lle tiña que sacar ao seu enfrentamento co poder municipal ourensán. De maneira que nas próximas municipais os candidatos nacionalistas irán máis guapos nos carteis.

Pois iso. O que priva é Adolfo Domínguez o mesmo o "do it yourself", isto é, a solución cutre á carestia do deseño toscano de Ourense. E a vangarda histórica do proletariado —polo menos a parcela minifundista que lle corresponde ao PCG— empeñada en usar e abusar do tergal, da manga ranglan e das camisas de Popylene, da garabata ancha e dos zapatos de punteira.

Logo pasa o que pasa. Os tempos corren que zoan e quen máis quen menos espabila. Calquer inquérito autorizado daria unha maior aceitación eleitoral ás propostas de cadea **Zara** ou de **Cividanes** que á decadéncia hipermetrópica do estilo **Julio Pérez**.

Polo tanto, un servidor apóntase á rua, aos boulevares polo desarme, ás plataformas pola paz, á distensión porta a porta e máis á loita contra os impagados como fundamento obxectivo de progreso e avance revolucionário e, sobretodo, elegante. Fino, con clase, xa sabes...

Peneirando

MARILO

Unha vez, aló nunha embaixada americana da capital do reino, tiven a fortuna de coñecer de perto a un escritor mesetario de poucas guedellas e moita sona. De que era unha fortuna telo así á miña beira díxomo el, que eu maldito se o sospeitaba. Modesto que era o gachó. E benevolente que foi comigo, poisque dixo e afirmou que era gostoso de min inda a pesares do meu acento galego. Dicíamo dediante da xente, falando coeste e coaquel, así nun plan cariñosiño e favorecente. E eu agradecidísima, xa o podedes imaxinar. A miña relación con el non chegou a durar unha hora, Xa que finou súpetamente a pausa dun xoenllazo que lle arreei na entreperna cando tentaba de cobrarme os seus favores. Ou de seguirme favorecendo, que non sei. E alí quedou o sonado escritor ben domeado, engruñado, erquerquenado, laiándose polo baixo, tan magoado nos aqueles como de seguro que na sua propia estima. Desencantada dese meu encontro co literato esgrevio, funllo comentar a unha muller mais mundana ca min, quen se solprendeu da miña inocencia: "Pois logo, ¿qué pensabas? Os escritores sonche tamén coma outros bichos calquera". E serán.

Emporiso, naquela horiña de trato co fulano algo fun adeprendendo, que a sabencia revertíalle decote da chola mesturada coa caspela. Así, aconselloume desconfiar sempre da orixinalidade do autor que dea comenzo a unha novela deste xeito: "Aló nun lugar da Mancha do que non quero lembrar o nome, vivía non hai moito un fidalgo..." Díxenlle eu que se é Cervantes o tal autor, non lle habería que desconfiar. Botoume olladas a fite, seique asombrado da miña tanta cultura, e díxome por fin: "Pois mira: tal como así ten encetado este menda algún traballo, e mais non pasou nada por ser eu quen son". Aí sí, deixoume alucinada, inda que non tanto como o deixei eu despois a el.

Ven isto a conto polo aquel do plaxio, dese fraude tan fraudento que se está a dar polo visto no ámeto galego. Por moito mal que fagan xuntas a triquinose e a brucelose nas nosas feiras do gando, coido sexa moito pior o dano que pode facer o plaxio nos eidos literarios desta terra, no desenvolvimento das nosas letras. A primeira nova que me chegou diso foi o comento dunha compañeira cando se publicou "O Larvisión e outros relatos", de Xavier Alcalá. "Vaia can que lle meteron aos de Edicións Xerais", dixérame ela alporizadecha. E logo espricárame que o último relato dese libro, "Látex", debería ir firmado polo seu verdadeiro autor, o portugués xa difunto Ferreira de Castro, que cando escribiu "A Selva" aló no Brasil de seguro non contou con que un escritor galego fose adonárselle tan desfachadamente do seu traballo. Desfachada e impunemente, poisque o tempo foi pasando e o caso semellaba finar así, que eu xa pensei que ninguén sabía do conto.

Mais sabíano, sí; ben que o sabían os asistentes ao coctel no Hotel Bahía, denantes da pea do fallo do I Premio Edicións Xerais. Alí todos daban por seguro o trunfo do Alcalá, o trunfo cantadísimo da sua excelente novela "Tertulia". E falando desta obra, polo visto tan espallada que xa a coñecían todos, dicíase alí con retranca rexoubeira: "¿E quen será o autor?"; "Quen virá sendo o pai da criatura?". E barallábanse os nomes de distintos autores portu-brasileiros, descartando xa de entrada "ao da outra vez", Ferreira de Castro. Así que o sabían. Sabíase, e mais emporiso tíñase ben calado. Abofé non o entendo. Como tampouco entendo que un escritor do talento de Alcalá se degrade a sí mesmo entrando a saco desa maneira na produción dos demais, senón plaxiando, digamos que "adoptando e adaptando", ou viceversa, aproveitandose a mantenta das obras alleas. E disque non o nega, que astra ten a fachenda de o facer así, como confesa nesta "Tertulia" polo que me teñen contado. A xenialidade ten estas rarezas, xa que polo visto fai a historia dun plaxio, unha novela brasileira dentro doutra galega, meténdonos de matute o material refrituratado. Ou reconvertido, como se dí agora. De ser tal, velaí un caso que ten mais de patético que de escandaloso, a mais dunha lixeireza que pode comprometer o prestixio das nosas letras. Eu síntome abraiada, verdadeiramente magoada, porque o Alcalá é un home que me cae moi ben, como persoa polo que fala e como novelista polo que escribe. E que esa sua afouteza, a barileza coa qu de sempre se manifesta, se vexa agora tocada pola falsía... é que me deixa desmoralizada. Téñolle lido coido que tódalas cousas, e a sua "Fábula" deixoume encantadísima, que a lin e relín con sentimentos gratificantes. Pensar que un escritor desta valía, un loitador como el, derrame a sua biografía somentes por un esnobismo desaforado, epatante, copiado en segunda man dalgún figurón da Corte, asumindo ese papel do plaxiador destemido... é que é o colmo da parveza. E agora resulta que xa non poderei acreditar nos méritos doutra novela da que gosto moito, "Nos pagos de Huinca Loo", poisque por ser asemade unha obra trasatlántica, rebordante do exotismo das outras, descoñezo até que ponto non sexa ela tamén produto dunha autoría putativa, ogallá que non.

O caso é que, contra tódolos pronósticos, o premio non llo deron a Alcalá, a pesares ou por conta de andar a sua "Tertulia" circulando en fotocopias por entre os persoeiros da cultura, no entanto en que o xurado a tiña "sub iúdiche". O éxito que acadou nos centros de ensino disque é fenomenal, que nalgún xa a teñen disposta de libros de lectura pra cando saia do prelo, como é o caso eiquí no Instituto de Coia. Velaí unha boa promoción comercial, agresiva e tal, que é o que val. E anque non houbo premio, hase aproveitar igoal. A virazón dun fallo que xa era de seu encarrilado, hai alí quen dixo que foi causada mesmo polo arruallo de que facía gala o Alcalá, co que de seguro provocou a empencha dun xurado que xa viña de aturar un certo dinismo, disque presente na obra e mais no autor. E é que a última palabra é a do xurado, non hai que esquencelo, e un baño de humildade non fai mal a ninguén. Inda que aquelo mais que baño foi ducha, un témero caldeirazo de auga fría que deixaba entalado a calquera. Eu fiquei tan solprendida coma os demais, e abofé que naquel intre sentinme magoada, enteiramente solidarizada co defraudado amigo, desbotando as chatas que lle apoñía pouco antes. Tan abalada me sentín que me puxen a pegarlle forte ao viño, nas mentes o recente fallo, e aló nos postres funme ao Alcalá disposta a serlle ben garimosa, que el sempre se folga das miñas garatuxadas. Mais velai que a piques de o bicar na orella, decateime de súpeto que tiña diante á muller. Disimulando canto puiden, fixen por delongar o aceno e fun así aloumiñar ao seu veciño de asento, o tamén escritor Martínez Oca, a quen coñecín cando veu presentar no Auditorio a sua novela "Beiramar". Carexándoo na coluga e bicándolle as fazulas, el estantío, botei de conta saír gañando no troco por ser este mais guapo e millor de consolar. Pero, ai, metín o zoco até o xoenllo: este tamén viñera coa sua dona, e dous ollos faiscantes estábanme a dicir "Váiteme daí e deixa iso, que non é teu". Non pouco abafada, botei cara a outras mesas cantando baixiño, bebendo eiquí e acolá do que cadrase de me ofreceren, na busca dunha compaña e mais acolledora.

Quen me acolleu pos brazos abertos e unha aperta chuchona e pulpeira, (¿ou polveira? foi o demo do Méndez Ferrín, quen, coa arreda de que hai pouco tivo un neno, "Dá máis traballo facer un libro que facer un fillo, dígocho eu", andaba por alí ceibe e ledo coma un xílgaro solteiro, e, sabedor da miña franqueza cara aos nosos escritores, non deixou de apalparme por onde puido e aínda mais, que é un magreón de moito nabo. Se llo vou contar á Moncha aínda había levar boas, que polo amigas que somos ben sei o xenio que ela ten. Pero el sabe moi ben que eu non son unha lareta, que son incapaz de irlle con contos á muller, e mesmo por iso aprovéitase. Arredéimelle cando puiden e fun a pé do Freixanes, que moito engado me ten coa sua apostura atraínte e baril. O que teño eu sofrido por este home cando aquelo do acidente, non o quero lembrar... Porque el ben sabe que toleo polo seu bigote, e que me deixa aquelada co seu sorriso chamadoiro, coese carís tan do xeito dun Omar Xarif. Eu dicir nunca llo dixen, pro el ben sabe que cando queira me ten. E aquela noite era axeitada pra facerme sua, que eu estaba en sazón por ben dunhas copas e mais pola marcha que me dera o raio do Ferrín. Pousándolle as mans no peito con ánseas de pecado, faleille dírmonos xuntos, de fuxirmos dalí e agacharnos na noite... E vaise o desgraciado, moi cabaleiro el, chamou por Carina Fálagan, que andaba por alí de volvoreta parolando con todos, e pediulle que mirase por min, que disque non me sentía ben. Carina colleume dun brazo, "Ven comigo, miña rula", e entre ela e mais Ursula leváronme ao servicio a aliviarme. Despois pasáronme un pano recedente pola faciana, abrigáronme, sacáronme ao fresco a me espilir, e pola derradeira deixáronme nun taxi ben recomendada.

Ao me ver camiño da casa non puiden menos que bagoxar pola ocasión falida, malpocada de min, arrenegando con fastío dos escritores todos, malia a nai que os pariu anque sexan os enxebres, que maldito se se pode contar con eles. Ben dixera a miña amiga que son mais bichos do que calquera, que deixan a unha na estacada cando mais os precisa. Paréceme que os pintores dan millor resultado, que a pouco que os trates xa tentan de che facer un retrato espido. E soia cheguei ao meu fogar valeiro, soíña xa sen remedio a tal hora da noite, que astra o demo argallou de que o taxista fose un vello. Cando as cousas dan en saíren tortas...

Páxinas de información cultural

Guieiro

Correspondentes ao nº 259 de 6 Decembro do 1984.

De parola cos donos de "Can sen dono"

"...fas un chiste en vez de pór unha bomba"

Antonio Mascato é o editor. Pepe Carreiro, o director. Son por tanto os "donos" de "Can sen Dono", a única revista de humor con que contamos no país. A eles comentámoslle se non é difícil rachar co panorama maiormente tristón das publicacións galegas. Qué fai o "Can" nun país onde a liña dos xornais está marcada polas esquelas? Sabedes que alguns directores meden a marcha do seu meio polo número de esquelas recebidas e polo diñeiro que desta maneira ingresan? —Nós non estamos de acordo con esta idea que tes da nosa prensa. Se os leitores non serin cos periódicos que hai aqui é por culpa deles, será porque non teñen sentido do humor. Nós imos facer unha sección só con auténticas notícias e declaracións de políticos collidas dos periódicos.

Can sen Dono ademais ten vantaxe porque a xente gosta mais do humor que da economía; e por certo que como gran parte do que publicamos é gráfico a xente ten menos que ler, e de paso tamén temos menos problemas co idioma".

E aparte do idioma, vós credes que hai un humor especificamente galego?

Esa é unha pergunta tópica que nos fan sempre que damos unha conferéncia ou imos a algun sítio. Eu coido que os galegos temos, si, un humor moi específico. Aqui hai unha tradición moi importante, da cal a persoaxe ponteira pode ser Castelao. Pero non é desde logo o único, está Torres, Cebreiro, Vidales Tomé, Xaime Prada, os literários como Labarta Pose, o mesmo Cunqueiro é un tipo que ten unhas conotacións de humor impresionantes, Leiras Pulpeiro que publicaba no "Tio Marcos da Portela". Aqui houbo revistas especificamente cómicas, xa a finais de século estaba Galicia Cómica, o mesmo "Tio Marcos" que vimos de citar, os "Mistérios de Pontevedra". Todas era bilíngües a non ser "O Tio Marcos da Portela".

E non credes que aqui chove demasiado e temos demasiada morriña para facer humor?

Non hai que confundir humorismo con comicidade, non sempre se trata de facer rir, ás veces o humor non serve para estar alegres, pero serve para facer pensar, é unha atitude ante a vida, en vez de pór unha bomba fas un chiste. Isto en Galiza case sempre foi asi, o humorista non é cómico, pode que che saque un sorriso pero rara vez é a gargallada.

Despois de descobrir que o próprio dos galegos son os chistes-bomba, pasamos a outra pregunta. Dentro de qué cauces ten que se mover o humorista?

En Can sen Dono non hai limitacións de nengun tipo, cada un pon o que quer, só temos o listón da calidade. O critério que si mantemos é o da normalización lingüística, nós non andamos con bilingüísmos, nen con caralladas.

E problemas exteriores, legais?

Até agora non tivemos. Cremos que o mesmo autor é crítico coa

Antón Mascato

sua obra e sabe até onde pode chegar.

Iso é autocensura.

Si, claro. Pero nós xa nos metimos co clero, co sistema monárquico, bueno, co sistema monárquico en xeral, non con nengun en particular. Sabemos que podemos ter problemas, pero cando os teñamos resolvémolos e fóra.

E molestouse algunha persoa polos vosos chistes ou polas vosas caricaturas?

Si, algunha xente, si. Houbo até quen nos retirou a fala, como algunha personaxe famosa que non é do caso citar.

Non, non é o caso. De calquer maneira, o que hai que criar é escola de liberdade e que a xente deixe de mosquearse por calquer *gilipollada*.

E a prensa, qué tal trata aos humoristas?

A situación vai mellorando, cada vez dedícase máis espácio ao humor gráfico. O problema é que se están a contratar a humoristas de fóra por meio de axéncia, porque son máis baratos. E non o criticamos porque eses humoristas non sexan bons, senón porque reducen as posibilidades dos daqui.

Iso que se di da retranca, de que o humor galego é á defensiva, non credes que hai que pasar á ofensiva?

Estes son os tópicos que se din. Disto fala Paz Andrade, fai unhas ou outra calquera, isto fai perder distincións eruditas de medo, que ao mellor non son tan exactas. Ademais agora as cidades e o cemento fan todo cada vez máis uniforme. E a colonización.

Se estás sendo invadido por outra cultura, sexa española, iánqui

Pepe Carreiro

todos os matices, todas as particularidades.

Pois estamos apañados se nos invade o humor iánqui, que son os máis horteras e simplistas do mundo.

Si, pero mira, nos comics hai unha invasión total. E ademais agora estanse traducindo tiras como Mafalda ou Astérix, ás que non se lles nega o valor, pero que xa estaban moi vistas en castellano; e mentres, hai autores galegos coñecidos conproblemas para publicar. Hai que apoiar isto, nós xa imos organizar un dia do Domund para apoiar a "Can sen Dono"; e a xente que se quite da cabeza esa idea de que as revistas teñen que morrer ao segundo número, o "Can" vai sacar xa o número 12 contando o especial.

Ben, agardemos a que lle traiga boa sorte o 13.

M.V.

Xornada de humor

Inaugurado en Fene o primeiro museu do humor

Cincuenta e duas obras de 25 autores é o fondo con que conta xa o Museu do Humor (primeiro dos existentes na Galiza e terceiro no Estado), inaugurado en Fene o pasado 25 de Novembro. Os organizadores teñen a intención de que as actividades deste museu teñan unha continuación ascendente para o cal están pensados xa concursos, dedicados fundamentalmente á infáncia e actos diversos cara unha mellor coordenación dos humoristas galegos.

A inauguración do museu serviu para celebrar unha xuntanza de humoristas na que participaron Gogue, Pepe Carreiro, Carlos Silvar, Rocamadour, Xaquin Marín, Siro, Oti, Xan Carlos Lopez, Fran Jaraba, Loquis, Manoel Gulín, Gonzalo Vilas, etc...

Asistiron tamén Isaac Díaz Pardo, António Mascato, editor de "Can sen Dono" e Clódio González Pérez, estudoso do humor. González Pérez apresentou unha audiovisual sobre a história do humorismo gráfico anterior a 1936, dicindo que "o humorismo gráfico na Galiza foi desde os últimos anos do século anterior algo moi importante, vindo a ser case unha moda ou unha necesidade para gran número de persoas, entre as que se encontraban moitos médicos, abogados, mestres, políticos, etc.; facer monos ou viñetas era unha espécie de **snobismo**". Desta época citou numerosas publicacións como 'Galicia cómica', 'Vida Gallega' (que até o 36 adoitaba a incluir na portada algun debuxo de Cebreiro, Prada, A. Tomé, etc.). González Pérez explicou tamén cómo a partir do 36 os criadores tiveron que fuxir ou deixar de publicar, praticamente o único que publica é Torres e cunha actividade reducida. Non será até finais dos 60 que se recupere o humorismo de expresión galega cos traballos de Siro, Xaquín Marín e posteriormente Quesada.

Homenaxe a Torres

A Xornada de Humor estivo dedicada á figura de Torres, un dos nosos clásicos máis importantes e o único vivo entre os que publicaron antes da guerra civil.

O novo museu conta no seu fondo con dous traballos de Torres, un dos cais foi unha das suas últimas publicacións en prensa que leva por título "sesaxenários".

Un museu dinámico

Nas cincuenta e duas obras coas que conta o primeiro museu do Humor aberto na Galiza está representada a prática totalidade dos humoristas galegos dos últimon anos. Figurando traballos de Saavedra Pita, Quesada, Fefo, Xosé Lois, Forxán, David, Vázquez Gil, R. Patiño, Outumuro, Hortas e Caruncho.

Actualmente, os organizadores teñen a intención de amplialo nun futuro próximo con obras pertencentes aos humoristas clásicos como Cebreiro, Castelao, Maside, Vidales Tomé, etc.

Até o momento, o museu é de carácter gráfico, ainda que se pensa en amplialo a outros campos do humor como contos populares, da tradición oral, etc.

Segundo palabras dos organizadores, estes teñen a intención de que os humoristas colaboren na criación dun debate permanentemente aberto do que pode ser o museu "para que este non fique como un local estático no que están pendurados uns cadros". Desde esta perspectiva apontáronse posibilidades de fotocopiar orixinais e darllos aos nenos a colorear, criar concursos tanto de humorismo gráfico como literário, fundamentalmente enfocado cara a infáncia.

A primeira iniciativa posterior á apertura do museu vai ser a edición do catálogo, asi como recoller as conclusións da xornada e darlle publicidade.

Téñense pedido tamén aos distintos humoristas gráficos e literários traballos sobre a reconversión que conformarán o que vai ser a primeira mostra non permanente e itinerante do humor.

O museu conta tamén cunha mostra permanente de bibliografia humorística galega.

O humorista e a Lei

Na principal ponéncia apresentada a esta Xornada do Humor falouse da problemática do humorista perante a lei; debaténdose o relativo á propriedade intelectual, direitos de autor, etc., incluíndo a problemática de até onde se pode chegar co traballo humorístico.

Comentouse tamén a posibilidade de criación dunha plataforma que relacione a todos os humoristas e que ben poderia ser unha asociación de humoristas galegos.

Como remate á Xornada, o alcalde de Fene, Rivera Arnoso, fixo fincapé en que podia parecer un contrasentido que xustamente en Fene (zona á que colleran de cheo os efeitos da reconversión) se fixesen unhas xornadas de humor, afirmando que "sendo o humor unha das formas máis vivas da cultura galega non se podia despreciar a posibilidade de criar aqui este museu".

diálogos cos novos criadores

Reixa pertence á inevitábel, e cutre, xeración do Desencanto e, como outros, está situado no cume da asequibilidade/inasequibilidade ao desalento, da adaptación/inadaptación á circunstáncia.
E un señor como un inocente neno grande. E non obstante, talvez, cunha certa dose de dóce cinismo. A sua face deixa entrever, nas fisuras do pretendido optimismo da vontade, o fatal pesimismo da intelixéncia.
Rinme toda a tarde con el mais, no entanto, creo que, como ten declarado, algunhas veces Reixa ten estado triste.

A.R. Reixa.

Nós, os resentidos



P.–Qué quixéstedes significar co nome de "Os Resentidos".

R.–Nós collémos ese nome por referéncia sociolóxica á xente que está en prisión, aos psiquiatrizados y aos resentidos sociais. Afirmarnos como seres desposuídos e desamparados é o que pretendiamos.

Ademais, o próprio plantexamento do grupo é de resentimento. Porque é descabelado. Porque non leva a nengunha parte. Dentro da música pop isto non vai a nengures.

Influiu tamén o nome dos "residents", un grupo que apreciamos. A recorréncia fónica desa palabra con "resentidos" xogou tamén un certo papel.

O teu espectáculo é descaradamente moderno tanto polas referéncias ao primitivismo como polo seu aspecto pop, deliberadamente colorístico e vulgar...

Ben. Isto da modernidade é complexo, cando menos... E ademais resultaria incluso pretencioso que eu xulgase a modernidade do meu traballo. E máis nun intre en que ese conceito funciona moi fortemente como xuício de valor.

Orabén, o que si, é evidente é que está escrito e traballado agora e, portanto, non noutro momento. Penso, por outra parte, que, contrariamente á tendéncia actual, para min está todo nas vangardas do século.

Actualmente faise unha leitura sesgada, anedótica e escolástica das vangardas. Non se valoran como procesos de resolución de problemas. Nen tampouco se reflexiona abondo sobre esa atitude, que elas introduciron, tendente a pensar. Pensar tanto sobre o próprio proceso de criación como sobre a circunstáncia social na que ese proceso se inscrebe e pola cal el é determinado.

O teu traballo continua na liña do que realizaba no pasado....

Efectivamente. Hai un proceso de decantación do meu próprio traballo a favor de min mesmo. O meu traballo de escritor consistiu en ir atopando a miña voz, ir atopándome cómodo, concorde co que queria facer.

A tua posición é, portanto, de estar a favor do moderno do século contra o moderno contemporáneo; de continuar na xeira das vangardas, dos camiños abertos por elas...

Xustamente. E de todos modos penso que esta posición miña asi como certos recursos expresivos dos que me valgo, algun dos cais apuntabas antes, están en relación co que son eu propriamente...

Vaia! Eu son unha persoa bruta, temperamental, impulsiva... etc. Asi que, por exemplo, ese clasicismo que abonda agora na poesia, esa delicada exquisitez, esa insisténcia na poesia de amor na que se recrian os meus colegas...

Realmente, trátase dunha sensibilidade que eu non vivo. Paréceme máis interesante a cárie que uns dentes de nácar. Ademais, co que avanzou a odontoloxia, xa non te podes fiar da apariéncia de nada.

Mira, dentro do teu espectáculo, o texto de "salvamento e socorrismo" coa mistura entre o discurso dos manuais de socorrismo en caso de guerra nuclear ten, dalgun modo, relación coa experiéncia tua...?

Ese é, probabelmente, o texto do que eu me distanciei máis. Aí fixen unha confrontación entre o discurso oral do curandeiro –provisto dunha riqueza literária enorme, cun estilo único– e o contido e o estilo dun manual de socorrismo.

Esa estilística da língua falada a min paréceme interesantísima e, realmente, cando eu empecei a facer poesia, foi cando empecei a falar só dunha forma desinibida.

Nese exercício de dicción hai, se acaso, desexo de apreixar esa coña popular, tan refinada, cuxa técnica é, para algúns, inapreensíbel.

Ben. O que ocorre é que, certamente, esa estilística popular está aí, é perfeita e non a temos todos.

A técnica do espectáculo para reproducir esa estilística e, ao mesmo tempo, para ironizar, permitindo leituras várias, consiste, simplesmente, en descontextualizar.

Se o que ese curandeiro dixo o rexistas, decides que é un poema –o que é unha decisión perfeitamente arbitrária–, decides recitalo nun escenário, decides confrontar ese discurso con outro que lle é heteroxéneo –formalmente, poco menos–... etc., o que sucede, en definitiva, é que somentes o feito "natural" a un conxunto de manipulacións cuxo resultado é o espectáculo, a obra.

A idea do Vigo tribal, paródica; a célebre canción Galícia-Africa; o primitivismo pictórico... A qué tanto selvaxismo?

Voltamos ao de antes. Non se trata tanto dunha resultante dunha posición filosófica e estética como de que, francamente, eu son bastante primitivo.

Eu teño problemas de comportamento coa xente: se hai máis de duas persoas meto a pata... etc. Polo tanto se eu ao escreber, ao facer o espectáculo non teño que manter unhas regras de urbanidade, as cousas, asi, saen máis facilmente.

Logo o de Vigo e que é asi: enfrente da miña casa está o hipermercado e, á sua beira, a maior miséria social. Pola ventá podes ver cultivos de millo e vacas, o mesmo que Balaídos ou a Citroën. Vigo como un toto é algo curioso e eléctrico.

Polo demais eu vivo persoalmente Vigo dun modo distante. Apenas si saio da casa. E toda esta movida que se montou aqui xúlgoa deleznábel, aborridísima... Vigo, a certas horas da noite, parece unha peluquería.

O que si posuo é a fascinación da cidade. De fenómenos tan curiosos como Leri ou a organización do campeonato de fútbol de praias.

Ti pasaches da pura escrita á formas de expresión máis cercanas á noción de espectáculo, mesmo vaste meter agora no terreno do video...

Si. Non obstante considero que a base fundamental do meu traballo é o texto. Se uso diapositivas, música, pintura, etc., eses elementos teñen a sua raiz no texto.

Ocorre, iso si, que eu me vivo como artista, como artista escritor. Mais, certamente, é sintomatico que as miñas relacións persoais se realizan máis ben con pintores e músicos do que con escritores.

Na decisión de montar espectáculos hai algo, quizá, de preocupación por acercar a literatura a públicos amplos, de sacar o idioma, o galego, de ámbitos limitados?

Ben. Por unha banda sucede que a série de traballos que estou a facer son unha continuación, desenvolvida, dos meus plantexamentos.

Por outra, e como usuário da lingua, eu teño, naturalmente, preocupación polo futuro do galego, cuxo porvir resúltame, cando menos, incerto.

E despois isto de ser profesor de galego: é como ser **ertzaina**. Os profesores de galego somos a policia autónomia da diglósia, estamos aí para disimular...

No tema teu dos esquimais eu percebo un alegato contra este proceso de indixenización que vivemos, contra este sentirse un *zombie*, un alienado, como un tio que di cousas moi raras, que deberian de ser naturais pero soan como moi raras...

E o que ocorre. Eu reclamaria unha reserva. E unha cuestión de direitos humanos. Aqui hai uns raros que falan asi, estrañamente. Pois que vivan xuntos, a ver se non sofren, asi, de melancolia.

Polo demais, nas miñas referéncias tamén hai fascinación pola diversidade do universo, pola existencia de cousas tan incríbeis e que vas, colles un avión e en duas horas te pos nelas... enfin.

Cál é a tua opinión sobre os cámbios no panorama poético?

Non sei. O que pasa é que imos vellos. Os Rompentes imos vellos. O que nós facíamos vai contra-corrente.

Nas últimas semanas as miñas reflexións sobre a literatura contemporánea leváronme á conclusión de que eu estou contra Tagore, contra Rabindranath Tagore. Contra esas cousiñas tan claras, tan simples que alumean a vida das persoas.

O que se leva agora é Tagore. A lírica pola lírica.

O teu espectáculo. Ao que eu conceptuo como cercano ao *pop posue*, non obstante, un certo aspecto de padecimento do que carece certo revival pop madrileño.

Nós, en princípio, non sabíamos o que ia pasar con el. Se ia ser recebido como un concerto de música contemporánea, ladrillo, aborrido. Temíamos reaccións desfavorábeis do publico.

Logo sucedeu que si, que a xente rise moito, que ten un aspecto frívolo.

Sexa como queira, hai, na miña obra, unha constante, non de humor mais si de ironia. E creo que a ironia ten sempre algo de dramática.

Certos sectores utilizan, polo demais, este aspecto risíbel do meu traballo para aparcalo, para dicer "si, é divertido, mais isto non ten nada que ver coa cultura"

Está situado nas antipodas do literato que vive a sua condición case misticamente. Parece asombrado. Do que se asombra é de que, un dia, tomase a decisión adulta, perversa (e que é, totalmente, unha impostura) de ser artista escritor.

O que eu creo é que el se cura do existencial mediante "eses xogos de pirotécnia efectista que poden causar risa e a deben causar, mais que non ten nada que ver co humorismo televisivo e, en todo caso, a culpa das saídas de tono tenas o rotulador" de reixa.

ANTON BAAMONDE
Fotos: CHUS GARCIA

Divagacións pretextando a Reixa

Ironicamente o paladin de vangarda de outrora contra o chamado realismo social atópase, agora, na palestra do acusado. Por ser pouco exquisito e incorporar a amargura do resentimento, planea sobre el a sospeita, actualmente xeralizada, contra todo aquilo que deixe amostrarse, na obra, ao aspecto social.

Realmente a obra que non eluda a sua condición de feito social vese actualmente agredida polo gritario dos que queren conservar imaculada a cultura para que non resoe nela o sofrimento: deste modo, os que pretenden que as obras de arte non simpaticen cos ofendidos queren eludir a obriga, que se lles reclama, de xustificar o seu compromiso co existente –e de xustificar, os que con infulas se chaman artistas, o valeiro estético e social das suas obras.

Asi, cun conceito autoritário de beleza, proíbese que o socialmente feo e doloroso se incorpore ao terreno do admitido como cultura: Non con outro critério certo, correa corridoira, pintor da cidade herculina, sulgaba un puro "bluff" o traballo de caricaturista de Castelao. Estamos nun tempo, certamente, en que da torpeza e dos ouvidos xordos a todo o humano faise apoloxia.

A respeito de A.R. Reixa e, independentemente da significación que se lle queira atribuir a sua obra, existen, na sua atitude, dous rasgos interesantes: o de desterrar a maldición contra o moderno e o de, simultaneamente, participar da indústria cultural. Ambos aspeitos son necesários ainda que o segundo é arriscado –mesmo desde o ponto de vista da configuración do artefacto cultural resultante.

No entanto, o auténtico problema que reixa lle plantexa á sua xeración –que tamén é a miña– reside en que ese compromiso co mundano e mesmo co institucional, afortunadamente lonxe da altivez doutros produtos culturais, pode, facilmente converterse, mediante formas de falaz pragmatismo, en compromiso co presente envilecido. Porque, como el escrebeu no seu momento "travestis somos todos os que de pequenos quixemos ser **toreros** e agora somos unha puta merda".

O importante consiste, precisamente, en manter esa dialéctica mora e estética sen superala polo lado voluntarista ou, ao contrário, polo da mera integración.

Non debe esquecerse, no meu critério, que a actual floración cultural pode non ser máis que a expresión da suntuosidade que, noutros tempos, acompañaba certos actos funerários.

A.B.

cine

O último de Almodóvar

Pois velaqui como unhas simpáticas personaxes, a viciña puta, a avoa drogota de água con gas, o pai falsificador de cartas de Hitler, a nai consumidora de anfetas, os fillos adolescentes fanchono o un e trapicheiro o outro, o escritor sen escrúpulos nen diñeiro, a escritora cleptómana de obra inacabada e inacabábel, o sexólogo abandonado pola sua amante e o policia impotente, van transformando ante os ollos do espectador a sua interrelación nunha sórdida traxicomedia de ratas arrabaldeiras que borrifadas por ese zudre que se chama a vida cotidiana buscan o maná, diñeiro diñeiro, soñando ao redor da raiola de sol que apesar de todo entra polo buraco do sumidoiro. E este Almodóvar, que xa non é aquel Almodóvar que cun grupiño de amigos largando parida tras parida fixera *Pepi, Luci, Bom e outras mozas do montón* coa intención de escandalizar ao respeitábel ensinandolle as suas almo(dova)rreiras nun cinema como o español acostumado a pubes depilados e perfumados, erotismo plauboyeiro para papainas, consegue con *Qué fixen eu para merecer isto?* un estimábel e divertido filme cunha boa criación de caracteres, enxeñoso manexo dos tópicos, verbais e visuais. E escandalizando, pero agora sen infatiloides cenas de sadomasoquismo de revista barata, senón mostrando iso tan patético e consumptivo que é a vulgaridade da vida no enxame do subúrbio. Pódeselle reprobar a Almodóvar unha planificación pouco coidada, a escasa orixinalidade dalgunhas personaxes-situacións, tomadas de acó e de acolá, do comic a Hitchcock pasando por si mesmo (o policia que non denúncia a posesión de droga xa aparecia en *Pepi...*). Pero, contodo, Almodóvar é un dos directores máis singulares que ten o cinema español nestes momentos, se non pola súa técnica cinematográfica si pola fescura das suas insólitas históirias, as cais, cando menos, rompen coa tópica personaxe do cuarentón burguesote de clase média en perpétua crise, tan querido dos múmios estamentalizados do cine español.

Qué fixen eu para merecer isto?
Dir.-guión: P. Almodóvar. Fot: Angel Luis Fernández. Inter: Carmen Maura, Gonzalo Suárez, Verónica Forqué, Emilio G. Caba, Amparo Soler Leal, Chus Lampreave (adorábel).

STRANGER THAN PARADISE

Ainda descoñecendo a traxectória profisional de Jim Jarmusch chega con ver cinco minutos de **Estraños no paradiso** para comprender que o rapaz ven do **underground**, porque se ben a história destes estraños (estranxeiros) no paradiso (USA) é vulgar (e aborrida) como a vida mesma, aparte dalgun toque irónico ou humorístico, moi outra cousa é a linguaxe cinematográfica. O filme inteiro está construido a base de planos secuéncia (non hai un só plano montado en toda a fita) separados por intervalos en negro. A fotografia (en branco e negro), de fortes contrastes e groso grao (tan de moda na vanguarda de hai anos), está feita con lentes de angular, e por tanto planos xerais (tamén non hai primeiros planos), e ten (case sempre) unha cuidada composición. Enfin. Moi ben de estética cinematográfica (talvez seria mais correcto dicer fotográfica xa que a cinemática vai en segundo lugar) que transmite perfeitamente a monotonia da primeira parte da história. Lástima que esta resulte tan frouxa. O filme de Jarmusch foi premiado este ano nos festivais de Cannes e Locarno, o cal, como todo ben amante do cine debe saber, no significa absolutamente nada.

Stranger than paradise. USA-Alemaña. 1984. Da vida cotidiana. Dir.: Jim Jarmusch. Intér.: John Lurie, Eszter Balint. Para cinéfilos.

TOP SECRET

Como a trama do filme vai de rockero americano en país comunista, pois podemos comprobar que desde os anos cincuenta aos argumentistas cinematográficos do tio Ronaldo non se lles ocorreu un só chiste novo sobre o comunismo. Pero cando a reata de directores esquece o oligofrénico tópico político e se centra no seu, na paródia cinematográfica, obséquian ao respeitábel con alguns estupendos **gags**. Non é "Aterriza como podas" pero divírtese un identificando os filmes parodiados.

Top secret. USA. 1984. De risa (sacado algun pedazo que é de puta pena). Dir.: Jim Abrahams, David e Jerry Zucker. Int.: Val Kilmer, Jeremy Kemp, Omar Shariff, Peter Cushing. Para amantes do cine, clientes, amigos e público en xeral.

AMERICAN GRAFFITI

American Graffiti é un filme que deu a coñecer ao director George Lucas, e conta as aventuras, case sempre sobre automóvel, duns adolescentes nunha noite de fin de semana na américa rockera do ano 62. Unha realidade moi moi lonxana para nós, porque aqui, no 62, os play-boys ainda andaban en vespa, e non todos. Moi interesante a música, hits do momento. Interesante tamén por ver a uns novísimos Dreyfus e Ford que logo se farian famosos noutras producións Lucas-Spielberg. Este filme orixinou unha cadea de fitas nostálxicas. Recomendada para saudosos dos sesenta.

J.A.M.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

Xan Carballa

O poeta Díaz Castro e o Outono

Xosé-María Díaz Castro anda perto dos setenta anos, por certo moi ben levados. E, como saben os nosos leitores, ún dos nosos grandes poetas. Naceu na Terra Chá, nos Vilares de Parga, tribu montesía, amparada e tutelada polas abas da Serra da Carba. Os Vilares de Parga son xa case fronteira da Terra Chá. Aínda que Díaz Castro se considera chairego. O seu verso: "O tempo vai de Parga a Pastoriza" atravesa, co seu engado e coa súa maxia, a toda a Terra Chá, de parte a parte. O seu idioma poético está broslado de palabras e xiros da Terra Chá. O seu único libro publicado, **Nimbos**, saiu a luz no ano 1963. Dende entón, moi de tarde en tarde, publica algún poema. Díaz Castro vive en Madrid, dende hai moitos anos. Polos vraus ven a Guitiriz. Non vai fica literaria. O poeta pasa polo tempo, calado e humilde, sin facer bruído. A súa vida transcurre, como si dixéramos, en voz baixa.

Este vrau pasado, forzado por ese home fabuloso que é Alfonso Blanco, Díaz Castro pronunciou o seu primeiro recital poético en Guitiriz, patrocinado pola **Agrupación Cultural Xérmolos**. Asistimos a él. Foi unha ledicia. Unha verdadeira leición de autenticidade. O pudor do poeta, a inseguridade e mesmo o nerviosismo, déronlle unha dimensión humana a leitura dos seus versos, que nos emocionou.

Despóis do recital falamos co poeta e con outros amigos de Guitiriz no **Bar Gaibor**. Daba xenio ollalo fumando os seus celtas sen filtro e bebendo as suas cuncas de viñiño do Ribeiro. Como debe ser. A súa actitude vital lembrounos a de Cabanillas. Estábamos a falar cun home e non con un literato. Quedamos maravillados. A conversa só puido ser unha toma de contacto. O tempo non deu máis de sí. Estaban presentes, entre outros, Alfonso Blanco e o irmau do poeta, Serafín, que tamén escrebe versos.

Dende Madrid, Díaz Castro fíxonos a caridade de enviar un poema seu manuscrito: **Canto de Outono**, datado en agosto deste mesmo ano. Ningún tema nos podía ser máis querido, nin estar máis perto da nosa sensibilidade. O poema chegounos no intre xusto, no que mellor podíamos recibir a súa mensaxe.

Escribimos entre o San Froilán e As San Lucas, no pórtico ou ridourado do Outono. A primeiros de mes, tódolos anos, sempre aparece unha ventalada de mal tempo::e ó que se chama **Cordón** ou **Cordonazo de San Francisco**, de breve duración. Despóis o tempo sosega. Áparecen mañás e anoiteceres fríos e días tépedos. O mundo madura e comenza a amarelear. Tempo feito adrede pro trato na feira do mular no San Froilán e logo nas feiras de As San Lucas, cando o mular se esportaba a Castela. Tamén era tempo de pasear e troulear. Os labregos sementaban o centeo, traballo que se coñocía co nome de **outonar**... ¡O Outono na poesía de Díaz Castro. ¡Tiña que ser. Inevitablemente. E non un Outono calqueira, senón o Outono que vai da romanidade de Lugo á latinidade de Mondoñedo. O Outono que vai do San Froilán a As San Lucas. Dende o requintado simbolismo de Luís Pimentel a inimitable gracia arcaizante de Alvaro Cunqueiro. O misterio polo que chega o Outono son os versos de Díaz Castro:

Chega o outono, meu ben, o
non rogado,
chega o outono.
Oubea o vento, están caendo as
follas,
están caendo os días,
está caendo todo.

Mais o Outono interiorizase e faise materia humana, arrolada pola música grave do bronce de dúas campanas que agora pasan moito tempo mudas: a luguesa **Froilana** e a **Paula** mindoniense. O falar do cobre ún lembra os viñedos que se están despindo das súas follas e ós carballos que terman das súas canto poden. Pro:

Chega o outono, meu ben, o
non pregado;
pro de sutaque chega como un
soño
de neno aínda non nado, como
un río
de froles e de froitos,
de álbores que inda non pratanmos nunca.

No poema de Díaz Castro todo é un puro, un fondo, un inevitable **outonecer**. Un anxo remata por sementar de rosas a tumba dos nosos soños mortos. Un preferiría que o poeta falara dos soños que morreron. Mais non imos entrar en matizacións.

A diferencia do que acontecía na mocedade de Díaz Castro e na mocedade deste que escribe, agora apenas se sementa centeo, é dicer: xa non se outona. porque pra servidor o Outono era tamén a terra aberta pra recibir o grau de centeo. Unha terra tépeda, doada e fumegante. As labandeiras ou labrandeiras, co seu rabo ergueito e o seu paso miudo e saltarín, iban, detrás do arado, na percura do verme ou da mioca de cada día, poñendo unha delicada nota de gracia, levedade e tenrura. O que non sei e si as labandeiras andan detrás dos tractores. Moito me temo que non. E posible que as espante o bruído dos motores e o cheiro a gasoil.

ULTIMAS NOVEDADES

A BASIC é unha linguaxe inventada polos informáticos para dicirlle ó ordenador o que debe facer, noutras verbas, para escribi-los "programas"

O autor transformouno nun gran xogo apaixonante e divertido. Un programa BASIC vén ser como o "xogo da oca" onde se poden recorrer itinerarios totuosos ou astutos atallos, idas e vidas extenuantes voando por riba de noxentas trampulladas (os famosos 'bug' ou erros de programación). Traducción: Xenaro García Suárez

COMO CALQUERA
OUTRO DÍA
camilo gonsar

Nesta novela, **Como calquera outro día** —espléndida biografía da xeración do autor—, nárrase un certo xeito de pasa-la Guerra Fría da década dos cincuenta: tomando como eixo do relato as voltas do protagonista ó longo dun día nos primeiros meses do 59, con lembranzas de anos anteriores ese día dominantes na súa conciencia.

Camilo Gonsar —imaxinador rexo e grande narrador, no dicir de Méndez Ferrín— foi distinguido, por outra novela de seu, **Desfeita**, co "Premio de la Crítica" correspondente a 1983

edicións xerais de galicia

Dr. Marañón, 10 Tlfs.: 296116- 296232 - VIGO - 11

fauna dos rios

M. CHOUZA/R. CID (SGHN)

Algaría



Coñecida en Galicia polos nomes de gato de algália, gato de algária, algária, furatoxos, garduña, marta, martaruxa e rabisaco. Destes nomes alguns danse confundíndoa coa marta e a foina.

Trátase dun pequeno carnívoro nopturno, omnívoro e bon gabeador. O seu corpo é lanzal, a cabeza é afiada e remata nun fuciño fino. Ten cola longa, con alternáncia de anelos claros e escuros. A pelaxe é dunha cor gris-cinza, salferida de manchas negras. E en conxunto un mamífero de aspecto alongado, moi áxil, que agatuña con facilidade polas árbores, non acadando no seu peso os 2 kg.

Dise que e unha heréncia do Islam, xa que foi introducida cando os árabes estiveron na Península, sendo orixinal de Africa e adaptándose perfeitamente ás condicións ambientais do país. Outra das espécies introducidas polos árabes foi o *meloncillo* ou mangosta ibérica, ambos os dous grácias á sua capacidade destrutora de roedores e outros animais dañinos, vivian cos árabes nas suas casas.

A algária habita nas fragas, vales e beiras dos rios, gostando das fragas umbrias de regatos, con moito mato e vexetación mesta, estando moi unida na sua distribución aos rios. Tamén pode vivir en monte baixo de abondosa vexetación.

A sua alimentación caracterízase por amosar un espectro moi amplo, pois que é un depredador oportunista con dieta xeralizada. Asi, mantense de roedores, coellos, polos e ovos de aves, páxaros, insectos e anfíbios. Caza ao acecho, movéndose entre a vexetación coa cola estarricada e o corpo gacho. Cando colle a sua presa píllaa cos dentes e garras anteriores, e se as presas son de certa talla, emprega tamén as patas posteriores.

E curioso nela o feito de posuir unllas semi-retrácteis, que só o son dun xeito completo no caso dun parente, o gato fero, que pertence a unha família paxonómica distinta.

En lugares elevados, onde a algária ten boa visibilidade, situa os cagarruteiros, estes soen estar en promontórios, pedras altas, valos, teitos de muíños, pontes nos rios e zonas semellantes. Nelas deposita os excrementos, deste xeito estes lugares dan información a outros conxéneres sobre se a zona está ou non habitada por algárias, e por cantas. Os excrementos son moi característicos, alongados e delgados, con aspecto de guata.

Os membros da Sociedade Galega de História Natural dedicadas ao estudo dos vertebrados de Galiza, sérvense destes excrementos para saber da preséncia desta espécie e estudar a sua alimentación, na que destacan entre outros roedores a preséncia do leirón careto (*Eliomys quercinus*).

A algária e o *meloncillo* son os únicos representantes da família dos vivérridos. O *meloncillo* cítao o estudoso López Seoane, no seu pequeno folleto titulado "Notas para la fauna gallega", escrito no ano 1878, ou sexa posterior á sua "Fauna mastozoológica de Galicia" do 1861. Di éste autor que hai un indivíduo desta espécie disecado no Museu de Ciéncias da Universidade Compostelana (hoxe Museo Luís Iglesias). Este exemplar ao parecer procede da Labacolla. Tamén outro estudoso da naturaleza, Paz Graells, o cita na nosa terra. Actualmente, se é que realmente algunha vez viviu en Galiza, o *meloncillo* atópase extinguido.

Volvendo á algária, podemos dicer que ten a sua madriguéira nunha árbore, elixindo o toro dunha antiga, onde o paso dos anos fixese aparecer zonas apodrecidas e buratos. Debido á sua constitución anatómica, non está adaptada para construir furas ou galerias no chan, e por iso ten que valerse dos furados naturais.

No aspecto reprodutor, as fémias paren tres descendentes, despois de dous meses de xestación, nascendo unha só camada cara Abril ou Maio. Segundo parece, poden criar todo o ano, pero teñen un máximo en primavera e outro en Outono.

Se son criadas desde novas, domestícanse moi ben, e cumpren á perfección o papel dun gato nas casas; niso insiste moito Vítor López Seoane na sua 'Fauna Mastozoológica', xa que este insigne zoólogo galego tiña certa inquina aos gatos.

Este fermoso animal podémolo ver abondosamente disecado en bares e casas particulares, polo que debe ser, despois do raposo, o mamífero máis frecuentemente embalsamado polos taxidermistas galegos. A pel é moi belida, vémolas, ás veces, a venda en feiras.

A algária pódese ver por toda Galiza en numero alto, ainda que vai sendo mirrada dia a dia pola caza que se lle fai. Trátase dun animal de costumes soligários e nocturnas, e iso pode facernos pensar que está menos representada do que é a realidade.

os nomes dos lugares

C. VARELA

Os "infernińos" galegos

Hai en Galiza moitos nomes de bairros que levan o nome de **infernińo**; velai o caso do santiagués que está por tras do Pazo de Raxoi, tamén no Ferrol ou na Póvoa do Caramiñal.

Sobre esta denominación dos bairros das cidades galegas dase unha curiosa interpretación que relaciona este nome de **"infernińo"** cos antigos bairros medievais dedicados á licencia sexual, que se desenvolvia no que hoxe é a zona vella dos nosos burgos, e pólo tanto nos arredores das catedrais, que representarian o recinto sagrado en contraste coa parte lúdica e sensual da vila, que levaria o condenatório nome de **"inverniño"**; (certamente un inferno familiar, un inferno livián, e galego, como indicaria a afectividade do seu diminutivo).

Este argumento cai en defeito se reparamos en moitos prédios rurais, veigas e montes, que tamen levan nomes como VAL DO INFERNO, e nos que non habia nengun bairro, nen santo nén pecaddor.

Unha dicotomia semellante aparece nalgun autor, que opón os lugares chamados **Infernos**, que caracterizan como lugares ermos e de difícil aceso, aos que levan o nome de **Paraísos** que descreben como sítios, férteis e axardinados.

A lor disto, noutro número de ANT. xa mantivemos a opinión de que os lugares chamados **Paraísos** ou **Paraixais** deben o seu nome, máis ben, á existéncia de **paredes** de pedra ou mesmo de pedreiras, mellor que á dozura do lugar.

Parece o máis correcto supor que se trata de lugares situados nas partes baixas e daí o **"Infer"** latino, do mesmo xeito que o inferno das ánimas se supón que está na parte inferior, no centro da terra.

Asi pois, o noso topónimo **"Infernińo"**, nada teria a ver co pecado, nen cos lugares inóspitos, senón que seria unha referéncia a sítios con nivel de terreno máis baixos que os do seu entorno.

libros

XESUS GONZALEZ GOMEZ

OBRA LITERARIA COMPLETA, de Rodolfo J. Walsh. Siglo XXI de México. 484 páx. 1875 pta.

Walsh, militante desaparecido (sic), é autor dunha reducida mais importante obra literária: narracións e teatro. Como narrador dase a coñecer cunha série de relatos policiais dos que logo renega (están recollidos aqui). Nestes relatos policiais vemos como Walsh domina perfeitamente a técnica sherloholmiana. Dos outros relatos (deixando de lado o teatro: textos de transición) salienta "Un oscuro dia de Justicia" sen deixar de lado "Esa mujer" –variación sobre Eva Perón. Recomendábel absolutamente, só falta esperar que algun editor dé a obra xornalística (?) completa de Walsh, da que sobrancea *Operación Massacre*, sobre militantes peronistas fusilados no 1955, cando a Revolución Libertadora. E tamén, parece ser, a sua carta resumo dun ano de poder da Xunta Militar arxentina enviada a esta o 24 de Marzo de 1977. Ao dia seguinte era Walsh secuestrado e del nunca máis se soubo; segundo García Márquez, a tal carta "quedará como unha obra mestra do periodismo universal".

LOS OJOS DEL BOSQUE, de Julien Gracq. Editorial Anagrama. Barcelona, 200 pax. 900 pta.

Tradución da novela de Gracq *Un balcon en forêt*. Longo poema surrealista no que a natureza (o bosco das Ardenas), o amor (Moana) e máis a história (a segunda guerra mundial) levan ao protagonista, un alférez de complemento (Grange) a se destacar daquilo que procuraba e nunca encontraba: era o *lâchez tout* de Breton, o deixádeo todo. Maravillosa novela, recoméndase a quen domine o francés e se poda facer con ela que a lea no idioma orixinal, e non porque a tradución dos Conte sexa mala, senón porque é tan intraducíbel como inexplicábel (como toda grande poesia). Esta é a segunda novela de Gracq que se edita en pouco tempo en español (*A costa das Syrtes* foi publicada hai pouco por Seix Barral, existe unha bela tradución portuguesa de Pedro Tamén publicado por António Ramos Editor) e esperemos que axiña vexa a luz a sua primeira novela *Au chateau d'Argol*. Gracq é o primeiro autor "clásico" que asimila totalmente o surrealismo.

POESIA GALAICO-PORTUGUESA, ao coidado de Josep Maria Llompart. Col. Les millors obres de la literatura universal, nº 36. Edicions 62, Barcelona 1984. 266 páx. 280 pta.

Compre falar longo e tendido desta escolma de poesia galega traducida –con moi bon siso e sabiduria– por Josep Maria Llompart. A escolma chega (por razóns editoriais) só até 1900. Llompart fala das dificuldades en canto ao situar alguns poetas que terian tido que ir e que non van, sobretodo o portugués Camilo Pessanha. O libro consta dunha escolma da poesia medieval galego-portuguesa e da portuguesa desde o século XV até 1900, coa inclusión de Rosalia, Pondal e Curros. Un total de 52 poetas e un anónimo. A primeira escolma de poesia galega feita en catalán, que contaba cun antecedente do mesmo Llompart: **Quinze poetes gallecs**. Unha boa tradución e unha asisada, ainda que sempre –como todo– discutíbel, selección a cargo dun home que ama a Galiza: quer dicer, ás suas xentes e aos seus poetas. Agora só cabe esperar o segundo volume.

músicos de galiza

XOAN. M. CARREIRA

Juan José Mantecón

Crítico musical, pedagogo e compositor (Vigo, 1896-Madrid, 1964). De formación musical autodidacta, realizou estudos universitários de Filosofia e Letras e Direito, exercendo como funcionário do Ministério de Facenda. Tras da Guerra Civil foi separado da función pública definitivamente. Pasou os seus últimos 25 anos sobrevivindo gracias ás clases privadas de canto e música, logrando publicar alguns manuais de bastante circulación, especialmente o Tratado de Harmonia.

Desde os primeiros anos vinte foi o crítico do vespertino madrileño "La Voz", sinando co seudónimo "Juan del Brezo". Os seus artigos asoman unha amplísima cultura musical e humanística, e patentizan unha honestidade a toda proba e necesariamente pareceron discordantes na sociedade musical do momento, ao defender as inovacións estéticas e a necesidade de renovación da vida musical española. De miúdo é considerado unha figura paralela a Adolfo Salazar, crítico de "El Sol", se ben son apreciábeis diversidades de critério entre os dous persoaxes. Mantecón publicou numerosos artigos en "Faro de Vigo", tendo o Museu de Pontevedra unha boa colección dos mesmos. O estudo das críticas de Mantecón –interrumpidas pola Guerra Civil– é esencial para o coñecimento da música española da época.

Mantecón é o fundador do "Grupo de Madrid", que certos historiadores denominan "Xeración da República" ou "X. Musical do 27" nunha orteguiana busca de estéreis parentescos. No "Grupo" estaban Rosa García Ascot –esposa de Xesus Bal e única discípula de Falla–, Salvador Bacarisse, Julián Bautista, Ernesto e Rodolfo Halffter, Gustavo Pittaluga, Fernando Remacha e Mantecón. Deles non se exiliaron Ernesto Halffter –que tornaria en incondicional franquista–, Fernando Remacha –que até os anos 60 teria de viver como dependente de ferretaria, "sendo perdoado" e nomeado directoř do Conservatório de Pamplona– e Mantecón –que non chegou coñecer o "perdón".

Mantecón é o autor máis descoñecido do "Grupo de Madrid" e na actualidade ignórase o paradeiro da sua música, e non se sabe se compuxo con posterioridade á Guerra Civil. Parece que era o máis radical partidário do neoclasicismo afrancesado que caracterizou o seu "Grupo". O catálogo coñecido de Mantecón consta de "Quinteto", e "Circo" (1923); "Parada" (1928) –para repercusión, trompeta e contrabaixo–, "Canción de la tarde" (1930) –para orquestra de cámara–; "Trío" (1930) –para harpa, flauta e violoncello–; "Cuarteto" (1931); Música para el entremés de la rabia"; "Caja de pasos"; "Españolada" e "2 Sonatinas" para piano. Tamén numerosas cancións que forman unha colección iniciada en 1930 sobre textos do Marqués de Santillana e remata con "!Oh dulces prendas" sobre un soneto de Garcilaso.

Guieiro

verbas cruzadas

X.M. ALDEA



Horizontais: 1.–Tres palabras, obra poética de Alvaro Cunqueiro. 2.–Rebaixa os instrumentos polo corte. Mostrar ledícia coa cara. 3.–Ringleira, fileira. Do latin, paz. Televisión italiana. 4.–Interxección usada para animar ao gando. O que resulta de cada anaco de touciño despois de frito para tirarlle a grasa. Sesenta para os romanos. 5.–Home sen deus. Osíxeno. Conxunción para denotar oposición entre duas cousas. Vogal. 6.–Orgao da vista. Cor resultante do azul e o vermello. 7.–Cero. Vogal repetida. Flúor. Pano utilizado nas embarcacións para aproveitar a forza eólica. 8.–Antiga cidade de Caldea. Barrotes de ferro para impedir o paso por un oco ou fiestra. Letras nas embarcacións brasileiras. 9.–Pronome persoal. Lista, nómina. Fano as abellas. 10.–Os que resultaron sen feridas nun acidente. Rinche os dentes. 11.–Roedores. Depósito natural de água dóce.

Verticais: 1.–Cada unha das subidas e baixadas do mar. Receber os sons. 2.–Que ten costume. Pequena división de terra sementada de xeito diferente ao resto da leira. 3.–Entrada do mar na terra. Pronome persoal. Terceiro dos fillos de Adán e Eva. 4.–Abreviatura de "autores". Moverse un corpo dando voltas. Só, único na sua espécie. 5.–Nada. Matrícula galega. Vogal. Deus grego do amor. 6.–Saxofón. Con eles cósese. 7.–Impresión desagradábel causada por algo repugnante. Abreviado, "litro". Para os romanos, cuarenta. Décima letra do alfabeto. 8.–Matrícula galega. Recén casada. Deus exípcio do sol. 9.–Consonante triplicada. Cheira. Avión soviético. 10.–De cada dia, adxectivo. Pálido, sen cor. 11.–Ergo un edifício ou monumento. Impróprio, estraño, que é doutro, feminino.

Solución ao Verbas n. 258

Horizontais: 1.–Manuel Maria. 2.–Atallar. Arp. 3.–Tase. N. Cera. 4.–E. Amo. Ferir. 5.–Rr. Arreo. Te. 6.–Nen. F. D. Val. 7.–Ip. Aereo. Rl. 8.–Doado. Rrr. A. 9.–Alén. R. Riad. 10.–Dor. Esnafro. 11.–Esborronear.

cine

Escolma de películas a proxectar entre o 6 e o 21 de Decembro.

A Coruña
'A colmea" (Valle-Inclán)
'Pascual Duarte" (Valle-Inclán)

Vigo
"A fuga de Segóvia", de Imanol Uribe (Minicine)
"As noites de Caviria" (M. Centro)
"A lua", de Bertolucci (M. Centro)
"O xovenciño Frankestein", de Mel Brooks (M. Norte)
"1984", de John Hurt (M. Norte)

Ourense
"Dersu Uzala" (Pequeno Cine)

Santiago
"A eleición de Hanna B." (Valle-Inclán)
"Morte en Venécia" (Valle-Inclán)
"Lola", de Fassbinder (V. Inclán)

Novo cine alemán

A comisión de cine do CUVI (Colexio Universitário de Vigo) ven organizando, en colaboración coa Cinemateca Alemana de Madrid, un ciclo de **novo cine alemán**. As películas proxéctanse no Auditório do Centro Cultural da Caixa de Aforros (Antigo Rosalia de Castro).

–Dia 7 ás 17 h. 'Alicia nas cidades', de Wim Wenders

–Dia 11 ás 20 h. 'A pureza do corazón', de Robert van Ackeren

–Dia 14 ás 20 h. 'Cenas de caza na Baixa Baviera, de Peter Fleischmann

A entrada é libre.

Asistentes sociais no Concello de Vigo

O equipo de asistentes sociais do Concello está xa a traballar recebendo ao público na própria Casa Consistorial e desenvolvendo un Plan Piloto de Acción Social Municipal en tres bárrios de Vigo.

Maria Dolores Alonso é a Asistenta Social encarregada da información xeral. O seu horário é de 8 a 15 na primeira planta do Concello. Maria Paz Fernández é a responsábel de pór ao dia e reorganizar o Padrón de Beneficéncia.

Maria Xosé Thomas é a responsábel da Acción Social Sectorial. Os luns receberá os minusválidos físicos, psíquicos ou sensoriais, os martes ás minorias étnicas e estranxeiros, os mércores atenderá toda a problemática relacionada coa nenez e coa muller e os xoves aos anciaos. O horario de atención ao público é de 10 a 2.

Cursiño de Gaita e Danzas para profesores de EGB

Organizado pola Escola "Toxos e Xestas de Barcelona".

1.–O cursiño iniciará o 24 de Decembro e findará o 5 de Xaneiro-85.

2.–As solicitudes deberán receberse antes do dia 15 de Decembro, dirixidas á Escola "Toxos e Xestas" Apartado 85 08080 Barcelona. Teléfono (93) 3319686

3.–A Entidade organizadora porá á disposición dos interesados todo o material didáctico necesário.

4.–Asimesmo poderán dispor do arquivo de partituras da Escola.

5.–Na solicitude deberá facerse constar o enderezo, teléfono, ou o mellor xeito de comunicación.

publicacións

Matacán

A Asociación cultural da Estrada tira á rua o número cero da sua revista "Matacán". A publicación inclue un editorial sobre o V aniversário da Asociación un espácio dedicado a Xoseme, o poeta; un artigo de Xosé Manuel Martínez Oca titulado "Lembranza do lobo", artigos sobre música, a gaita, etc.

O Consello de Redacción da revista proponse "criar no paciente unha inquedanzas intelectuais, uns incentivos literários e filosóficos, un desexo de conhecer a realidade en que vive, etc... que persegue en última instáncia vencer ao maior inimigo da cultura: a televisióm, tentando substituila polo pensamento próprio sen prévia planificaçóm institucional".

Nova revista en Caracas

Chegou ás nosas mans o número 51 de Xerme, o xa veterano voceiro da Asociación Nova Galiza(NOGA) de Carácas

Vense de criar tamén unha nova editorial co nome de O Chan. A sua principal actimidade será o lanzamento dunha revista. Para esta nova publicación necesitan abundante material, indicando que os artigos serán pagados. A revista sairá mensualmente, con trinta e seis páxinas. Os interesados en colaborar deben porse en contacto con: Asociación Cultural Nova Galiza (NOGA) Apartado 70.608. Zona Postal 1071-A Los Ruices-Caracas, Venezuela.

Escrita n. 5

Xa está á venda o número 5 da revista "Escrita", editada pola Asociación de Escritores. A portada está dedicada a Xohán Casal contén ademais unha entevista con Amália Rodrigues realizada por Margarita Ledo diversos artigos (sobre a lei de normalización lingüística O teorema de Gödel, Kafka, e Dostoievski Tintin e o Centro de Ottokar, etc.) asi como páxinas de criación. O deseño do número pódese considerar superior ao dos anteriores.

anúncios de balde

Quen desexe obter posters, catálogos ou postais da I Fotobienal recén clausurada en Vigo, pódese dirixir ao apartado 1264 desta cidade.

ESPECIALIZADA EN LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES

libraria couceiro

PRAZA DO LIBRO
Tfno.: 26 63 77 CORUÑA

actos

Conferéncia sobre Castelao

O dia 7, ás 21,30 h. na Biblioteca Municipal de Vila Nova de Gaia: Conferéncia sobre Castelao pelo Senador galego D. Valentin Paz-Andrade. Org. do Centro Cultural Luso-Galaico do Distrito do Porto, em colaboraçao com a Biblioteca Pública Municipal, Gabinete de História e Arqueologia e Associaçao de Escritores de Gaia.

Semana da O.N.C.E.

Martes dia 11 ás 10 h. Abertura da Exposición de Material Especial para cegos.

Mércores dia 12 ás 19.30 h. Mesa redonda sobre o tema 'A educación do neno cego'.

Sábado dia 15 ás 20 h. Actuación das corais: Polifónica moañesa, Polifónica de Castrelos, Coro Clásico de Vigo e Coral Polifónica de Viana do Castelo.

Todos estes actos terán lugar na sá de exposicións e auditorium do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n.

III Xornadas Agrárias

Plazos

Todas as persoas que vaian enviar comunicación deberán dicirlle o título a este Comité Organizador antes do dia 31 de Xaneiro de 1985, co obxecto de confeccionar o Programa, asi como antes do 20 de Febreiro, dese mesmo ano, deberán enviar un resumo delas de dous fólios –a doble espácio por unha só cara– como máximo.

O idioma a utilizar será o galego, si ben en caso de moita dificuldade, para empregalo traduciríao o Comité organizador.

Todas as comunicacións e ponéncias serán feitas por escrito e abonda con entregalas o mesmo dia das Xornadas.

Matrícula

Para inscreberse chega con enviar nome, enderezo e profisión a: Xornadas Agrárias Galegas, Apartado 595, 15080 A Coruña, e ingresar 500 pta. na conta corrente 11522/5, Caixa de Aforros de Galicia, oficina principal, A Coruña.

Libros das I Xornadas

Saiu xa editado o libro das I Xornadas Agrárias. Todas aquelas persoas que participaran nas Xornadas anteriores poden conseguilo gratuitamente chamando a: Eliseo Miguélez, teléfono 587300 de Compostela; Ramón Muñiz, 284111 ext. 30 da Coruña, ou Eloi Villada, 216540 de Lugo; todos polas mañás.

Fallo do concurso de traballos escolares

Para decembro: "AS CANCIONS QUE MAIS ME GOSTAN"

Desta volta non damos prémios á primeira categoria (6 a 10 anos), parece que aos nenos e nenas desta idade resultoulle un pouco difícil o tema de "O libro que estou a ler".

Felicitamos logo á premiada na segunda categoria: Mª Luisa Riobo Paz de 12 anos. E xa vos informamos que para o mes de decembro o tema é "As cancións que máis me gostan". Animo !!

Redacción.

O LIBRO QUE ESTOU A LEER:
MITOS E LENDAS DA ANTIGA GRECIA:

Cada vez que se lee un libro, ponse de manifesto a súa expresión: unha expresión violenta, enoxada, unha expresión doce, musical, unha expresión átona, sen sentido...

Se ti estás separado, soio por un cristal da tormenta que ruxe fora, e alumeado cunha mísera luz de vela, e abres cuns dedos tembloroses as páxinas brancas e negras podes, se non e imaxinar, ler unhas historias magníficas. Non dan medo, non é necesario afianzarse a outra persoa, e berrar, e ter pesadillas. Non. Tampouco fan chorar, nen fan rir. Soio fan sentir unha emoción especial que nace de dentro. Fan sentir/un respeto maravilloso hacia o reino dos ceos: O Olimpo.

Se ti estás cara ó sol, nun xardín acolledor, escoitando o ruido dos paxariños, e aspirando o delicioso perfume das flores, e colles o libro, e abres unha das súas páxinas con vitalidade, podes sentir Hera nos xardín do seu palacio dos ceos, ou Atenea, ou Artemisa cazando nos bosques do reino olímpico.

Se ti, acurrucado contra unha das pedras da costa, cheo de frío, esperando a chegada dos barquiños da [illegible], escoitando o berro agudo das gueivotas que anuncian o mal tempo, sacas o libro, e comenzas a lelo, sintes o calor que che invade pouco a pouco, un calor espiritual, coma o dos fogos do reino de Hades, ou o de o amor de Orfeo por Eurídice. Pouco a pouco sentirás ganas de sorrir, inda cando os barcos non teran chegado.

Pero se ti estás nun bosque perdido, e sacas o libro, poderás escoitar o sonido da lira de Apolo. E, se sigues escoitando, verás que o sonido sae do libro, non do bosque, e que Apolo chora de verdade, e Zeus ordea de verdade e Deméter grita de verdade, buscando a Perséfone.

Se ti non queres escoitar nada de isto, pecha o libro, e a fantasía, as aventuras perigosas, de amor e de amistade e valor deixarán de existir. Non debes facelo. Non debes pechar o libro. Debes telo sempre aberto se queres ollar ben dentro dos deuses...

Se ti queres ser un deus, unha fiel Penélope en espera do seu Ulises, ou unha laboriosa Aracné tecendo as doce divinidades do Olimpo, ou un Amigo dos Homes, leelo, ten sempre abertas as súas páxinas, na túa mente e no teu corazón.

Mª Luisa Riobó Paz

Mª Luisa Riobó Paz 7º C 12 anos. C/Ramón Cabanillas nº 3. Moaña.



TODA A SUA VIDA E TODAS AS SUAS FORZAS FORON ENTREGADAS AO MAIS FERMOSO DO MUNDO: A LOITA POLA LIBERACION DO SEU POVO, DA SUA TERRA

SANTI BROUARD
PATRIOTA BASCO ASESIÑADO
20.11.84

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SANTIAGO

A NOSA TERRA

alguén, no faiado

Máis madeira

MANUEL RIVAS

Firuco Turnes pillou a primeira gripe da tempada xusto o dia da folga xeral. Non foi cousa psicolóxica, que nestes casos ataca o fluxo de ventre. Foi unha gripe coerente e probabelmente autóctona, que Turnes curou como os señoritos, con champán, mandarinas, filloas con mel e ponches de leite.

Fastidioulle, noustante, este contratempo que o tirou na cama tres dias. A competencia está moi dura para os detectives galegos que traballan por libre desde que os narradores do país descobriron as excelencias do xénero policíaco. As novelas galegas dos sesenga estaban protagonizadas por labregos asoballados, as dos setenta por obreiros explotados, e a década dos oitenta vai ser a dos detectives calvos e galegos. O outro dia pasou por diante do despacho dun editor e encontrou facendo cola a catro ou cinco escritores disfrazados de detectives. Grave erro porque a novela negra periférica aportará seiva nova na medida en que se meta no pelexo do delincuente e non do policia.

Turnes aproveitou o forzado repouso para escoitar a radio, mirar a televisión e ler as solapas das novedades literarias. E tamén para estudar alguns informes chegados por vias infames pero enteradas. Segun os mesmos, no mundiño cultural a cousa está que arde. Desde o parricidio consumado por Ferrín enTagen Ata, nunca estiveron os ánimos tan encirrados. O cabreo do ciclón Alcalá, despois do Hortensia e o Klaus; os anónimos contra Xesus González, que irrumpiu coa sua pluma Excalibur revitalizando con pasión a crítica galaica, para conmoción dos templagaitas...

Ao tanto das faladurias, Turnes esbozou un sorriso nada virxinal. As literarias e as de flores son as únicas guerras que pagan a pena.

Volver ao rego

Dician os de Siniestro Total, no número anterior de A NOSA TERRA, que o galego non se prestaba para o rock.

Non sei se pensan que a nosa língua non é dura dabondo, ou se é que creron iso que nos contaban de que "el gallego es una lengua dulce y morriñosa". Pois ben, o galego é moito máis do que nos pode facer crer Ana Kiro.

Os idiomas son grandes, vivos e desenvolven as suas potencialidades nen máis nen menos que segundo a función que lle queiran dar aqueles que os falan. Desde logo, nunca son algo cerrado e unifuncional, senón variado e cambiante.

Acaso pensan que é igual o inglés de Shakespeare ou de D.H. Lawrence que o de Mick Jagger ou o dos Sex Pistols.

En todo caso, se o inglés pega mellor co rock, non é unha identificación maior que a do rock coa cultura anglosaxona. O rock, é certo, correspóndese máis con ese modo de vida. Por iso quen xustifica a necesidade de facer música rock en Galiza tamén debe xustificar a utilización do idioma galego.

R. PULIDO (Vigo)

A esquerda. en primeiro plano, Xesús Campos -cronista social- pelexa co lacón baixo a mirada de "Gladys" Ripoll. Enfrente Fernando Domonte, beatífico e satisfeito, e Begoña Moa mira ao ceo, como José Marti. Xa na sombra o 'locutor' António Ojea.

Xosé M. Palmeiro, hierático en primeiro plano. Suso Vega que só atende ao lacón. Cesar Cunqueiro collido de solpresa. Ao fondo alguén que non soupemos identificar.

De esquerda a direita, Mário López Rico, Alfonso Rivas e o alcalde de Cambados. Qué comentar?. Semellan felices.

O que brinda é Xurxo S. Lobato. Seguindo instruccións permaneceu tranquilo sen facer fotografias. Tirámoslle a febre por unhas horas.

Ferrin, pillando o habano con arte castrista, ,parece dalo por entendido... Xesús Campos -champagne en ristre- observa indolente.

250 persoas xuntou este VII aniversário.Unha asisténcia heteroxénea que afinal disfrutou co arte sobrecolledor de Don Ricardo Portela, o asombro máxico de Antón López e a delícia do canto e a música de Jorge Lomba.

Feliz cumpleanos A.N.T.

XESUS CAMPOS

A miña oculta vocación, confésoo é a de cronista de sociedade. Disfruito como un enano memorizando coas crónicas galantes de Jaime Peñafiel, coas reportaxes de Santy Arriazu e cos cotilleos capitalinos da sen par Maruxa Olavide. Un que é provinciano, tense que conformar con facer de porteira nun semanário nacionalista, en lugar de encher páxinas con chismes, dimes e direites no Garbo ou en Diez Minutos.

De maneira que cando me enterei da celebración do sétimo aniversário (non confundir con cabo dano, que é o que celebran os xornais centenários), acudin veloz aos feudos do compañeiro Soto para celebralo e celebrarme tamén con tanta cara coñecida e tan píngüe lacón. Ademais, era grátis.

Xunto a Suso Vega, que chegará a vello conservando esa cara de neno díscolo e picarón e frente a António Ojea, a quen confundin cun comentarista deportivo radiofónico, atopei unha excelente atalaia para contemplar privilexiadamente o movimento de mesas e comensais, de famosos, célebres, anónimos e saudadores noitébregos, e os seus ollos, diversos no aceno, segundo cada quen, diante do suculento primeiro lacón da temporada.

Mentres Ferrín disimulaba as consabidas adulacións dos comensais máis próximos, debullando o exquisito manxar, Bernardino Graña aplicaba o seu máis dióptrico ollar ao prato, encarnando máis unha vez ao Hergiano profesor Tornasol, pero sen péndulo, apesar de que máis dunha Castafiore autóctona rondaba nas mesas de arredor. Ramiro Fonte engadia quilos extra ao seu novo e patriarcal perímetro, mentres Paco Rodríguez, *del salón en un ángulo oscuro*, aplaudia con ganas a brillante actuación do mago Antón López.

A melancólica atmósfera dun precioso fado centrou a nosa atención no capiloso catedrático Beiras, quen situado baixo un elegante *chapeau* escuro, discutia con énfase ignoro se a alternativa estatutária para a Universidade galega ou a oriundez galega dos grelos, algo dóces de máis.

Entre dinámicos camareiros e infinidade de comentários de todo tipo, máis afiados canto máis valeiras ian quedando as botellas de Condado, Pucheiro, Manolo Veiga e os demais responsábeis desta aventura xornalística sacrificaban a continuidade do bolo alimentício en aras dunha perfeita organización do banquete.

Sete anos contra corrente nesta subcolónia oceánico-biafreña pagan a pena de polo menos xuntarse arredor dun bon lacón. Porque aguantar ergueito o mastro da liberdade de expresión nesta reserva autónoma ainda por romanizar é, como din os cinéfilos, unha *empresa de titanes*.

Unha boa festa para unha boa prensa. Lástima das auséncias non xustificadas: Augusto Assía e señora, Franqueira, Albor e, por conseguinte, Karina... e tantos sen os que esta heróica aventura teria sido imposíbel.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SANTIAGO